





# azulejos ROJAS

PRESENTA:



*El Todo Terreno*



MAPI - STELL: El gres acerado que, por su BELLEZA y DUREZA, le ofrece una amplia gama de posibilidades: parques y jardines, paseos, aceras, polideportivos, garajes, rampas, duchas, aseos, industrias en general etc.

## CERAMICA




**CARBALLO**  
CAMINO NUEVO, 13  
TELEFONO 70 18 06

**LA CORUÑA**  
AVDA. DE NAVARRA, 5  
TELEFONO 20 12 86

**LA CORUÑA**  
POLIGONO MESOIRO  
TELFS. 29 40 94 - 28 88 54

**FERROL**  
NUEVA DE CARANZA, S/N  
TELEFONO 31 67 73

# Edificando Galicia





**DRAGADOS  
Y CONSTRUCCIONES, S.A.**



**sgv**

SOCIEDAD ESTATAL




---

sgv

SOCIEDAD ESTATAL

---



*Lledó* iluminación, s.a.



...

e creouse a luz

R/ MONASTERIO DE CAAVEIRO, S/N  
TELEFONOS (981) 26 25 04 - 08  
TELEX 82.269 LLIC-E • A CORUÑA



**norquimia, s.a.**

*Técnicas de Vanguardia*

**FABRICA:**

**NORQUIMIA, S. A.**

Polígono Industrial de Sabón  
Parcela 143 - Nave 6-A-7  
Teléfono (981) 60 18 99  
Telefax (981) 60 18 07  
15142 ARTEIJO - La Coruña

**OFICINAS:**

**NORQUIMIA, S. A.**

Durán Loriga, 9 - 6.<sup>o</sup> C  
Teléfonos (981) 22 80 04 - 22 81 04  
Telefax (981) 22 80 22  
15003 LA CORUÑA

## CONSTRUCCION

### AQUA-STOP-NOR

Detención rápida de vías de agua

### ASFALNOR-Q

Pintura asfáltica impermeable a la humedad

### DESMOL-Q

Desencofrante instantáneo soluble en agua

### DESMOL-Q-OIL

Desencofrante instantáneo soluble en gas-oil

### HIDRO-Q

Hidrófugo e impermeabilizante para hormigón y mortero

### IMPERNOR-Q

Impermeabilizante invisible contra la lluvia y la humedad

### ELASTINOR-Q

Revestimiento elástico impermeabilizante

### ELASTINOR-F

Pintura elástica impermeable y decorativa de fachadas

### IMPERCEM-G

Detención lenta de vías de agua

### IMPERCEM-B

Detención lenta de vías de agua

### SELLANOR

Sellador de suelos en base de poliuretano

### SILVERNOR

Pintura asfáltica contra la humedad de color plata

### DPINTANOR-PQ


Limpiador de pintadas

### DESINOR-Q


Enérgico limpiador de fachadas

### PLASTINOR-Q

Concentrado líquido para dar mayor plasticidad a morteros y hormigones



**ELASTINOR:** Revestimiento impermeable de cubiertas.



Aplicación  
de **IMPERNOR-Q**  
sobre fachada  
de piedra  
comprobando  
la no penetración  
del agua  
en la zona  
tratada.




**HIDRO-Q:** Fabricación de bloques impermeables.

Damos las mejores soluciones para todos los problemas relacionados con la construcción y obra civil.

# PLAN ESPECIAL DE PROTECCION E REHABILITACION DA CIDADE HISTORICA

CONCELLO DE  
SANTIAGO



**Dirección:** Josef Paul Kleihues, Enrique Bardají, Juan Luis Dalda, Anxel Viña.

**Con:** Mirko Baum, Alfonso Díaz Revilla, José Díaz Sotelo, M. Mar García, Celestino García Braña, Alfredo Olañeta, Felipe Peña, José Luis Pérez Franco, César Portela.

**Arquitectos que desenvolven proxectos arquitectónicos no ámbito do Plan Especial:** Rafael Baltar, Manuel Gallego, Giorgio Grassi, John Hejduk, Josef Paul Kleihues, Vittorio M. Lampugnani, Pedro de Llano, Carlos Meijide, Rafael Moneo, Alberto Noguerol, Helio Piñón, César Portela, Álvaro Siza Vieira, Benedict Tonon, Gino Valle, Albert Viaplana.

OBRADIRO  
REVISTA DE ARQUITECTURA  
18

1

# EDITORIAL

## ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O modelo territorial do século XXI tanto estatal como o europeu está a ser fixado nesta última década.

Os grandes investimentos en infraestructuras —autovías, autopistas, ferrocarrís de alta velocidad, gaseoductos, redes de fibra óptica, etc.— están a configurar unha NOVA ORDE que incide directamente na organización espacial do territorio.

Galicia, como sucedeu xa no século pasado, queda á marxe desta primeira fase de modernización infraestructural.

Refórzase así a concepción que entende que a posición periférica de Galicia impide ou dificulta a adopción de medidas e esforzos suplementarios (sempre costosos económicoamente e non necesariamente rentables en termos electorais) que teñan como obxectivo a corrección dos desequilibrios existentes a nivel estatal.

Ausente dos grandes Plans estatais cabería pensar que a asunción en exclusiva polo Goberno galego das competencias relativas á ordenación do territorio serviría para plantexarse por vez primeira na historia o modelo territorial deste país.

A fixación das grandes directrices da ordenación territorial segue a ser hoxe unha asignatura pendente cando levamos xa unha década de autonomía política.

## URBANISMO

Sen este modelo territorial explicitado, a situación xeral do planeamento en Galicia é unha mostra representativa dunha actitude cando menos laxa por parte das clases ou grupos que dende as diferentes instancias do poder (local, provincial e autonómico) son depositarios de tan trascendente competencia.

Neste número de OBRADOIRO amosamos unha serie de exemplos nos que se pon de manifesto a actividade duns profesionais que operan no campo do urbanismo nunha situación na que «o goberno do territorio» e polo tanto, a necesidade das administracións de dotarse de instrumentos específicamente urbanísticos, é escasa.

## DESEÑO URBANO

Só naquelas áreas nas que o «tempo electoral» e o tempo de execución das obras son ou poden ser coincidentes resulta posible recoñecer abondosas experiencias neste eido.

Son traballos a pequena escala, intervencións de deseño urbano, con vontade de «embellissement» dos espacios públicos.

Neste sentido as operacións promovidas desde os Concellos nas áreas centrais das ciudades e vilas retomaron para á práctica profesional dos arquitectos campos de traballo ata hai pouco ignorados.

Prazas, xardíns, paseos marítimos, parques... constitúen referentes e catalizan o esforzo proxectual de moitos profesionais da década dos oitenta.

O obxectivo é de convertir estes espacios en soportes visuais dunha paisaxe urbana que precisa da adaptación ós códigos formais da nova sociedade.

Unha sociedade que intenta supera-los efectos do febril e deficitario proceso urbanizador dos anos sesenta.

En cumprimento dos artigos 21 e 24 da Lei de Prensa e Imprenta, o Consello de Redacción de OBRADOIRO pon en coñecemento dos lectores os seguintes datos:

**Director:**

Xosé Manuel Rey Pichel  
Decano do C.O.A.G.

**Consello de Redacción:**

Xosé Luis Martínez Suárez  
Xan Casabella López  
Plácido Lizancos Mora  
Xan Manuel Doce Porto

**Redacción gráfica:**

Xurxo S. Lobato/Voz Noticias

**Grafismo:**

Xan Casabella López  
Xan Manuel Doce Porto

**Revisión Lingüística:**

Plácido Lizancos Santos  
María dos Anxos Martínez Suárez

**Publicidade:**

Viña & Saavedra  
Teléfonos 981.29.76.24/21.31.66  
A CORUÑA

**Redacción:**

Rúa de Xoana de Vega, 10-bis/10.<sup>º</sup>  
15.003 A CORUÑA  
Teléfono 981.22.87.94/29.54.59  
Telefax 982.40.42.10

**Propiedade:**

Colexio de Arquitectos de Galicia  
Casa da Conga  
Praza da Quintana, s/n  
15.704 SANTIAGO  
Teléfono 981.58.01.00  
Telefax 981.56.16.55/8

**Fotocomposición e impresión:**

VENUS, artes gráficas, s. a.  
Polígono de Pocomaco. Parcela E-37  
15190 A CORUÑA

**I.S.S.N.: 0211-6065**

**Dep. Legal: C-1.219/83**

**Xaneiro, 1991**


Os criterios expostos nos diversos artigos deste número son da exclusiva responsabilidade dos seus autores e non reflexan necesariamente os que poida te-la redacción da Revista. OBRADOIRO autoriza a reproducción total ou parcial dos seus textos e orixinais gráficos sempre e cando se cite a súa procedencia e se lle envie un exemplar da publicación onde apareza a reproducción. O Consello de Redacción resérvese o dereito de publicación de calqueira orixinal solicitado.

**Precio do exemplar:**

1.500 pts / 2.200 escudos (IVE incluído).

Portada: Vista aérea dos arredores de Vigo

Foto: Xurxo Lobato






# ÍNDICE

## OBRADOIRO 18


Revista de Arquitectura  
Colexio de Arquitectos de Galicia

Editorial .....	2
Índice .....	3
NOVAS	
Pavillón de Galicia na Expo 92	
José A. Franco Taboada .....	4
Outras novas	
Nova Sala Polivalente do COAG. A Coruña	
Pedro Iglesias, J. L. López Cousillas .....	8
CONCURSOS	
Ordenación do litoral da Cidade Alta. A Coruña .....	12
Vivendas para marxinados .....	16
V. P. O. en Labañou. A Coruña .....	18
Remodelación dos Xardíns de Noriega Varela. Viveiro .....	22
Ordenación da Praza de Barcelos. Pontevedra .....	23
RESEÑA	
Parque en Santa Cristina. Oleiros .....	24
P. E. R. I. en Orillamar. A Coruña .....	25
VISIONS	
Sobre as cidades ou ¿Cómo amar o desarraigo?	
Antón Baamonde .....	27
Lugo de amor e desamor	
Lois Diéguez .....	28
Sob o ceo	
Manuel Rivas .....	29
Ourense: hai cidades como mulleres e ó revés	
Manuel Guedes .....	30
Mecánica popular: «Das Kapital» Artefacto e funcións	
Suso de Toro .....	31
MONOGRAFIA	
Vigo, política urbanística na etapa democrática do centro histórico.	
Xaime Garrido .....	32
Entrevista a Xosé González-Cebrián Tello .....	36
Actuacions do planeamento sobre dúas vilas mariñeiras: Malpica e Póboa	
Xosé Glez.-Cebrián Tello .....	42
Planeamento urbanístico da Universidade de A Coruña	
Xosé Glez.-Cebrián Tello .....	46
A Residencia de Estudiantes: Un embrión no ensanchamento de Santiago.	
Pablo Costa .....	48
Plan Especial de Ribadavia	
Marián Lebereiro .....	52
Baiona, o urbanismo da democracia	
Xaime Garrido .....	54
Paseo marítimo de Baiona	
S. Fraga, F. García-Quijada, M. Portolés, L. Vila .....	60
Problemas de definición dos Paseos Marítimos	
Carlos Nárdiz .....	64
Guimarães. Intervencións no centro histórico	
Alexandra Gesta .....	68
Dois edificios no centro histórico de Guimarães	
Antonio Gradiño .....	74
Reforma da Praza Maior. Lugo	
Santiago Catalán e Cristina L. Eimil .....	78
Praza da Soedade. Lugo	
J. Arias, S. Catalán, E. Herráez .....	82
Crítica á metodoloxía de ordenación do territorio	
Carlos Vales .....	86
Estudio básico para a rehabilitación de Piornedo	
Pedro de Llano .....	88
Estudio básico para a rehabilitación do Monte de Santa Tegra	
César Portela .....	94
Plan especial para a Illa de San Simón	
César Portela e Xosé Bar Bó .....	98
Actuacions urbanísticas no Polígono das Cascas. Betanzos Segunda fase.	
J. Vizcaíno, F. Casqueiro .....	104
Tercera fase	
A. Dávila, J. Cordeiro, C. Jiménez, L. Melijide .....	112
176 vivenda e urbanización no Polígono de Vite. Santiago	
Manuel Gallego Jorret .....	114
Vivendas e equipamentos en Montecelo. Paderne	
Manuel Gallego Jorret .....	118
Edificio do Banco Borges e Irmão. Braga	
José Gigante .....	122
Nova Iorque: A forza da seducción	
Pedro de Llano .....	126
Jorge Castillo. Evocación de Nova Iorque	
Pilar Corredoira .....	128
Traducción castellana .....	129



PLANTA SOTO (Cota — 3,90)

1. Sala de exposicións
2. Sala de climatización
3. Almacéns
4. Aseo e vestidor do persoal




PLANTA BAIXA (Cota + 0,10)


1. Sala de exposicións
2. Información
3. Comisario do pavillón
4. Cuarto de lixo
5. Oficina
6. Tenda
7. Centro de transformación

## PLANTA SEGUNDA (Cota + 7,80)

1. Sala de exposiciones
2. Patio de ventilación




ALZADO POSTERIOR





## PLANTA TERCEIRA (Cota + 11,65)




1. Restaurante
2. Vestíbulo, aseos e teléfono
3. Cámaras frigoríficas
4. Cociña do restaurante
5. Aseos do persoal



## PLANTA CUARTA (Cota + 11,65)

1. Sala de xuntas
2. Sala de descanso
3. Despachos





## XORNADAS SANTIAGO

PRESENTOUSE EN SANTIAGO O PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO.

Acompañáronse dunhas Xornadas sobre tradición e modernidade.

### SANTIAGO DE COMPOSTELA. TRADICIÓN E MODERNIDADE

PLAN ESPECIAL E INTERVENCIÓNES  
ARQUITECTÓNICAS NA CIDADE HISTÓRICA

AUDITORIO DE GALICIA  
DÍAS 10 e 11 DE DECEMBRO DE 1990

#### Actos Públicos: Sala Mozart

#### Presentación da Proposta de Ordenación do Plan Especial da Cidade Histórica de Santiago:

Josef Paul Kleihues, Juan Luis Dalda, Anxel Viña, Enrique Bardaji

#### Conferencias:

Josef Paul Kleihues: «Tradición e Modernidade en Santiago de Compostela»

John Hejduk: «Viaxeiros solitarios e testigos silentes»

Vittorio Lampugnani: «A Arquitectura da cidade, entre a reconstrucción e a invención».

#### Coloquio

#### Sesiões restrinxidas: Sala Circular

Seminario-Coloquio entre os Arquitectos proxectistas convidados polo Concello de Santiago

Convocatoria do concurso restrinxido para a ordenación urbanística e arquitectónica do entorno da Avenida de Xoán XXIII

#### Participantes do Plan Especial da Cidade Histórica:

Dirección: Josef Paul Kleihues, Enrique Bardaji, Juan Luis Dalda, Anxel Viña

Con: Mirko Baum, Alfonso Díaz Revilla, José Díaz Sotelo, M. Mar García, Celestino García Braña, Alfredo Olañeta, Felipe Peña, Xosé Luis Pérez Franco, César Portela.

#### Arquitectos que desenvolven proxectos arquitectónicos no ámbito do Plan Especial:

Rafael Baltar, Manuel Gallego, Giorgio Grassi, John Hejduk, Josef Paul Kleihues, Vittorio M. Lampugnani, Pedro de Llano, Carlos Meijide, Rafael Moneo, Alberto Noguerol, Helio Piñón, César Portela, Álvaro Siza Vieira, Benedict Tonon, Gino Valle, Albert Viaplana

## FE DE ERROS

No pasado OBRADOIRO non figuraban, debido a un erro involuntario da Redacción, os nomes da totalidade dos arquitectos que tiñan intervindo na execución do novo Pazo de Xusticia da Coruña.

Eles son:

ARQUITECTO DIRECTOR:

Xosé Bar Boo

ARQUITECTOS:

José Romero Amich  
Juan Angel Visier Gil  
Luis Miguel Zozaya Serven

## CELEBRÁRONSE NA CORUÑA UNHAS XORNADAS SOBRE ACTUACIONES URBANAS EN BORDES MARÍTIMOS


Xunto coas ditas Xornadas tivo lugar a exposición dos traballos ganadores do Concurso de Ideas, convocado polo COAG, para a ordenación do litoral da Cidade Alta da Coruña.

Constituiron estes os primeiros actos que se celebran na nova Sala Polivalente do COAG na cidade herculina.

BARBA CASANOVAS , PIE  
NINOT BARCELONA DOMIN  
GUEZ MOLINER CADIZ  
CALVO PEREZ CULLEREDO  
CASABELLA LOPEZ , FER  
NANDEZ-ALBALAT, DALDA  
ESCUDERO, NARDIZ OTERO  
RODRIGUEZ-LOSADA , TOBA  
BLANCO LA CORUÑA DIAZ  
REVILLA OLEIROS GARCIA  
QUIJADA , PORTOLES SAN  
JUAN , SALVADOR FRAGA  
PONTEVEDRA JERONIMO  
JUNQUERA , PEREZ PITA  
SANTANDER BRAU LOPEZ

## ACTUACIONES URBANAS EN BORDES MARITIMOS



o 26 C T U B R 27 E



AULAS CULTURA  
& CIÉNCIAS  
CONFERENCIAS:  
SALA DE CULTURA  
RUA NEIVA, 30  
26 - 27 y 28 - 30



EXPOSICIÓN:  
C/ ALFONSINA  
CAMPO PROGRESO 15-27  
28 700 28-32



# ADECUACIÓN DE LOCAL PARA SALA DE USOS MÚLTIPLES DA DELEGACIÓN DO C.O.A.G. NA CORUÑA

OBRADOIRO

Execución: Febreiro 1990

Arquitectos: Pedro R. Iglesias Pereira  
José Luis López Cousillas

9

A obrigada plurifuncionalidade do local conduce a acadar unha planta libre, reservando para teito e paramentos verticais os elementos adxetivadores do espacio.

Segundo a tradición dos salóns de actos e exposicións, créase un ambiente especial no interior, descontextualizado do edificio que o acolle, e que pode acadar valor senlleiro pró gremio.





Un recibo, de escasa altura, neutro, serve de acceso á sala. Nesta o teito adquiere protagonismo: tres láminas cilíndricas aboian e peneiran a luz.



A fachada ocúltase tras dunhas mamparas corredeiras de aceiro inoxidábel e alabastro. Os outros lenzos de parede reflexan unha luz cálida tras dun zócalo de chapa perforada. Unha franxa de cortiza en cor natural resolve o encontro do zócalo co teito.

En todo o perímetro pequenos conos halóxenos pendurran do teito.

Xunto ó recibo resérvase un espacio para almacén de sillas, paneis de exposición, proxectores, etc.








## CONCURSOS

ORDENACIÓN DO LITORAL DA CIDADE ALTA.  
A CORUÑA

12

1.º Premio  
Lema: AZUL 56324

Arquitectos: Julio Cano Lasso  
Diego Cano Pintos  
Gonzalo Cano Pintos  
Alfonso Cano Pintos  
Vicente González Laguillo  
Ignacio Isasi Zaragoza



O concurso ten dúas áreas de actuación moi distintas: a Dársena con fachada á Mariña e a beira da Cidade Alta no Parrote.

A primeira é abordable cos datos disponibles, a segunda ten un carácter máis arqueolóxico e require meirande información, ainda que o concurso estivera plantexado a nivel de ideas xerais.

A respecto da Mariña a nosa idea é xinsela: trátase de levar novamente o mar deixa o seu pé en toda a lonxitude da súa belida fachada.


Para iso alóngase a Dársena Real, a costa do recheo. Estaría así restablecida, nunha lonxitude de 600 m., unha relación que nunca se debeu ter perdido. Desde o seu comienzo ata o seu final no Cantón Grande, toda a fachada asomarase ó mar recuperando o xogo dos tres elementos que contribuíron a configurar unha das más fermosas paisaxes urbanas: as galerías acristaladas, o mar e a viva policromía do porto pesqueiro.

Débese favorecer la permanencia dos asteleiros de ribeira que permiten o espectáculo insólito e magnífico das embarcacións izadas ó pé das galerías para, unha vez repintadas, voltar ó mar no esplendor das súas cores.

Na zona do Parrote o ideal sería unha restauración coiddosa de canto houbera de valor histórico e ambiental, eliminando as edificacións de escaso valor arquitectónico e de escala inaxeitada.

Intentamos devolverlle á cidade antiga o seu vello perfil de Praza Forte avanzada cara ó mar; en calquera caso fai-se necesario rachar coa barreira liñal ocupada polo actual complexo deportivo.

Propoñemos rachalo cunha penetración dun brazo de mar ata a beira mesma das murallas do século XVII. Pretendemos así recuperar, en pequena medida, a imaxe da cidade marítima fortificada. Nese entrante de mar crearíase unha canle de remo e un anfiteatro que ben podería se-lo edificio dun club náutico, cun pequeno embarcadero, ou un edificio para espectáculos e exposicións.




ACCÉSIT

Arquitecto: Xosé Manuel Casabella López  
Colaborador: Carlos Martínez González

OBRADOIRO








13



Lema: MSA 052650

Arquitecto: Felipe Peña Pereda  
Colaboradores: Antonio Alfeirán  
Javier de la Colina  
José Amigo

14



Lema: PENTAGRAMA

Arquitecto: José Ramón Alonso Pereira




Colaboradores: Fernando Barbeito

Juan Carlos Linares

Juan Caridad

Manuel Sanmartín







José Carlos Alonso




## CONCURSOS


## VIVENDAS PARA GRUPOS DE MARXINAIS

16







OBRADERO



SECCION TRANSVERSAL  
SECCION LONGITUDINAL



1.º Premio

Lema: ATLANTIS

Arquitecto: Francisco José Vidal Pérez

## SOLUCIÓN PROPOSTA

Propónese unha ordenación completamente nova, prescindindo dos aliñamentos establecidos no Plan.

A parcela quedará entre dúas vías anchas, importantes dentro do esquema de sistemas xerais da cidade, a súa forma non está relacionada cunha tipoloxía edificatoria. Ten esa forma como podía ter outra calquera.

O entorno non ofrece tampouco ningunha solución e a integración non pode facerse aplicando soluciones de continuidade do trazado existente.

O mar e o horizonte están sempre enfrente.

Tamén o están os fortes ventos.

A densidade do Plan é altísima: 163 vivendas/hectárea desenvolvidas en torres. Leva necesariamente a soluciones en altura, ó non poder sobrepassa-la ocupación en planta.

Desenvólvese unha solución híbrida, un xesto, unha forma contundente que non ten relación directa con calquera outra que se desenvolva na cidade con naturalidade. Non pode tela.

Un bloque lineal recorre a parcela dun extremo a outro, con altura de cornisa constante, solucionando con firmeza a fachada a ambas rondas futuras. Define un espacio interior, abrigado dos ventos e orientado a mediodía, onde se erguen tres torres. Un único acceso rodado, unha alameda, penetra no seu interior, descendendo, abrigándose.

O bloque defínese con 10 módulos de 2 vivendas por escalaireira, de 9,5 x 10,5 mts. cada vivenda, e alturas variables segundo se adaptar á topografía.

Interiormente, ó mediodía, un sopportal recórrelo en toda a súa lonxitude, dando acceso a tódolos portais.

A vivenda definida desenvólvese sobre un eixe central, estar-comedor, que articula os demais cuartos.

Ó norte, o mar, as vistas e os ventos, ocos rasgados, horizontalidade, forza. Ó sur, ó espacio interior, ocos cadraños, galerías, formas más domésticas.

Utilízanse os sotos para garaxes, aproveitando os desniveis.

As torres, de 20 x 20 mts. e catro vivendas por planta. As vivendas desenrolanse sobre un cadrado, sen especiais consideracións de vistas e iluminación. Non se pode.

Unha marquesiña enlaza tres torres, dándolle acceso.



En ambos tipos, as plantas baixas destínanse a comerciais, con acceso desde sopportal.








Como remate do bloque propónese unha edificación singular, preferiblemente pública e de servicio á comunidade residente.

O resto do interior, libre, escalonado, adaptándose á xeometría da curva, cun eixe que quizais inclúa no seu paso á Torre de Hércules.

As referencias son demasiados claras: o horizonte, ocos rasgados, torres asomando, faros, cubertas, ás, ...non paga a pena insistir nelas.

Un xesto, unha imaxe, que solucione un problema sen solución. Esta debería dala a cidade.





## CONCURSOS

EDIFICIO DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL EN LABAÑOU  
A CORUÑA

2.º Premio Ex Aequo

Lema: GIN KAS




Arquitectos: Jesús Alvarez Flórez  
Manuel Bouzas Cavadá

VIVIENDA TIPO: V-3

VIVIENDA TIPO: V-3	
ESTAR-COMEDOR.	19,00 m <sup>2</sup>
COCINA.	7,35 m <sup>2</sup>
DORMITORIO PRINCIPAL.	10,48 m <sup>2</sup>
DORMITORIO DOBLE.	10,57 m <sup>2</sup>
DORMITORIO DOBLE.	10,57 m <sup>2</sup>
PASILLO.	2,88 m <sup>2</sup>
VESTÍBULO.	2,52 m <sup>2</sup>
ASEO.	3,48 m <sup>2</sup>
TERRAZA.	2,52 m <sup>2</sup>
SUPERFICIE UTIL:	67,63 m <sup>2</sup>
VIVIENDA TIPO: V-4	
ESTAR-COMEDOR.	16,80 m <sup>2</sup>
COCINA.	7,92 m <sup>2</sup>
DORMITORIO PRINCIPAL.	10,63 m <sup>2</sup>
DORMITORIO DOBLE.	8,00 m <sup>2</sup>
PASILLO.	2,70 m <sup>2</sup>
VESTÍBULO.	2,64 m <sup>2</sup>
ASEO.	3,60 m <sup>2</sup>
TERRAZA.	4,00 m <sup>2</sup>
SUPERFICIE UTIL:	56,00 m <sup>2</sup>

VIVIENDA TIPO: V-5

VIVIENDA TIPO: V-5	
ESTAR-COMEDOR.	22,00 m <sup>2</sup>
COCINA.	7,35 m <sup>2</sup>
DORMITORIO PRINCIPAL.	10,48 m <sup>2</sup>
DORMITORIO DOBLE.	10,00 m <sup>2</sup>
DORMITORIO SENCILLO.	8,00 m <sup>2</sup>
PASILLO.	2,88 m <sup>2</sup>
ASEO.	3,00 m <sup>2</sup>
VESTÍBULO.	2,52 m <sup>2</sup>
TERRAZA.	2,52 m <sup>2</sup>
SUPERFICIE UTIL:	67,49 m <sup>2</sup>



VIVIENDA TIPO: V-1

ESTAR-COMEDOR.	20,46 m <sup>2</sup>
COCINA.	7,20 m <sup>2</sup>
DORMITORIO PRINCIPAL.	10,48 m <sup>2</sup>
DORMITORIO DOBLE.	10,57 m <sup>2</sup>
DORMITORIO DOBLE.	10,57 m <sup>2</sup>
PASILLO.	2,88 m <sup>2</sup>
ASEO.	3,48 m <sup>2</sup>
TERRAZA.	3,80 m <sup>2</sup>
SUPERFICIE UTIL:	67,54 m <sup>2</sup>



VIVIENDA TIPO: V-2

ESTAR-COMEDOR.	16,50 m <sup>2</sup>
COCINA.	7,54 m <sup>2</sup>
DORMITORIO PRINCIPAL.	10,32 m <sup>2</sup>
DORMITORIO DOBLE.	8,00 m <sup>2</sup>
PASILLO.	4,14 m <sup>2</sup>
ASEO.	3,20 m <sup>2</sup>
TERRAZA.	2,73 m <sup>2</sup>
SUPERFICIE UTIL:	53,97 m <sup>2</sup>

2.º Premio Ex Aequo.

Lema: MELGACHO

Arquitecto: Arturo López de la Osa



## CONCURSOS

REMODELACIÓN DOS XARDÍNS NORIEGA VARELA.  
VIVEIRO

22

1.º Premio




Lema: CAROLUS

Arquitectos: Ernesto Cruzado Estévez





María Celia Soto Suárez

Miguel Angel Díaz Salgueiro

Miguel Angel Gómez Santos



E: 1/200






1.º Premio

Proxecto básico e de execución  
Arquitectos: Manuel Bouzas Cavada  
José M. Pichel Pichel  
Teresa Táboas Veleiro



- 1. PLATAFORMA DE HORMIGÓN LAVADO
- 2. SUPERFICIE ADOQUINADA
- 3. CÉSPED
- 4. JABRE
- 5. SUPERFICIE DE HORMIGÓN VISTO TRATADO
- 6. PAVIMENTO ASFÁLTICO
- 7. PAVIMENTO DE BALDOSA HIDRÁULICA
- 8. APARCAMIENTO
- 9. PARADA BUS ESCOLAR
- 10. CENTRO DE MANDO ELÉCTRICO
- 11. FUENTES-SURTIDORES

LUMINARIA Y BANCO "TRAMPOLÍN"



O punto de partida é a idea presente ó longo do proceso proxectual tendente á ordenación da Praza de Barcelos é a preexistencia dun espacio público consolidado, claro na súa matriz conceptual, e á vez complexo polo entorno.

Había pois, que relacionar dous ambientes, elixiuse para iso o camiño da contraposición. Frente a un contexto basal e discontinuo, a claridade lóxica.

Xogo formal, duplicidade calibrada de espacios pétreos perimetrais e espacio interior vexetal.

Linguaxe poética e discreta que conleva a un tratamento case sensual dos materiais. Luz, auga, pedra e elementos vexetais utilizados coa discreción e o pudor propio destes elementos primarios; pero fundamentados sobre unha xeometría que os organice.

Á sobriedade e dureza dos espacios exteriores, contrapone un sutil tratamiento do interior.

Un primeiro plano duro, pétreo, consecuencia dun baloiro vexetal, e un eixe visual marcando a escalinata de San Francisco a través dunha cortina de auga.

A estratexia de recuperar e apropiar para a Praza o mu-ro perimetral do Convento de Santa Clara, como afirmación e reflexión sobre o pasado do lugar.


Unha diagonal apenas marcada por un cambio de material, a través da que se unen interior e exterior.

Un interior que acrecenta a sensación de aillamento, e convértese no lugar propicio para a meditación. Interior no que os cortes de luz e sombra e o xogo de aberturas da bóveda vexetal enriquecen o cúmulo de sorpresas perceptivas. Utilización sutil da terra e a vexetación. Recuperación do silencio e a natureza.

# RESEÑA DE URBANISMO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DE ORILLAMAR A CORUÑA

Arquitectos: Xosé Manuel Casabella López  
Jacobo Rodríguez-Losada Allende  
Enxeñeiro: Carlos Nárdiz Ortiz

24



# PARQUE DE SANTA CRISTINA. OLEIROS

Proxecto: 1989

OFICINA DE PLANEAMENTO.

Alfonso Díaz Revilla, arquitecto

José Díaz Sotelo, arquitecto



Director de obra:

Rafael Astor, enxeñeiro municipal

# RESEÑA DE URBANISMO

OBRAZOIRO


25



O Parque de Santa Cristina configúrase como motor da dignificación dun ámbito que ultrapasa o seu entorno inmediato. Plantéxase sobre os restos da antiga urbanización de Santa Cristina, cunha calificación no PXOU que o inclúa dentro do sistema xeral de espacios libres.

Inicialmente o Parque presenta una certa calidade ambiental que lle ven da presencia de importantes formacións arbóreas e das aperturas visuais cara ó interior da ría.

Estes valores, como ben escaso na zona, mantéñense e poténcianse. Daí o emprego do verde extensivo como contrapunto do feito urbanizado e a gradación dos niveis altimétricos, que posibilitan unha meirande riqueza visual e se convierten en solucións de ordenación.



# SOBRE AS CIDADES OU: ¿COMO AMAR O DESARRAIGO?

Antón Baamonde

Filósofo

OBRADOIRO

Tamén as civilizacións teñen sonos, representacións nas que lle gustaría reconecerse, espellos onde contemplar a marca do propio entorno. Onde sospeitar, co maior asombro, o descoñecido que está aí suspendido. Imaxes que non resultan seren meras producións dun inconsciente colectivo. Simples fantasmagorías da que hai que descifrar sempre o sentido para figurarnos, probablemente errando, que captamos o espíritu da época. Moi ó contrario: eses sonos fanse mundo. Posúen un carácter en certo modo máxico, pero dun tipo de maxia que constrúe entorno, que se mani-festa e se efectúa en obras.

Nas cidades. Nos vastos escenarios por onde deambulan, memoriosos, os fantasmas nos que se resume o guión dunha época. O recollimento da cidade medieval, a magnificencia dese barroco que sole alimentarse do horror ó valeiro. Os fastos xuvenís do modernismo. A pretendida lineal pureza da funcionalidade sempre refutada. Polas súas rúas, subindo as encostas, nos trazos das fachadas, e tamén nos leves xestos dos habitantes que esas arquitecturas admiten, percibimos os capítulos pasados dunha tradición que xa non o é máis. Que transforma o seu sentido ata transformarse no museo máis visitado. E no máis patético. Pois aí é onde estalan os vidros irreconstruibles do noso carácter, da identidade que nos constitúe pero que irremisiblemente parece esvairse.

As cidades posibilitan a consumación do que está implícito na época: constitúen a superficie sobre a que deslizarnos. Na utopía funcionalista xa se albiscaba unha pretensión de pulcritude, unha ansia de destrucción das rugosidades, dos posibles impedimentos e/ou dificultades para o exercicio dese desplazamento. Un patinar sobre chan liso tomado como desiderata solicitaba un traballo transformador, propriamente un esforzo destructor ou ben, como nas urbes de Le Corbusier, unha creación ex nihilo. En calquera caso unha eliminación das trabas para a circulación dese individuo que, como en Galicia, provén con frecuencia de universos menos desgarrados, da seguridade afectiva das pequenas vilas ou do mundo rural. Pero que perseguinto ese soño de libertade existencial que sempre encarnaron as cidades vese abocado ó desarraigo como precio necesario da persecución dese ideal.

A súa premisa, o axioma sobre o que se erguen as súas edificacións e se extenden as súas ramificacións, é a de construir un mundo absolutamente humano, construído, artificial. Comparte-a coa ilustración. O seu significado agora o verificamos. Comprobamos como comporta o precio das inevitables neuroses. Como as bases sobre as que se asentaban as vellas formas de socialidade esvaense. Como se fai problemático manter unha relación afectiva coa cidade. A adquisición dese libertade (incluindo a posibilidade, que a cidade ofrece, de satisfacer necesidades constantemente expansiva) non se realiza senón asumindo a ineluctabilidade da ferida que parece entrañar o desenvolvimeto da civilización.

Porque certamente o escenario faise a cada volta máis humano. Pero esa manía de dominar totalitariamente o exterior dese máquina, esa expulsión do que o temor interpreta como forzas incontraladas e ameazantes, reproduce a violencia no seu seo. E a utopía iluminista dun mundo purificado, luminoso e límpido entra en entronque coa colonización de certos ámbitos da cidade (certas cidades vellas en Galicia) polas novas hordas que responden ós patróns da delincuencialidade moderna: sobre todo as vencelladas á drogadicción. A evolución do pensamento occidental coa súa percura da hixiene social como ensoñación extrema introduce para o seu interior o que pretendía deixar ás portas da fortaleza.

Pero a destructividade non se mostra apenas na apari-ción deses novos excluidos das formas expresas do con-

senso social, cos seus corolarios territoriais. A propia dinámica constructiva das urbes implica unha poderosa e irrefrenada vontade de aplanar todo obstáculo. A mesma mecánica das forzas —tal vez non verdadeiramente cegas: aca-so só tortas— do mercado, do capitalismo, ou da modernización entendida nun sentido reduccionista e unilateral, xenera enormes enerxías destinadas a ampliar a agresión sobre o hábitat urbano.

Un só, doméstico e, por motivos personais, magnífico exemplo referido a unha pequena vila: no lugar onde naciñ, Vilalba, un maravilloso campo da feira, utilizado na miña infancia como recreo infantil, poboado por carballos, castiñeiros e negrillos (e que non pode lembrarse sen nostalxia e cariño) foi destruído para dar lugar a unha plaza de inenarrable fealdade. Praza absolutamente inútil que logo foi remodelada para servir de estación de autobuses; con tan mala fortuna que construiuse de maneira inutilizable co que, en definitiva, veu a acabar, despois de sucesivos, e estúpidos, avatares nun campo da festa e aparcadeiro de coches. Ou sexa: a historia dunha destrucción nihilista, guiada polo lucro e a ansia de novedade, que é tamén o relato dun derroche.

Tratase dun caso manifesto. Pero que evidencia unha agresividade, aparentemente manexada con fins constructivos, que se repite como sordina. E que non afecta só a campos da feira. Tamén a edificacións modernistas ou edificios do estilo internacional ou ó destino de fragmentos enteros de cidade entregados ó ánimo belicista de especuladores, constructores e alcaldes empeñados en publicitarse pola vía da eclosión de obras públicas. Un concepto errático, equivocado, de en que consiste o progreso produce —como o expresa Marshall Berman— «que a miúdo o precio de facer avanzar e expandir a modernidade é a destrucción non só de institucións e ambientes 'tradicionais' e 'premodernos', senón tamén —e aí reside a verdadeira traxedia— de todo o más vital e fermoso do mundo moderno».

Isto xenera unha tristeza que é endémica no mundo moderno. Porque para amar algo ou a alguén hai que vivir nunha dimensión que vai máis alá do puro presente perpetuo. Os vencellos da memoria son os que fundan o apego e o cariño ás cousas. De tal maneira que a aceleración da destrucción nos sitúa no vértigo: constantemente os nosos afectos son inmisericordemente destruídos ó noso arredor. Eses magníficos tratados de lectura asistemática que son as cidades vense así periódicamente asolados por bárbaros que enarbolan a bandeira do así chamado progreso.

Porque ¿a quen lle interesa a cultura: o cultivo reposudo do que se sabe porque se ignora? ¿a quen esos textos sobre os que pode exercer a súa mirada o paseante taciturno? Poucos sentirán o peso ominoso desa violencia. A que escuta e atende, sen embargo, o que ten manifesta tendencia a contemplar as paisaxes como ruinas efectivas ou potenciais. Centros de acumulación de detritos. Lixo ó que ese viandante se sinte unido, onde se lle mostra un aura de paz, onde contempla todo o bon que a así chamada marcha da historia tenderá a arrasar. Pero non hai piedade, hoxe, para o condenado.

Occorre aquí o que caracterizaba Georg Simmel como traxedia da cultura moderna: o progresivo incremento da extrañeza entre o suxeito e as súas obras. El intenta seguir o dictado do que moi ben podería ser o lema dunha filosofía «Glissez, n'appuyez pas». Pero o paga cunha moeda que expresa un sufrimento: o dunha identidade que estala en fragmentos tal vez irreconciliables. Con esa equipaxe nos toca vivir. Irrenunciablemente, dado que nós xa estamos formados despois do Big Bang, desa expansión do universo ou desa morea de cristais rotos.

# LUGO DE AMOR E DESAMOR

**Lois Diéguez**

Escritor

28

Lugo mantén nestes momentos unha nova polémica: o derrubamento do «Gran Teatro», un edificio singular dos anos 40 que pode dar paso a outro monstro de vivendas, é dizer, a máis incomodidade e despersonalización no mesmo centro da cidade.

Este suceso é apropiado para enfocar o que eu creo que nos ofrece o Lugo de hoxe. Por unha parte a posición do elemento máis dinámico da cidade, que é a súa xente. Por outra, o elemento físico con todas as súas variedades.

O Lugo vello vai desaparecendo e moi aceleradamente nestes últimos anos, diría case nestes últimos meses. Derrúban-se edificios para dar paso ao que Suárez Llanos, na súa novela «DESFEITA» chama **estafermos**. Outra cidade está nacendo, imersa no caos, na incomodidade, no tráfico desordenado e penoso. É imposible viaxar en coche sen ter que se parar en cada semáforo, como é imposible pasear tranquilamente polas rúas estreitas sen que teñas que te deter para evitar que te esmaguen. Para atalla-los poderás subir á Muralla e pasear acougadamente polo seu adarve, pero xa non verás, apenas, o lento cobregar do Miño, nem as doce montañas ou encostas dos arredores, nem o branco manto dos Acores. Unha cortina de cemento frío e triste, con poucos tramos de alegría, fenderá o anseio de expansión dos nosos ollos.

Contrasta iso cando nos decatamos de que Lugo, sen ser unha grande cidade, vai collendo, non obstante, todo o que de negativo e problemático encerran aquelas, quizabes porque esos escuros cerebres dos seus goberneiros entenden por modernidade o caos ou a imitación mecánica do grande. Despersonalizar unha cidade é iso precisamente, e non atender aquellas características proprias que a definen. Póde-se ser «moderno» sen entrar na desfeita ou na especulación aínda que isto conlleve o ganar menos cartos.

O encanto de pasear tranquilo admirando os vellos pazos ou casas de pedra, e respirar nesa «sala de visitas» como Pimentel chamaba á Praza Maior, (o pulmón más san de entre-murallas), é algo que non ten preцio. Baixar pola Avenida das Tilleiras e vagar polo único parque de Lugo-centro, o Rosalía de Castro, marca ao visitante e aleda ao veciño. E atopar-se con este ou aquela para falar de algo,

por moi **provinciano** que sexa (nunca entendín o pexorativo da palabra, pois tamén Madrid é provincia), é agradábel e humaniza neste tempo difícil de embrutecemento. E ver aos parrulos, tomar o sol e contemplar a paisaxe miñota polo bárrio da Ponte ou de San Lázaro que prolongan a visión até o Pena Rubia ou O Picato, algo que indubidablemente nos deixa apampados. E agora esa tímida esperanza de alegrar as praciñas escasas, de tanto encanto, con árbores e fontes, e luz. (Agardemos que a iniciativa sexa tan só un inicio). Ou lembrar os lugares e edificios que marcaron a vida dos lugueses, como o «Gran Teatro» que tanto nos fixo disfrutar. Virá-se abajo se non o remediamos, e con el irá-se unha época e unha cultura, un xeito de viver e de sentir. Aquí entra ese elemento dinámico do que antes falaba: a xente. En Lugo hai como un silencio e unha falsa paz no colectivo. A xente sente, pero cala, e permanece máis «dentro da casa» que fóra. Quizabes este sexa o motivo polo que as forzas vivas dominan plenamente, e unhas cantas familias —moi poucas— sexan as que determinan o nivel executivo do desenvolvemento da cidade. Perdemos todos, pois non imos viver sempre do San Froilán como única apertura ao foráneo. Botamos de menos esa actividade cultural aberta e lúdica que as institucións non potencias fóra de casos moi concretivos. Co «Gran Teatro» irá-se unha posibilidade máis de actividade cultural. A esas familias non as inqueda. Quizabes esteñan interesadas en manter a ignorancia e o embrutecimento, pois así gobernarán por máis tempo. Á xente si, se miramos as enquisas, todas elas en contra da desaparición dese edificio. O pensamento é bo, pero a acción queda anulada por esa idea equivocada do que se entende por reivindicación ou de ver as cousas con sentido pre-determinado de non ter solución porque os poderosos non a queren, (o mesmo pasou cando se construíron eses horrorosos aparcadeiros soterráneos que, por outra parte, nada solucionaron).

As cidades serán o que a xente quere que sexan. Amo a Lugo por todo aquilo que de bó e atractivo mantén aínda, que non é pouco. Pero temo o futuro porque a pasividade introduciu aquí o seu reino. Non queda máis remédio que muda-lo, tarefa difícil pero aínda posible.

Lugo, Novembro 1990



Desde onde se mira agora, un ático, 11 dereita, á altura da Gaiteira, nun populoso cruce de rúas onde hai unha barbería, un estanco de tabacos, un kiosko de prensa e unha parada de taxis, ademais de semáforos onde os peatóns estiran o pescoco como aves de corral, desde onde se mira, a cidade ten unha primeira liña de grises tellados de euralita con alomenos vinte anos, pois están moteados de amarelo liquen. Hai roupa tendida nesta mañá de calma luminescente e a xulgá polas anteas de televisión, semicaídas e con soportes ferruxentos, é cidade de vento e auga. Nos tellados hai depósitos xa inservibles e os bordes dos áticos e parte das medianeras están forrados de tela asfáltica ou, cando espidos, tatuados pola humidade. Pousanxe, en intervalos curtos, gaivotas en actitude inquedada. A outra fauna das terrazas, as pombas, son más sedentarias, e corretean polas repisas ou voan en pequenos brincos, quizais porque agora sae unha muller á fiestra. Viste unha bata rosa e sacude unha alfombra con motivos arabescos e tintura añil.

Máis alá, a cidade baixa moitos palmos, case a ras de chan. Son os camiños de ferro da terminal portuaria. O pavillón da estación ten unha teitura case verde, pois a cor da euralita só se mostra en manchas reducidas. As gaivotas son agora infinitade de puntiños brancos sobre ese campo xeométrico, e danlle textura de encaixe. Non chega o ruido, pero debe ser o dos ferros un ranxer preguiçoso, pois van moi amodo os vagóns cando se moven, como paquidermos, hipos ou rinos, que retozan na beira dun grande río. Para chegar alí, ás augas, a mirada detense nun muro irregular de contenedores de mercancías, de colores moi vivas, verdes, vermellas e azuis, con rótulos corporativos ilegibles. E áinda despois, o muro propiamente muro, enrella do e sistemático, as cabinas de control, tan semellantes ás de calquera alfández fronteiriza. A distancia fai que os trailers que van e veñen parezan móbiles de xoguetería e todo o decorado do peirao comercial, as naves, os silos, os depósitos de combustibles —circulares e gordinflós, ocultando con brancura a convulsa potencia do seu bandullo— parezan pezas dunha maqueta escolar. As grúas non.

As grúas do Centenario sáense da escala. Orabén, quais pola súa cadencia, condúcennos a un mundo de artefactos prehumanos, a unha imaxinería antídiluviana, de gigantescos proboscídos metálicos comedores de pedras e minerais. Xiran pausadamente os longuísimos pescos e o enfiado apéndice do morro foza con parsimonia nas mareas do peirao.

Por fin, o mar, o canal portuario. Para o engano proxectivo dos ollos, apenas unha lingua de auga que se anchea ordenadamente nas estancias do porto. Pero o que mira sabe que todo o demás ten razón de ser polo trazo expresionista no que escorregan os xoguetes coruñeses por excelencia, os inxenios mariños. Pesqueiros con volutas aladas, cabezudos remolcadores, mercantes de galana feitura, transatlánticos con perifollos, iates de lanzal fidalguía... O castelo de San Antón é hoxe un vixía mudo que xa non cota barcos. Pero o que mira, tendo como fondo do lenzo as lomas montañosas e os cons de Ferrolmar, coa anécdota efervescente da Marola, fundíndose en ceo con matices de chumbo, o que mira, digo, sabe que esa outra liña da cidade é certamente o que os que non miran teñen por cidade da Coruña. Nesa panorámica que vai do castelo que foi fortaleza e prisión, e agora é museo, ata as galerías da Mariña e o Ensanche, nese travelling de dereita a esquerda que segue o ronsel dun pesqueiro do Grand Sole que virou no dique de abrigo e vai camiño do balburdio do Muro, aí está, en fachada, o perfil darwinista da cidade. O corazón apiñado da Cidade Vella, co latexo impávido das campás eclesiásticas, coa fúnebre e marcial perennidade castrense, e cos fantasmas gremiais. Farán falta cataleoxos para descobrir as cegadas portas do mar e ainda máquinas do tempo para reconstruir as murallas, só reinventadas no recodo arborado de San Carlos. Pero logo, nunha baixada imperceptible desde o lonxe, o luminoso estoupiado burgués das casas de galería, ese achádego de extranxería posiblemente

inspirado sen complexos na Galicia vilega e agraria. Se forzamos o travelling á esquerda, nos Cantóns, o perfil vaise facendo irregular, ata estoupar nun diagrama caótico, que non temos porque chamar moderno pero sí actual.

A cidade é resultado dun acto de produción. Se forzamos a imaxinación, ao que está ben disposto o que mira, o diagrama caótico da esquerda iría desaparecendo e ata é posible que toda esa extensión —A Palloza, Catro Camiños, Linares Rivas, Os Cantóns— fora toda ela unha marisma, con area e herbas de mar, e mesmo puidera suceder que as ondas hoxe domadas da baía teimaran por abrazarse e revolcase en amores incestuosos coas augas bravas do Orzán. O territorio recuperaría a súa estatura natural alí onde o home foi menos comedido e mantería prácticamente o seu pimpín alí onde armonizou o seu acto de produción, na parte vella da cidade. Serían esos penedos erguidos en avangarda dun brazo areoso, o berce da cidade, con chouzas de pescadores nas antano marismas e con labradores alí onde a terra se facía negra, Oza, Mezonzo, Elviña... Ese acto caprichoso de abrir e pechar os ollos para borrar a cidade permítenos o exercicio de revirar imaxinariamente o acto da súa producción, facer con ela, en trazos subxectivos, o que fixo Van Gogh cunha silla, é un dicir, facendo de novo despois de que a fixera o carpinteiro. É un acto alegre e penoso. Comprenderemos como cos nosos trazos facemos outra cidade que é e non é A Coruña. Ao cabo, o que queda de orixinario, aquilo que non precisa reinventarse, é o ceo, ese vertiginoso videoclip que cambia o noso humor coa velocidade dunha antoloxía de gravacións sentimentais, a paisaxe verdadeiramente coruñesa, o ceo, ese ceo de Costa da Morte que vai civilizándose nas Mariñas.



# OURENSE: HAI CIDADES COMA MULLERES. E Ó REVÉS

**Manuel Guedes Oliva**

Escritor

30

Era Marcel Proust quen o dicía: non é dabondo unha excusión pola cidade para coñecela. É necesario excavala.

A min dáme no corpo que as cidades son coma as mulleres: hainas de distintas clases.

Por exemplo, existe a cidade imposible do mesmo xeito que existe a muller inalcanzable: a que se mira, pero non se toca.

E hai cidades, pola contra, que son coma a muller ocasional: tócase, pero non se mira. ¡Eu que sei! ¡Guadalajara!

E tamén hai cidades, do mesmo xeito que hai mulleres, que se ven e se tocan, que se espían e palpan. Hai cidades que nos están invitando a caer na tentación. E caemos.

Ourense pertence a esta última categoría. A cidade resulta daquela un proxecto de seducción... Vén daquela acontecendo que non é suficiente con mirar, isto é, con desexar. Que é necesario posuír á cidade. Amala deixa o sangue, como diría o poeta (que a terra che sexa leve Díaz Castro). E entón, cómpre que esta tamén se nos entregue. Que se ofrece a nós, enigmática e libre. Como sempre debe se-las seduccións, digo, as cidades: enigmáticas e libres.

Eu creo que por riba dos lugares comúns, eses que falan de Ourense coma unha cidade tan fecunda en artistas e etcéteras, se Ourense vén sendo un topo capaz de xerar tanta literatura sobre o seu entorno, digo eu que por algo será. Adóitase aquí facer comentarios moi profundos e etcétera, sobre o carácter ilustrado da nosa cidade, como se o argumento, a razón que provocase a súa alta ubicación na república das letras galegas, fosse algo ligado a tradicións culturais e asuntos de inquietanzas do espírito e cousas así, esencializadas co xeito de ser ourensán. (¡Abride a porta que non cabe dentro!).

Pois ben: iso non é verdade.

Máis ben vén resultando todo o contrario. Os nomes de Pérez Placer, Álvarez de Nóbrega, Lamas Carbajal, Marcelo Macías, Otero, Risco, Cuevillas, Blanco Amor, Xulio López Cid, Quessada, Casares, Ferrín, Martínez Oca, o propio Valente, e tódolos que inventaron de xeitos variados o territorio literario chamado Ourense, son nomes singulares, pero ben pouco representativos da nosa condición más propia. Son excepcións que xusto quedaron enguedellados a nosa cidade precisamente pola súa condición fronteiriza. É na fronteira de todo onde nace toda a literatura. Porque eu estou persuadido de que os tipos más paradigmáticos do que é Ourense, sómo-los canallas. Os canallas somos unha fauna particular que nos caracterizamos pola nosa definitiva propensión ó cinismo, ás situacións próximas ó límite de todo, e das que sen embargo saímos case sempre sen nos pringalo máis mínimo. Os canallas somos fanfarróns asilvestrados que gustamos do alcohol e da camorra, que somos capaces de pleitear sobre o sexo dun híbrido e facer do noso pleito unha cuestión de honor sureño, pois por algo os ourensáns sómo-lo sur alcóholico de Galicia. E é precisamente este vértigo o que nos di, o que nos debuxa, o que nos prende, o que prende a Ourense e o asolaga de gumes perversos, de infamias que nos ligan desde cativos ás esquinas do burdel e das navallas. E é aí onde é necesario agradecerelle ó azar, ¿ou acaso a un golpe de dados?, a ubicación do vello Instituto, hoxe «Otero Pedrayo», nun lugar de estratexias visgosas e inaugurais —estou falando de toda unha educación sentimental—, pois ata hai ben pouco, todo o bacharel ourensán descubría o mundo non nas aulas do Instituto, senón uns metros máis abajo: na rúa do Vilar, no centro do universo, no «vilare» da nosa fundación, nos lupanares.

Non debemos negar. Máis ben cómpre incluso que o proclamemos: a nosa cidade fixo de nós personaxes de melodrama suburbial. Áí están: o Capitán Bombillas, «O rei dos incensarios», O Cepo, A Marina, o Toñito Patata, os Fernández Boán, a María Andrea, o Pichín, Díaz de Cadórniña, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Don Alberto Aventuras, Rufino o Tolo, o Pepiño das Pombas, o Pichagrís e a Ramona, os sete sabios que son: Morrón, Pachete, Portela, Redes, Carnixo, Oso e Cacheiro... Xan Brencellao, Guindo Cereciña, Don Leonardo Fernández de la Peña, Don Crispulo del Rancaño, alias Prosodia, Don Juan de la Coba Gómez, inven-

tor dun idioma que só el coñecía e do que deixou extensa obra: O Trampitán, etc., etc., e sobre todo unha tipa cun puñal como signo definitorio da súa identidade: a néboa.

A néboa é a nosa condición más propia. O rasgo más esencial da nosa personalidade de ourensáns é esa cousa mesta e orixinal que nos pon audacia ó crer que os nosos pasos son enigmáticos, libres de olladas, clandestinos, e daquela considerarmos que a nosa dobré vida inconfesable está perfectamente protexida por esa cortina neboenta, mellor dito, por esa contra de silencios e humidade con que a brétema resolve os outonos e a invernía ourensá. Por iso os ourensáns somos neboentos.

Estou convencido de que Ourense seguiría sendo a mesma cidade sen Vicente Risco ou sen Otero Pedrayo. Sen embargo eles non serían os mesmos sen Ourense e sen certas altas noites neboentas de cafés cantante.

¿Que sería de Blanco Amor sen a infamia, sen o seu amor pola estirpe dos ebrios? ¿Que sería de Ourense sen a súa condición prostitularia? ¿Sen os matóns de opereta, bufós, ridículos e prosopeicos? ¿Que sería da literatura ourensá sen os macarras? ¿Como ía dar Ourense novelas e relatos como «A Esmorga», «Xente ó lonxe», «Os camiños da vida», «Familia de agrimensoras», «Xaque Mate», «La Catedral y el niño»... sen que detrás das súas palabras non existise a mirada canalla e cómplice dos personaxes contra o escritor?

¿E sobre todo, que sería de Ourense sen as putas? ¿Que sería de Ourense sen a Rúa do Vilar e sen Calpurnia Abana Aeboso?

É esta a fascinación que exerce Ourense. Mellor dito, era esta. Hoxe as putas, os macarras, o burdel, xa non son o que eran: aquel proxecto de fábula constante, aquela permanente promesa de simulacro, aquel artefacto que nos invitaba a mentir, a retratar, a reiventar, a desvelar, a novelar.

Pero aínda hai debaixo desta cidade mil ríos ocultos. Ou un gran lago no que flota gran parte da nosa loucura, esa condición que bebemos cada día en tragos medidos e en audacia. Seguiremos sendo neboentos de aquí ó fin do mundo.



# MECÁNICA PUPULAR: «DAS KAPITAL».

## ARTEFACTO E FUNCIÓN

### (ACUMULACIÓN E EMISIÓN)

**Suso de Toro**  
Escritor

Por máis que sexan obra humana hai cidades que son naturais. Responden a regras de azar e, ou, necesidade, pero dentro dunha economía do natural. Santiago non. Santiago non é natural. Non responde a ningunha lóxica nin economía de esforzos ou materiais. O lugar é emplazamento sen nada de particular que non era atravesado por rotas de ningún tipo. Non hai recursos materiais que xustifiquen un asentamento, nin mar, nin río, nin veiga.

Pero non é natural grabar un labirinto na pedra, non é natural construír un labirinto de pedra. Santiago é pura artificialidade. Unha cidade pura vontade de ser. E a vontade móvese pola fe en algo. Santiago existe a poder de fe, unha fe relixiosa neste caso. Unha fe tan potente que ergueu unha cidade de súpito onde había carballos.

Pero a fe non é perpetua. Por humana, non dura sempre. De maneira que ten que haber forma de gardala, de preservala, para tempos de incredulidade. Ten que ter unha base ampla na que teña descanso e refuxio. Santiago é unha vertical que emite enerxía en ondas, un facho, antea, e ese emisor ten unha base ou unha batería de gardar enerxía, un labirinto.

No século XVII aparece definitivamente cristalizado no urbanismo o que se viña prefigurando desde o nacemento. Para aquel xa existen, súpetas entre a paisaxe de carballos, as dúas torres da catedral, enormes, ¿disformes? Ao seu redor, alá abaixo, insignificantes, casas e pazos de un ou dous sobrados que dan voltas confusas dentro dunha muralla circular.

Como se deduce desa natureza de emisor e batería, a función de Santiago de Compostela é de recibir e transformar materias primas da cultura, demandas ou pulsións sociais e culturais difusas, en enerxía que se irradia en mensaxes.

Compostela, este aparello urbano, foi utilizado para irradiar dúas mensaxes consecutivamente. A primeira foi a mensaxe para a cal foi construída, unha identidade cristiana europea. E moi logo e cun radio máis curto outra idea, non por más modesta menos universal, este occidente europeo como Galicia.

Esta función de xerar, almacenar e emitir enerxía esixiu lle unha grande especialización á cidade. Por iso Santiago renunciou a ter industria ou apenas comercio. A de Santiago é unha economía das mercadurías invisibles. De aí esa apariencia evidente da cidade de artefacto de pedra instalado na paisaxe.

Poucas cidades haberá tan pouco camufladas no entorno, sen zonas de transición entre campo e cidade, con tan pouca vontade de estenderse. Santiago case non ten periferia urbana. Está Santiago e están as leiras. Nídio e sen transición. Entredes pola estrada que entredes pasaredes directamente das cortiñas e os repolos ás rúas. Ao pé dun monte unha máquina emite a súa mensaxe, emite a súa mensaxe.

De seguro que o método e a técnica poderían verificar de xeito exacto os procesos de absorción e acumulación de materia prima e da súa transformación en enerxía coa súa posterior emisión. Tamén a secuencia de fases de funcionamento e fases de descanso. De seguro que si.

Eu osarei apuntar, con carácter indicativo, primeiro, a importancia do sustrato cultural de Galicia, común cunha ancha franxa europea, como condición que permite a instalación do aparello. Había neste emplazamento materia prima susceptible de ser transformada en sinal recoñecible. E, segundo, a aportación dos que son atraídos polo sinal emitido, creándose así un efecto «feed-back». Isto con respecto ao sinal orixinal, a idea cristiana de Europa.

O proceso é moi semellante con respecto ao segundo sinal emitido, «Galicia como Galicia en si mesma» (non necesariamente ensimesmada). As enerxías difusas e confusas do país acoden aquí e transfórmanse en enerxía. Para este segundo período e sinal é importante a existencia dun xerador específico, a Universidade.

A Universidade vai concentrar constantemente a enerxía da xuventude e a ciencia e pensamento do tempo. Así mesmo Compostela será o lugar a onde calquera particula



de nación fluctuante acode atraída durante sempre.

Este segundo sinal, coma o anterior, foi emitido con diversas frecuencias e intensidades e ten chegado e sido recibido polas nosas xeracións. Mesmo ao aparello inicial se lle teñen engadido acumuladores de reforzo. Cando non chegou o labirinto inicial intramuros a propia cidade creou un segundo labirinto, chamado «Ensanche», que responde ás mesmas regras da claustrofobia que o orixinal.

Pero esa mensaxe esváese, parpadexa a lámpada do sinal no receptor, vaise, volve, hai parásitos, non se recibe ben nun éter atmosférico sobresaturado de ondas e mensaxes. Precisa hoxe de novas fontes de enerxía. Santiago, ese aparello que nos chegou sen nós saber qué era, cumpliu un ciclo e precisa unha renovación tecnolóxica para unha nova xeira. E precisa, sobre todo, novas fontes de enerxía.

Á altura do noso tempo esa enerxía só pode vir de dous xeradores autónomos que neste momento están a producir enerxía que reborda a capacidade das súas baterías e se está a perder. Non é o mesmo autosuficiencia que narcisismo enerxético. Falo de A Coruña e Vigo. O novo sinal que nos convoque debe estar fabricado coa enerxía da cultura urbana que estes dous xeradores, principalmente, deben fabricar.

Así mesmo compre reciclar o persoal que manexa o emisor. Os habitantes do labirinto, os picheleiros, picholeiros, somo presa doada para os espellismos. Afeitos a vivir confortados ao abeiro de rúas claustrofóbicas desacóuganos os espacios abertos, os horizontes anchos, os desafíos. A cultura de pícaro, escéptico e lacazán, deberá deixarse fecundar por unha moral de persoas libres, ou sexa con responsabilidades, e unha ética da acción. Pedir iso dunha cidade católica e apostólica é certamente pedir miragues. Pero para iso falamos de Compostela. Confiamos na vontade, na fe e na ciencia. Amén.

# VIGO, POLÍTICA URBANÍSTICA NA ETAPA DEMOCRÁTICA DO CENTRO HISTÓRICO

Xaime Garrido Rodríguez

Arquitecto

32

No eido do urbanismo e a arquitectura histórica da cidade de Vigo, debemos considerar dúas zonificacións esenciais: por unha banda a que constitúiu a antiga praza fortificada dos arrabaldes da Ribeira do Berbés, Falperra e Areal, con trazado espontáneo e irregular, e por outra, o Ensanche cara o este, producido a finais do século XIX e comenzo do presente, cunha planificación de viais e rectilíneos que en gran medida se cruzan ortogonalmente.

A etapa de desenvolvemento das décadas de 1960 e 1970, incidiu negativamente no sinalado centro histórico cunha considerable degradación motivada polas derribas de edificacións de interés cultural e construcción de novos inmobles, que pola súa altura, materiais e composición, contrastaron fortemente co seu entorno inmediato. As adicións inadecuadas e as mutilacións das plantas baixas con apeos para abrir grandes escaparates, sumáronse nese contínuo deteriorio que viña sufrindo a cidade histórica.

Con anterioridade á formación dos novos concellos democráticos, regulados pola Constitución Española aprobada o 31 de outubro de 1978, data na que o país comenza a súa andadura democrática, tomáranse xa algunas medidas protectoras que, aínda que chegaron tarde e eran insuficientes, constituíron un valente paso ante unha sociedade xurdida da posguerra, de escasa sensibilidade cara o patrimonio arquitectónico que non fose o monumental (catedrais, igrexas, castelos, pazos, etc., románicos, góticos, renacentistas ou barrocos).


A primeira medida xorde da Real Academia de Belas Artes de San Fernando co apoio de Sánchez Cantón en 1945, para protección da rúa Real, a Praza da Constitución, a Colexiata e as casas renacentistas da Praza de Almeida, frente ó proxecto de «Reforma interior, ensanche e extensión de Vigo» de 1943 do enxeñeiro Manuel Cominges, que contemplaba a súa desaparición para a construcción de amplios viais. (Declaración de monumento histórico-artístico, D. 8 de febreiro de 1946).

PLANO DE VIGO 1880  
Manuel Fernández Soler

A outra disposición foi levada a cabo en 1977 polo alcalde da derradeira corporación franquista, García Picher. Neste primeiro «Catálogo de edificios e conxuntos a conservar», establecerónse unhas ordenanzas protectoras para uns 55 edificios e 10 conxuntos do ensanche vigués de finais do XIX e principios do XX. O Plan de Ordenación Urbana de 1971, lonxe de protexer esta histórica zona urbana, atentaba contra ela ó permitir edificacións de maior altura (segundo o ancho da rúa) que a establecida por unha liña de cornisa xa consolidada, e por algúns novas alineacións en zonas totalmente edificadas.

O alto deterioro do patrimonio urbanístico-arquitectónico vigués, motivou a inclusión nos programas electorais da esquerda, da promesa de atender convenientemente a faceta de mellora-la cidade, e polo tanto a calidade de vida dos seus cidadáns. Na propaganda electoral do PSOE de 1979, e que desde entón ata o día de hoxe, foi o partido político que gobernou a cidade, entre outras cousas, aseguraba na súa política urbanística: «Hai que rematar con esta selva de cemento, asfalto e altos edificios que nos deixan os alcaldes e concelleais de dereitas que só serviron os intereses especulativos duns poucos. Cómpre abordar un urbanismo de calidade que humanice a nosa cidade... E, por suposto, dicta la normativa axeitada que impida a derriba de edificios de interés histórico-cultural...».

Cara finais de 1981, o Concello encargou ó equipo «Ardinan-Cinam Española» dirixido por José Antonio López Candeira, a redacción do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (P.X.O.U.), e que tras moitas peripécias, non sería aprobado definitivamente ata o 22 de febreiro de 1988. O mesmo tempo ou pouco despois, encárgase ó mesmo equipo, a elaboración do «Plan Especial de Protección de edificios, conxuntos e elementos a conservar de Vigo» que, trala súa aprobación inicial polo Concello o 30 de xuño de 1983, sufriu algunas modificacións ata a súa aprobación definitiva antes de finaliza-lo ano 1985, é dicir, algo máis de dous anos antes que a aceptación do citado P.X.O.U.




Este Plan Especial comprende a área do Ensanche, mentres a zona máis antiga da cidade, quedaba supeditada ó «Plan Especial de Reforma Interior do Casco Vello», que non chegou a constituir máis que un avance de planeamento.

Nel estableceronse tres graos de catalogación para os imóveis: **conservable integral** para uns 60 edificios, **conservable básico** para 140 ou pouco máis e **conservable parcial** para outros 50, o que totalizaba 250 edificios con algún tipo de protección. Unha comisión de seguimento do Plan, nomeada polo concelleiro de Urbanismo, era a encargada de informa-los expedientes que chegaban á mesma.

Neses cinco anos de vixencia do Plan Especial de Protección de edificios, conxuntos e elementos a conservar, con excepción dalgúnsas obras ilegais, sobre as que o Concello non tivo actuacións contundentes para que non se producisen, fóreronse recuperando algunas edificacións antigas, restaurando os seus cerceados baixos comerciais e controlando as adicións e as novas edificacións para que harmonizasen co medio arquitectónico no que se situaban.

O P.X.O.U. de Vigo, no que se ocuparon preto de oito anos para a súa elaboración e aprobación definitiva, só tivo unha vixencia de dous. Ó pouco tempo da súa aplicación, procedeu-se á redacción doutro co título de «Adaptación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo á Lei de Adaptación da do Solo a Galicia», aprobado en sesión do 16 de febreiro de 1990. Nesta nova planificación, realizada e aprobada nun tempo récord, algúns foron moi afortunados ó ver recalificados uns terreos que mercaran a baixo prezo pouco antes.

O cambio para a área central ou centro histórico consiste fundamentalmente nunha volta ó P.X.O.U. de 1971, onde a altura da edificación se establece en función do ancho da rúa. Isto obrigou a redactar un novo «Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar» que se encontra en período de tramitación, onde se liberaliza a posibilidade de modificar e ampliar con adicións pastiches o edificio histórico.



O cambio tan radical da descatalogación de edificios a conservar, xustifícase polo «incremento de demandas de espacio para actividades de centralidade urbana», que non é outra cousa que a concesión ás miras especulativas do negocio da promoción constructora na área central da cidade.

Despois dunha política protectora do patrimonio histórico-arquitectónico que durou unha década, e cando os resultados parecían satisfactorios, deuse un xiro de cento oitenta graos coa redacción dun novo plan que está a punto de ser aprobado e que resulta confuso, contradictorio, onde se descatalogaron os edificios históricos, onde se condiciona como elemento estético a adición do pastiche, etc., é dicir, produciuse unha aceptación daquela «selva de cemento, asfalto e altos edificios...» que se criticaban ó principio.

Teño a triste impresión polo que respecta á protección do legado arquitectónico, de que nos imos atopar en peor situación que na década de 1970, xa que a especulación pasou da área periférica, xa colapsada de vivendas-colmea sen espacios verdes, á demanda de oficinas e locais comerciais no centro histórico.

O desprecio polos edificios históricos (desde o Concello promoveuse a derriba da antiga Estación do Ferrocarril, o antigo Pazo de Xustiza, as casas do «Pueblo Gallego», etc., etc.), o gusto polas obras faraónicas e o aplauso ó neodensovolvemento edificatorio parecen se-los condicionantes da política actual.

34



1

Unha vista da cidade de Vigo desde o Monte da Guía permite apreciar o caos urbanístico xa irremediable. No centro histórico formado pola antiga praza amurallada e no ensanche de finais do século XIX con alianción de cornisa consolidada, o P.G.O.U. de 1971, permitiu a edificación en altura.

2

A actual Ribeira do Berbés só conserva o nome. As edificacións xorden en total desorde e as medianeiras cobrense de teas aluminásicas que acentúan a súa fealdade cos reflexos solares. A cidade xa non se reflexa no seu mar, ainda é máis, o ciudadán de a pé xa non pode nin velo por se atopar taponado con edificacións, tinglados, asteleiros, muros de peche, etc.


3

Na área central (ensanche de finais do XIX e comezos do XX) con algunas novas e altas edificacións erguidas no lugar ocupado por edificios históricos derrubados, puxeron as súas miras especulativas algunas axencias e sociedades promotoras co beneplácito da maioría política do Concello vigués. Na fotografía a céntrica rúa Urzáiz e a do Príncipe á fondo.



4

A especulación da construcción nas décadas 1960 e 1970, promovida desde o Concello (o edificio más alto construíuse nun solar municipal, onde se ubicaba o mercado de A Laxe), tapou e afogou o centro histórico vigués. A fotografía amósanos a primeira liña de edificación no centro histórico vigués estando asentados os inmobles no lugar que ocupaban as murallas e baluartes do século XVII.



6

O histórico edificio de Jenaro de la Fuente Álvarez da fotografía, xunto con outras seis edificacións antigas na mesma liña de fachada, e que fora catalogado como de conservación integral no P.E.E.C. de 1985, foi posto fora de ordenación no novo P.E.E.C., para o ensanche inxustificado da rúa Urzáiz, onde se sitúa.



## 2.ª ALEGACION AL PEEC

AL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE VIGO

CLEMENTE SEQUEIROS SESTEO, presidente de la Subdelegación en Vigo del COLEGIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, actuando en representación de dicha Corporación, según autoriza el artículo 34 de los Estatutos para el Régimen y Gobierno de los Colegios de Arquitectos de España, con el debido respeto

DIGO:

Que, abierto el período de información pública, con motivo de la aprobación inicial del Plan Especial y Catálogo complementario de Edificios, Conjuntos y Elementos a Conservar, comparezco en él, para decir lo siguiente:

Teniendo en cuenta que en fecha 14 de octubre del 89, esta Corporación presentó Alegaciones al Plan expuesto en su día y dado que el texto que ahora se presenta a información pública no modifica el fondo del Plan y solamente se ha limitado a corregir algunos errores (no todos) puntuales, entendemos que la Alegación presentada en su día es perfectamente asumible ahora con ligeras modificaciones introducidas en la misma que matizan algunos aspectos del mismo.

### ALEGACIONES:

1. Cuando se aprobó en su día el Plan Especial de Conjuntos y Elementos a Conservar, parecía plenamente justificada la urgencia de su entrada en vigor, ante el deterioro que se estaba produciendo en el caso de la ciudad. El hecho de su aplicación durante estos últimos años, ha dado como consecuencia, actuaciones más controladas desde la Administración y, sobre todo, más adecuadas al entorno. Por esto, cuando se plantea una modificación de dicho Plan, necesaria a todas luces, los condicionantes de partida, no son los mismos y esta modificación se debe y tiene que hacer, valorando la experiencia adquirida y profundizando en las soluciones que se plantean.

Del examen del documento sometido a aprobación inicial, se desprende que este estudio es superficial y precipitado en muchos casos.

2. En el documento resulta demasiado complicado de consultar, justificando con carácter general, calificaciones complejas e interrelacionadas entre sí, que luego se resumen en fijar número de plantas y alturas en función del ancho de calle, sin existir una relación entre dichas calificaciones y la ordenanza concreta que se aplica.

3. El documento ha ganado en cuanto a información que aporta de cada edificio, aunque existen contradicciones entre la escala 1/1.000, y la escala 1/200 del catálogo, sobre todo si se compara con el Plan Especial actualmente en vigor. Esta información, aunque mejor, resulta insuficiente en muchos casos y, sobre todo se queda corta en definir claramente lo que se puede hacer en cada edificio.

4. La descatalogación y el cambio de catálogación de otras, respecto al vigente Plan Especial, requiere una más profunda justificación, sobre todo si tenemos en cuenta, que de 60 edificios catalogados como Integrales, se ha pasado a un edificio Integral. Este cambio de criterio, requiere una explicación general y, sobre todo, una justificación específica en cada caso. En este sentido, se echa de menos en el catálogo, la aportación de datos históricos y estéticos de cada edificio que conduzcan a un mejor entendimiento de su catalogación y aporten datos para lograr una mejor solución arquitectónica.

5. El trazado de las alineaciones interiores es más propio de un Plan de Alineaciones (tipo Plan General de 1971), planteado para un ensanche de la ciudad, que para una zona de trama urbana consolidada en un 99%, y que ha surgido como resultado de la superposición de diversos planeamientos a lo largo del tiempo.

Bajo este prisma, el tratar de unificar una alineación interior de manzanas ya consolidadas, de forma anárquica dejaría por definición, al 90% de los edificios fuera de ordenación, con las consecuencias que establece el propio documento para edificios por ordenación, que no respeta las alineaciones del Plan.

También hay que hacer mención a la imposibilidad física en la mayoría de los casos, de poder cumplir la alineación propuesta, lo que llevaría a la consecuencia lógica de poner en duda la propia eficacia de la Ordenanza.

6. El tratamiento de medianeras, que deberían de ser hechos puntuales con soluciones muy concretas en cada caso, está condicionando la altura de los edificios colindantes y, en definitiva, a la manzana, lo que no deja de ser paradójico, tratar de ordenar la manzana en función de aquellos edificios que el propio Plan califica fuera de ordenación.

7. Existe, a nuestro juicio, un excesivo número de consultas que se remiten a la Comisión de Seguimiento del Plan. Este es un argumento que apoya la tesis de la poca profundización del Plan y, por otro lado, deja en manos de la Comisión la resolución de numerosos problemas. El carácter específico del Plan Especial, obliga a una mayor toma de decisiones en determinados casos. La Comisión debe existir para la interpretación de criterios ya establecidos previamente en el Plan, no para planificar sobre la marcha.

8. Se pretende que las adiciones, en la mayoría de los casos (cuando no se retranquea), sean miméticas respecto a las existentes. Esto significa, la consideración de que existen edificios sin terminar o que el planificador considera que las obras ya ejecutadas, pueden ser objeto de adiciones sin límite, pues no se considera que la composición de fachada de un edificio se realiza bajo unas normas de ordenación, que hacen que posea un principio y un final.

Es evidente que repetir miméticamente, es la solución más fácil, pero no la más adecuada como regla general en la composición de una obra de arquitectura, aunque pueda ser justificable en algunos casos.

9. Es excesivamente compleja la justificación de los grados de catalogación e intervención en cada edificio (fundamentalmente en los estructurales y ambientales), para luego terminar definiendo condiciones de volumen, por ancho de calle. Además de una lectura del documento, se deduce que se permiten sustituciones estructurales, de cerramientos... etc., pero con oficios ya desaparecidos (forjados de madera, estructura vertical de muros de piedra... etc.) salvo que sea una equivocada interpretación de quienes suscriben, parece una inadecuación a la realidad constructiva actual.

Por otro lado, parece excesivamente rígido, que para determinadas soluciones, sólo se planteen unos determinados colores y textura.

10. Algunas soluciones que se plantean de restitución de manzanas enteras, variando la alineación existente y descatalogando edificios Integrales Básicos y Parciales (como la manzana Urzaiz/c/Lepanto/Bajada a la Estación), necesita de una justificación más profunda que la simple ampliación de la calle para una mejor circulación vial en ese tramo.

Como resumen entendemos que el Plan es confuso en cuanto a su redacción, y que las soluciones formales propuestas, entran en contradicción con el propio enunciado del Plan «PLAN ESPECIAL Y CATALOGO COMPLEMENTARIO DE EDIFICIOS, CONJUNTOS Y ELEMENTOS A CONSERVAR», consiguiendo en muchos casos, lo contrario de lo que parece pretenderse.

Dada la base de información que sí se posee del Plan aprobado inicialmente, convendría no tener prisas en aprobarlo definitivamente, sino más bien, completar los estudios particularizados de cada edificio, conjunto o elemento a conservar, eliminando los párrafos, farragosos de ordenanzas, que sólo crean confusión en su aplicación, haciendo un verdadero plan de conservación, y no un plan de extensión y ensanche en el que la edificabilidad en conjunto es superior a la que prevé el Plan General para ordenanzas similares.

Al Ayuntamiento SUPlico: Que por recibo de este escrito, se tenga por bien hechas, en tiempo y forma, las alegaciones que contienen; se me tenga por personado en concepto de interesado, en el expediente de su razón, en la presentación alegada del COAG, y se entiendan conmigo las sucesivas diligencias, notificándome las resoluciones que se produzcan, y, en definitiva, se acojan las anteriores manifestaciones, en el texto que sea sometido a aprobación provisional.

Por ser así de justicia, que pido en  
Vigo, a 19 de junio de 1990.



## ENTREVISTA A XOSÉ GONZÁLEZ-CEBRIÁN TELLO

36

Xosé González-Cebrián Tello realizou estudos de arquitectura nas E.T.S.A. de Barcelona e Madrid, cidade ésta na que rematou a carreira no curso 1969-70.

A súa etapa universitaria está ligada pois ós núcleos de debate urbanístico que existían naqueles anos, ben entorno a M. de Solá Morales na ETSA de Barcelona ben na Cátedra de Emilio Larrodera en Madrid. Nesta última contacta con Ferrán, Mongada e outros profesionais.

Estudia Urbanismo no Instituto de Estudios da Administración Local de Madrid. Inicia a súa actividade profesional no ano 1971 na cidade da Coruña cun traballo de planeamento parcial.

Dende 1972 a 1974 e xunto con Julia Fernández de Cabeza reside en Los Angeles (California) donde realiza os Master de «Deseño Urbano» e «Planeamento Rexional e Urbano» polas universidades U.S.C. e U.C.L.A.

Entrementres, como bolseiro da Fundación Barrié, elabora un traballo sobre os Campus Americanos e aborda a práctica profesional no gabinete de William Pereira and Associates en temas de deseño urbano.

Ós seus traballos como Arquitecto Municipal da Coruña e como profesor titular do Departamento de Urbanismo da E.T.S.A. dessa mesma cidade engade unha intensa actividade profesional centrada exclusivamente en traballos de planeamento nos seus diferentes escalóns.

En 1990 ocupa a «Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo» da Xunta de Galicia. Dende aquí impulsa a Revisión das Normas Provinciais de Planeamento das catro provincias galegas.

## OBRADOIRO

¿Cales son as bases teóricas sobre as que articula che túa experiencia profesional no campo urbanístico?

## P. CEBRIÁN

A nivel teórico-profesional, interesáronme fundamentalmente autores como Raymond Unwin, Sharp (*Anatomy of a village*), e moitos dos traballos profesionais dos ingleses das décadas 40-50.

Planificar en Galicia, ten que contemplarse desde a intervención no mundo rural e nese sentido, creo que as experiencias saxonas son as que máis se aproximan á nosa realidade. A reflexión académica axudoume fundamentalmente, a priorizar certo tipo de lecturas nesa liña.

## OBRADOIRO

A túa tese doutoral sobre «A cidade a través do seu plano», parece que che foi útil para enfocar a túa práctica profesional ulterior.

## P. CEBRIÁN

O tema suxeríomelo M. Solá-Morales. Eu viña traballando sobre a cidade da Coruña desde había moitos anos, era unha asignatura pendente que iniciara no 1971 con M. Gallego e que logo, a miña estancia no Concello me permitiu matizar.

Pero a tese era moito máis interesante que esmiuza-la cidade, era explicala desde o entendemento do seu plano en cada momento, e iso permitiu apreciar con claridade meridiana como os planos en Galicia eran «instrumentos» incluso superiores ós plans, para explicar e mesmo para encauzalo crecemento dos núcleos menores.

A partir de entón, preocupeime sempre de contar cunha cartografía que nós construímos exprofeso para realizar as nosas propostas e que basicamente representa un dos maiores esforzos no traballo.

1. P.X.O.U. A Coruña, 1985.

Aliñacións.

Vista da maqueta da proposta.



## OBRADOIRO

Outro dos temas que observamos e que che preocupa de maneira fundamental é o do parcelario.

### P. CEBRIÁN

Para mim é o punto clave das actuacións en Galicia. O peso da propiedade é tan crucial, que non partir da súa estrutura para tratar de readaptala dun xeito racional é dirixirse ó fracaso, tanto polo rexeitamento masivo da propia proposta, como pola imposibilidade da súa xestión ulterior.

Coñece-lo parcelario, é coñece-las tendencias das actuacións futuras, a accesibilidade, a posible dimensión das actuacións, as posibilidades ou non dunha xestión conxunta.

Os nosos núcleos, case sempre á marxe do planeamento, fixérense sobre as parcelas, dividíndoas segundo a lóxica dos seus propietarios. Reencontra-la traza común a elas, presentar propostas que desde a visión xeral non irrumpan radicalmente nas particulares, é un labor complexo que só contemplando a base parcelatoria poderá resolverse.

## OBRADOIRO

¿Cales foron profesionalmente os teus primeiros traballos urbanísticos?

### P. CEBRIÁN

Desde que volvín dos Estados Unidos ó comezo de 1975, tiven interese en materializar algúun traballo específico de planeamento urbanístico, pero a verdade é que era moi difícil «entrar neses temas». Por una parte practicamente non se facía planeamento, ningún o encargaba.

Os pregos de condicións primaban de forma descarada a experiencia, sen entrar se era boa ou mala, só o ter feito traballos. A preparación e interese eran secundarios. Neses condicións era praticamente imposible traballar. De feito o meu inicio en traballos concretos, os primeiros foron: Ordes, P. do Caramiñal e Malpica, prodúcese entre 1980 e 1985, é dicir, dez anos despois de ter acabado. A verda-

de é que antes, en 1971, tivera a oportunidade de traballar no Planeamento Parcial dunha zona moi complicada da Coruña, Santa María de Oza - O Souto, pasei traballando ano e medio naquel tema e non serviu para nada, incluso só cheguei a cobrar a metade do traballo por cuestións contratuais, era un convenio global entre o Concello e a Delegación do C.O.A.G. para a redacción do planeamento parcial da cidade, e a verdade é que foi un fracaso. Aquela primeira experiencia serviu-me para decatarme do complexo dos temas urbanísticos.

## OBRADOIRO

Desde 1977, ano no que te incorporas ó Concello da Coruña, será un momento fundamental o das primeiras Corporacións Municipais democráticas no 1979, coa iniciativa de revisión do P.X.O.U. do 1968, ¿que temas de interese se propuxeron na redacción deste plan?

### P. CEBRIÁN


O plán ó facerse desde o Concello permitiuños adaptalo ás necesidades específicas da cidade, que se centraban daquela, como en case tódalas ciudades españolas que revisaban o seu planeamento, na necesaria disminución de edificabilidades (alturas), a protección do patrimonio histórico, o tratamento en detalle das novas zonas de crecemento e expansión da cidade, a análise e desenvolvemento dos distintos de núcleos rurais así como na estratexia de obtención de solo.

Propuxemos como indispensable para a redacción do plan, contar cun equipo asesor, que vise o problema urbanístico con outros ollos, por un lado, desde unha experiencia previa en traballos semellantes, por outro, desde un alonxamiento do cotián que permitise un distanciamiento eficaz de temas, moitas veces, unicamente de intereses locais.

Aquel equipo estaba formado inicialmente por Carlos Ferrán, Bernardo Ynzenga e Ramón López de Lucio, posteriormente, concretouse unicamente en Carlos Ferrán e a par-

2. Núcleos rurais de Mesoiro e Feáns.

3. Proposta na zona de Elviña.



2



3



ticipación de Manuel Sola-Morales só na proposta de expansión urbana cara os terreos da Avenida de Lavedra no que hoxe ocupa o Hipermercado Continente e o Plan Parcial Matogrande.

Lamentablemente, esta proposta e outras moitas que contemplan o Plan orixinal perdérónse en aras do pragmatismo do inmediato (varios de maior velocidade, localización de hipermercados, cesións de solo rápidas) como ocorreu noutras cidades.

Outro tema que a mién especialmente me interesou, foi abordar-la problemática dos núcleos rurais a escala adecuada. É dicir, profundizar en reflexións que se efectuaran xa no tema de núcleos rurais, pero que non se materializaran en planos concretos e no detalle axeitado.

Para trata-lo tema dos núcleos rurais, partimos da cartografía a escala 1:1.000 e dun minucioso recoñecemento dos mesmos, que elaboramos gracias a que tampouco eran tantos. Iso permitiuños resolver conflictos que se presentaran entre formas de ocupación históricas —os núcleos— e posibilidades de planeamento parcial, sobrepostas a eles polo anterior Plan Xeral, que nunca se levaron a cabo.

#### OBRADOIRO

Outro dos temas que contemplaba o Plan era a defensa do patrimonio...

#### P. CEBRIÁN

Esa era unha das asignaturas pendentes cando eu entrei no Concello no 77. Naquel momento, asistíamos á destrucción sistemática de edificios de gran valor arquitectónico como consecuencia das posibilidades edificatorias que o anterior Plan Xeral concedía.

O labor desenvolvido naqueles anos pola Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia alertando da destrucción dos centros históricos en Galicia, foi asumido polos grupos políticos que configuraron os primeiros concellos democráticos.

Acordádevos que o primeiro labor que fixemos desde o Concello previo ó Plan, foi a formación de precatálogo de edificios e zonas a conservar. Logo e xa dentro do P.X.O.U., elaboramos un catálogo e propuxemos unha política restrictiva para as áreas a manter e sobre as que establecímos con carácter prioritario a necesidade de redacta-los Plans Especiais de Protección. Desgraciadamente e a pesar do tempo transcorrido desde entón, non se chegaron a culminar aqueles traballos que se ven tan necesarios.

#### OBRADOIRO

No período de 1980 a 1985 emprendíche-la realización dalgúns documentos urbanísticos de municipios menores, ¿que aspectos che parece que deben suliñarse sobre esas experiencias?

#### P. CEBRIÁN

En efecto, naquel momento traballei na redacción das Normas Subsidiarias Municipais de Ordes, Malpica e P. do Caramiñal.

En xeral, a experiencia de intervención en núcleos menores pode calificarse de extremadamente complexa polas presións e situación de partida totalmente a marxe de calquera orde.

Nos núcleos costeiros, sobre todo nos de características mariñeiras, o labor aínda se fai máis difícil, xa que existe unha tradicional estructura parcelaria moi miúda, en xeral vinculada á dimensión do remo, e sobre ela produciríense substitucións edificatorias en función do número de fillos, é dicir, edificios que teñen dous, tres, catro plantas como consecuencia da dimensión familiar.

En xeral, pode dicirse que a actividade urbanística en Galicia aparte de ser complexa, lenta temporalmente, mal retribuída e de grandes dificultades para que se aprobe, entraña en moitos casos riscos físicos reais.

#### OBRADOIRO

¿Cales son as razóns fundamentais dessa situación nos núcleos menores?

#### P. CEBRIÁN

Son varias, historicamente un desenvolvemento edificatorio a marxe de calquera orde. Os veciños foron construíndo en función das súas necesidades. En moitos casos resolven problemas vitais, constrúen sobre as súas parcelas as casas dos distintos membros da familia. A mién sempre me preocupou diferenciar a necesidade vital da lucrativa. Creo que en Galicia hai zonas moi diferentes onde se dan esas formas de comportamento que ás veces non é tan claramente divisible.

Outra razón fundamental é a pouca dimensión urbana de Galicia, aínda que hoxe existe unha tendencia á concentración da poboación, a realidade é que non hai un número importante de núcleos de entidades que encaisen en modelos urbanos. Cando os hai, e aí é onde hai que intervir urbanisticamente, os intereses, tensións e despreocupación municipal fan moi difícil actuar.



4. A Guarda.

5. Moaña.



5

Eses dous aspectos anteriores únense entre si, e explícan a non existencia de planeamento ó longo do tempo, a falta de entendimento dunha lexislación urbanística que normalmente trata o problema da cidade e que por iso costa tanto que se asimile.

Se a iso engadimos a escasez de técnicos nos Concellos, que son os que deberían ir dirixindo esas necesidades e a pouca credibilidade da nosa Administración en tódalas esferas e en todo o estado, imos engadindo razóns a esta situación real.

A profunda división da terra, a ausencia de crecementos significativos, a falta de preparación neste campo de técnicos e políticos, son aspectos que se suman ós anteriores facendo complexísima a intervención real.

Non obstante, ós poucos, vanse conseguindo certos logros que abren un conxunto de racionalidade. Nese sentido a presencia de técnicos adecuados nos Concellos é fundamental.

#### OBRADOIRO

Una situación semellante despréndese da lectura do teu artigo na revista «Urbanismo» sobre o «P.X.O.U. de Pontevedra, o parcelario como protagonista urbanístico». ¿Presentáronse eses problemas tamén en Pontevedra?

#### P. CEBRIÁN

Si, tiña moi de parecido coa situación anteriormente descrita. Ademais coa experiencia do Plan da Coruña que era un documento que provocaba dificultades para a súa xestión áinda contando o Concello cunha capacidade económica, técnica e administrativa non comparable coa de Pontevedra.

Por iso propuxémonos redactar un Plan que fose fácil de entender e de aplicar. Volvemos a redactar un daqueles Plans de Aliñamento da época do Estatuto do 24, que foron os únicos documentos útiles de verdade na historia das nosas ciudades. De feito Pontevedra móverase a partir dun deles.

Para iso fixemos un tremendo esforzo cartográfico; lembo que Miguel Ferreira e eu pasamos meses e meses reelaborando unha cartografía a escala 1:1.000 a urbana, e 1:2.000 a rural, que logo reducimos a 1:5.000 para traballar desde a visión de conxunto.

Naquelhas bases cartográficas introducímos sobre todo datos catastrais e sobre estes tanteabamos os aliñamentos posibles. Encaixa-las edificacións e vías que se foran abrindo sobre as fincas privadas e tratar de estructuralas mini-

mamente, era o exercicio máis normal, tanto no caso dos núcleos menores como no de Pontevedra, unha cidade media, cunha poboación municipal que no seu 40% vive nas zonas periféricas e núcleos rurais interiores.

Por outra parte, Pontevedra é unha cidade cun crecemento moi limitado, sen grandes tensións, salvo as derivadas de decisións extramunicipais, que incidían en trazados viarios, fundamentalmente a autopista e a autovía de circunvalación que foron os aspectos más contestados.

Aquel esforzo que se materializou no primeiro documento que elaboramos, trataba de «trazar» minimamente a cidade, buscando a mínima orde na desorde imperante de anos e anos edificando á marxe de calquera criterio establecido e únicamente en base ás pezas da propiedade. Posteriormente, o Plan foi cambiando como consecuencia das negociacións de tódolos grupos políticos e o tratar de conseguir un documento de consenso. Había cinco grupos distintos para un total de vintecinco concelleiros. Todos estos menos un votaron afirmativamente, pero iso notouse no resultado final.

#### OBRADOIRO

¿Fixestes algunha aproximación á escala do planeamento intermedio?

#### P. CEBRIÁN

Ó longo destes case vinte anos de práctica profesional, traballamos en planeamento parcial e nalgún proxecto de urbanización.

O primeiro que fixemos foron dúas urbanizacións residenciais, a primeira, un pequeno complexo de catorce vivendas adosadas no concello de Culleredo, que foi un dos primeiros conxuntos deste tipo que se fixeron nos setenta. Despois, tamén naquela época, proxectamos unha urbanización más ambiciosa que mesmo tiña un nome moi rimborbante «Cidade Residencial Breogán», e dispoña de todo tipo de servicios comúns (auga, electricidade, iluminación, gas, saneamento con depuradora), equipamentos colectivos (centro social e instalacións deportivas, gardería, centro comercial). Presentámolo para unha cooperativa, urbanizouse totalmente pero nunca se chegou a desenvolver, logo vendeuse e segue igual. Foi algo que me fixo pensar moi to nas dificultades que teñen en Galicia os desenvolvimentos residenciais que dependen dunha colectividade ou comunidade de propietarios, frente a fórmulas de xestión más individualizadas.

Tamén fixemos un pequeno conxunto residencial dentro da oferta inmobiliaria e algunha outra aproximación de

6. Cangas de Morrazo.

7. Bueu.



6



7

planeamento parcial que non se levou á practica.

Para rematar, durante estes últimos tres anos, traballamos no planeamento urbanístico da Universidade da Coruña e seguimolo facendo no Plan especial de Protección do Casco Histórico de Pontevedra.

#### OBRADOIRO

Dende a perspectiva dun profesional especializado na redacción de figuras de planeamento, ¿cál é o principal atranco co que te soes topar no desenvolvemento dos teus traballos?

40

#### P. CEBRIÁN

O problema urbanístico en Galicia non é basicamente ideolóxico, senón do que eu chamo de mínimos. Se exceptuamos sete cidades e nalgún outro caso illado que pola súa maior dimensión albergue operadores urbanos diversos (propietarios, inquilinos, promotores, técnicos, asociacións veciñais, etc.), con intereses moitas veces contrapostos e que polo tanto pode explicar políticas urbanísticas distintas, na maioría dos núcleos galegos os únicos operadores son os propietarios, polo que é difícil para calquera grupo de goberno municipal enfrentarse a eles pola dependencia dos votos.

Por iso, as actuacions urbanísticas que se propugnan soen ser realistas e tímidas desde a reivindicación das cesións públicas, cando non cicateiras e pouco presentables.

O urbanístico en Galicia, más que un problema de color político, é de sensibilidade persoal dos alcaldes e creo que iso pode apreciarse facilmente se se coñece miníma mente a realidad.

Por outra parte, unha gran cantidade de municipios galegos non son basicamente urbanos na súa estructura de asentamento e por iso, tratar de traslada-la lóxica de intervención urbanística a un mundo rural desde supostos unicamente legais ou normativos soe ser un fracaso.

#### OBRADOIRO

¿Cal era o teu enfoque do que debia se-la Dirección Xeral?

#### P. CEBRIÁN

A miña impresión sobre a Dirección Xeral de Urbanismo era moi triste. Parecía que se estaban a dar paos de cego para tratar de resolver un mundo complexo pero á vez tremendalemente elemental e que precisaba radicalmente outro enfoque.

Pensar que se pode poñer orde sobre a desorde uni-

camente lexíslando e propoñendo restriccions parecíanme tristísimo. Por iso decidin implicarme no que eu viñen chamando «poñer sentido común á nosa realidade». Un perigoso entendemento de que o Urbanismo só se facía desde, para e atendendo unicamente á lexislación apoderárase dos responsables urbanísticos na redacción de documentos, incluso en municipios sen crecemento algúun, sen problema urbanístico algúun e sen vestixios de estrutura urbana. Pola contra, moitos concellos con problemas moi graves permanecían á marxe de calquera instrumento de ordenación. Parecía que as primeiras actuacions a realizar debían ser poñernos no nivel cero e para iso tiñamos que facer cousas tan elementais como disponer de cartografía axeitada, de normas fáciles de entender, dun programa secuencial que nos permitise dirixi-los escasos recursos técnicos e económicos de forma lóxica cara onde se encontran os maiores problemas: núcleos urbanos maiores, núcleos históricos, núcleos e municipios litoráis, espacios a protexer, etc.

Unha política deste tipo hai que facela sen complexos, pensando que non imos trascender co realizado, pero que axudaremos a poñernos pouco a pouco en situación de avanzar. Eu defendía un pacto de mínimos, no que a defensa destes fose asumida por tódolos grupos políticos, como posición de partida. Neste sentido elaboramo-la revisión das Normas Provinciais.

Trátabase de entender que o importante ó final, é ordenar e controlalo crecemento das nosas vilas e núcleos. A lexislación é unha forma máis pero obviamente existen outras.

#### OBRADOIRO

¿Que é o que pensaras facer e fixeches no tempo que desempeñache-lo cargo?

#### P. CEBRIÁN

A verdade é que eu pensaba facer moitas cousas, aínda que sempre tiven o temor de non chegar a facelas.

O primeiro e sobre o que máis traballei cun equipo da Dirección Xeral e outro externo de asesores, foi a Revisión das Normas Provinciais, buscando un documento racional, que fose posible, simple e eficaz, fundamentalmente nas proteccións.

Nun segundo lugar, tratar de conseguir unhas bases cartográficas axeitadas á realidade galega ás escalas 1:500, 1:1.000, 1:5.000.

En terceiro lugar, provocar un proceso de formación e recicleaxe profesional a distintos niveis: redactores de planeamento, técnicos encargados da súa xestión, xoves profesionais que quixesen iniciarse, e por último pero fundamental, os responsables políticos municipais.

Outro dos aspectos que me parecía básico abordar era mellora-las condicións nas que se produce o encargo do planeamento: sen cartografía axeitada, sen presupostos adecuados, sen posibilidades para os xoves profesionais, sen xerarquizar pola súa problemática nos encargos, etc., etc.

Outro aspecto que para mi era crucial referíase á interrelación co Catastro para tratar de obter, por un lado, a cartografía que se encontran realizando, e por outro, para coordinar actuacions e criterios que permitan un entendemento recíproco dos problemas de clarificación e delimitación de núcleos, tratamiento dos solos urbanos, etc.

9



10



OBRADOIRO

41

8



# ACTUACIÓNS DO PLANEAMENTO SOBRE DÚAS VILAS MARIÑEIRAS

Xosé González-Cebrián Tello

Arquitecto

42

A continuación amósanse dous exemplos de actuacións urbanísticas elaboradas, sobre dous concellos menores do litoral coruñés, pero de situación e estrutura socioeconómica distinta, polo equipo que dirixó.

O primeiro caso reférese a Malpica de Bergantiños na Costa da Morte; o segundo á vila de Poba do Caramiñal na ría de Arousa.

Ámbolos dous documentos urbanísticos foron redactados e aprobados ó comezo do 80, tal é como se amosa na documentación básica que se presenta. Na actualidade ambos están sometidos ó proceso de revisión e adaptación á LASGA. O primeiro, Poba é revisado polo mesmo equipo redactor (nestes momentos encóntranse na Exposición Pública). No caso de Malpica, o equipo que revisa as N.S.M. (suspendida actualmente esa revisión) é diferente ó inicial.

## MALPICA DE BERGANTÍNOS

### CARACTERÍSTICAS DO TRABALLO REALIZADO


Instrumento de ordenación:	Normas Subsidiarias municipais.
Presupuesto do traballo:	1.500.000 pesetas.
Data de adjudicación:	Xaneiro 1982.
Procedimento:	Concurso restrinxido.
Órgano convocante:	Concello de Malpica.
Concello:	Malpica.
Superficie do T.M.:	6.069 hectáreas.
Número de habitantes:	8.753 (aproximadamente).
Cartografía facilitada:	Realizada polo Concello a instancias do equipo redactor. P. Topográfico do T. M. 1:10.000. P. Malpica e Bergantiños 1:10.000.
Exposición e avance:	24-Set-83.
Aprobación inicial N.S.M.:	24-Set-83.
Exposición N.S.M.:	24-Set-83.
Aprobación definitiva:	C.P.U. 13-Dec-84 Iniciouse o proceso de revisión e adaptación a LASGA, por un equipo diferente ó inicial habéndose suspendido ás actuacións por conflictos veciñais.

### OBXECTIVOS

Procúrase incidir na problemática urbanística municipal, redactando un documento proveitoso e claro, simplificando ó máximo os mecanismos de xestión posterior.

A gran importancia do litoral, unido á presencia de espacios de alto valor ecológico, obligaba a establecer directrices para a súa protección integral. A vila de Malpica, prototípo de vila mariñeira da costa coruñesa, con unhas condicións topográficas significativas, e unha estrutura parce-

Vista aérea de Malpica.



lia extremadamente atomizada, obligou á utilización e selección axeitada dos instrumentos de traballo, e a unha intervención meticulosa cun acercamento á realidade e unha escala de traballo (escalas de detalle) que permitirá uns resultados mínimamente satisfactorios.

As propostas de aliñacións son respostas a unha forma elemental de facer urbanismo, conxugando a liberdade derivada do establecemento dun marco normativo, co entendemento dunha forma de actuación individual en función do parcelario existente.

A proposta de ordenación enmarcaba as actuacións sobre solo urbano e non urbanizable, no entendemento que o desenvolvemento de solos urbanizables neste contexto é praticamente inviable.

Estándares de solo demasiado esixentes para a realidade municipal descoñecemento absoluto da lexificación, e os seus mecanismos de xestión, e unha práctica cotiá allea a enaxenación que superen a mera cesión de viales, son razóns que nos fixeron delimitar o Solo Urbano con criterio de consolidación. Establecendo en sistema de aliñación e definido con detalle as súas condicións xeométricas e de trazado solucionado co propio documento, o deseño das redes de servizos urbanísticos.

A continuación desglosaremos os obxectivos fundamentais das normas:

### 1. VILA DE MALPICA

Téntase evitar a destrucción do núcleo e os seus valores. Proponse que as novas edificacións se adapten ó marco físico utilizado polas edificacións da vila ó longo do tempo.

Establécense novas aliñacións que vinculan o crecemento da vila co núcleo existente, cunha adaptación fiel ó parcelario e á topografía.

Trátase de incidir no urbanismo de economía elemental que se manifesta en Malpica, establecendo unhas regras de xogo que permitan parceriar ó mesmo tempo que asegurar un certo carácter unitario dos novos trazados. Nas zonas periféricas do casco urbano e en contacto coas últimas mazás edificables, plantéase a calificación de zonas de uso extensivo, como soporte de vivenda unifamiliar illada.

### 2. NÚCLEOS RURAIS

A súa importancia en número e presencia dentro do término municipal, obligou a un análisis das súas características, como son: estrutura parcelaria, situación con respecto a zonas de cultivo, topografía, orientación, tipología edificatoria, e organización parroquial.

En base a iso o primeiro obxectivo era delimitar o solo calificado como núcleo rural, establecendo un marco de tipologías edificatorias que permitise un desenvolvemento armónico co núcleo tradicional, primando a edificación dentro dos límites propostos e intentando resolver e mellora-los problemas viarios e de servizos.

### 3. PROTECCIÓN INTEGRAL

Establécense directrices para a protección das zonas costeiras, e recursos naturais do Concello. As estruturacións planteadas eran as seguintes:

a) Clasificación das illa Sisargas como solo non urbanizable edificable, de protección en base ós seus valores ecológicos e paisaxísticos.


b) Clasificación do Castro mariño como solo non urbanizable de protección en base ó seu valor histórico e arqueolóxico.

c) Clasificación das zonas de praia e areais como solo de protección e control de actuacións.



1. Vista aérea do núcleo de Malpica.

2. Maqueta da proposta.



## POBRA DO CARAMIÑAL

### CARACTERÍSTICAS DO TRABALLO REALIZADO

Instrumento de ordenación:	Normas Subsidiarias municipais.
Presupuesto do traballo:	1.500.000 pesetas.
Data de adxudicación:	Decembro 1980; entrega cartográfica en xullo 82.
Procedimento:	Concurso de méritos.
Órgano convocante:	C.O.T.O.P.
Concello:	A Pobra do Caramiñal.
Superficie:	3.320 hectáreas.
Número de habitantes:	10.000 (aproximadamente).
Cartografía facilitada:	Plano topográfico 1/10.000 do término municipal.
Exposición e avance:	Nov-Dec-Xan. 1982-1983
Aprobación inicial N.S.M.:	Xullo 83.
Exposición N.S.M.:	Xullo-agosto 1983.
Aprobación definitiva:	C.P.U. 13-Feb-1984.

Actualmente polo mesmo equipo revisanase as normas subsidiarias, adaptándolas á L.A.S.G.A. sendo aprobadas inicialmente e encontranse en fase de exposición pública.

### OBXECTIVOS

Procurar unha actuación simple, o suficientemente clara para ser maioritariamente entendida, e que permitise con axuda do material que se presenta unha xestión elemental.


Entendemento da estructura urbanística municipal, con unha vila de importancia histórica e arquitectónica, numerosos núcleos rurais necesitadosalgún tipo de directriz, un litoral importante desde o punto de vista paisaxístico, unha estructura parcelaria agrícola tremenda subdividida e unha zona alta de bosque na Serra da Curota.

En base a iso planteánse os seguintes obxectivos:

1. Actuación sobre a Vila de Pobra encamiñada á conservación, acabado, mellora e expansión do actual núcleo urbano.

2. Actuación sobre os distintos núcleos rurais existentes para axeitar as posibles novas edificacións a esa realidade urbana de características específicas.

3. Defensa dos recursos naturais, actuando sobre a costa, protexéndo-a e planteando ámbitos de planeamento especial que permitan o desenvolvemento turístico da zona, ó mesmo tempo que se asegura a súa protección.



Sobre a Vila de Pobra, os obxectivos son: a conservación, acabado e expansión en función das características específicas.

A aportación deste traballo estimase de valor nos seguintes aspectos:

1. O esforzo encamiñado a realizar documentos de utilidade para unha xestión municipal máis sinxela.

Os Concellos menores en Galicia como en outros sitios, carecen en xeral de todo tipo de instrumental técnico para a súa xestión cotiá (ausencia de cartografía, datos urbanísticos, persoal técnico...). Nese sentido procurouse ofrecer a través da redacción destas N.S.M. unha serie de aportacións de instrumentos cartográficos (planos a 1:1.000; 1:2.000; 1:5.000; 1:10.000; fotoplanos a 1:2.000 e 1:5.000; maqueta a 1:1.000, que posibilite a unha Corporación sen máis asistencia técnica que un aparexador contratado temporalmente, unha maior facilidade na concesión de licencias, programación de inversións en obras públicas, etc.

Por outro lado, a través da obtención de planos do Ministerio de Facenda (catastro de rústica e urbana), unidos a traballos de campo propios, restituimos un parcelario da Vila e do término municipal (este aproximado), indispensables para levar adiante os trazados que seguindo en gran medida a realidade existente, formúlanse, ó mesmo tempo que se sentan as bases documentais para a súa xestión posterior.

2. O esforzo realizado por primeira vez, para divulgar entre os veciños aspectos relacionados cos temas urbanísticos.

Pobra carecía de instrumentos de ordenación urbanística, a pesar dos intentos de elaboración que se produciron. Sen embargo xamais pasaron de fases de Avance, sen información ó público.

Por iso, parecía indespensable o iniciar unha divulgación destes temas para crear unha mínima conciencia da necesidade de actuar a través do planeamento nun Concello ainda non destrozado como a maioría dos Concellos galegos do litoral.

Celebráronse dúas exposicións públicas (Avance e N.S.M.) con gran difusión entre os veciños, nas que se intentou ó máximo que as propostas se entendesen.

Para iso realizouse sobre fotografías, maquetas e planos coloreados de gran precisión.

Isto permitiu unha específica presentación de sugerencias e alegacións que na súa maior parte poderían ser atendidas sen desvirtua-la proposta orixinaria que se produciu.

A fotografía que se acompaña, da maqueta realizada, mostra a ordenación proposta para a Vila de Pobra.

En madeira clara realizouse a edificación existente, en madeira más escura aqueles edificios significativos (igrexas, pazos, cementerios, etc.), que teñen un tratamento específico de conservación.

A edificación industrial, ten asimesmo, un tratamento específico, un color de madeira intermedio.

As novas edificacións realizanse en material plástico. Ben en láminas lisas que indican o completado de mazás xa iniciadas, ben como edificios illados, que pretende indica-la posibilidade de edificación de vivenda unifamiliar illada, ou ben en plástico cuadriculado, con dous tons (branco e crema) que indican a posibilidade de desenvolvemento de zonas a través do Planeamento Parcial (zona da Xunqueira).

### PROPOSTA DE ALIÑACIÓNES

O trazado actual de Proba, correspón dese co derivado dun urbanismo elemental, feito de topografía, propiedade e economía. As parcelacións produciríonse por aqueles propietarios que dispoñían dunha superficie maior e sempre produciuse maximizando a oferta de novas parcelas e conxugándose cunha estrutura orixinaria de camiños.

As aliñacións que se trazan, deberán optimizando topografía e propiedade, ser quen de ofrecer unha traza conxunta que permita un carácter unitario ó viario proposto.

Da fotografía do plano de aliñacións presentado e da análise do parcelario da Vila, pode apreciarse claramente a preocupación por un trazado respetuoso cunha realidade elemental, ó mesmo tempo que a de unir entre si, dando unha imaxe unitaria, as distintas parcelacións do solo efectuadas.

A subdivisión das «grandes mazás periféricas», enténdese así como unha optimización do parcelario, o mesmo tempo que aseguran unha oferta de servicios máis racional.

3. Incidir en temas específicos que se plantean en Galicia, polas súas características socioeconómicas.

O urbanismo que se produce en praticamente a totalidade dos municipios galegos, é un urbanismo elemental feito de topografía, propiedade e economía, onde o mecanismo de funcionamento elemental, a parcelación realizada sobre as fincas de maiores dimensións permite o desenvolvemento, seguindo a estrutura de vías e camiños orixinais da vila.

Por outro lado, a liberdade total presidiu a construcción nos núcleos rurais, aínda que Normas Subsidiarias de ámbito provincial, limitaba a edificación neles.

Nos pareceu indispensable, con este funcionamiento tan elemental, utilizar un instrumental urbanístico adecuado pola súa simplicidade, sinxelo entendemento xurídico (a propiedade queda vinculada simplemente a adelantarse ou retroceder, co que se centra a problemática na cesión de vías, o único sistema de execución que se entendeu e aplicou nos municipios), e posibilidade real de levalo a cabo.

O mesmo tempo que se plantearon aliñacións (de aí a preocupación cartográfica en traballar a escala 1:1.000, con parcelarias relaborados por nós), procuranse plantear unhas directrices elementais que regulen o «proceso liberal» de edificación no mundo rural.

Por último só cunha zona, como consecuencia dos poucos propietarios, e de haber sido antigamente unha zona comunal (a Xunqueira), obrígase a desenvolver —executar— un Plan Parcial, e as súas aliñacións más trascendentas díseñanse na proposta.

Na zona da costa, fóra xa da Vila, plantéase unha actuación praticamente de concentración parcelaria, encamiñada a sitúalas masas comunais (moi numerosas en Pobra) na zona lindante coa praia, agrupando as fincas restantes cun-



3. Proposta de aliñacións para o núcleo urbano.

ha intención de rendibilidade agrícola ou de posible utilización residencial. (Propónese a redacción dun Plan Parcial en estreito contacto co YRIDA, o único órgano da Administración que en Galicia realizou repartelacións do solo).

4. Por último, a importancia que dimos á maqueta e cartografía como parte integrante do traballo urbanístico (na última fase da súa elaboración aquela realizouse en estreito contacto co equipo redactor no noso estudio), centrarse na importancia de formas imaxes de futuro, xa que permiten en gran medida a preparación dos mecanismos de intervención, tanto por parte da Administración como dos particulares (atención especial nas herencias ós terreos non edificables, entendimento das propostas polos políticos autonómicos e locais, etc., etc.).

4. Maqueta da proposta (1984).



# PLANEAMENTO URBANÍSTICO DA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA

Xosé González-Cebrián Tello  
Xulia F. de Caleya B.

Colaboradores

Alexandro Arias Novas  
Luis Miguel Ferreira Villas  
Mercedes Vázquez García

46

## CARACTERÍSTICAS DO TRABALLO REALIZADO

Instrumento de ordenación: Programa de Actuación Urbanística, Plan Parcial e Proyecto da Reforma Interior.  
Realización:

Superior:  
Cartografía: Escala 1:1.000 y 1:2.000.  
Maqueta: Escala 1:2.000.  
Situación administrativa: En tramitación.

## A PROPOSTA DE ORDENACIÓN

O Campus localízase nunha zona de expansión da cidade, sobre un terreo con topografía accidentada e cercano á Avda. de Alfonso Molina, importante vía de acceso á cidade.

Dentro do ámbito, constátase a presencia do núcleo rural do Castro de Elviña que, convenientemente rehabilitado, completará as necesidades residenciais do futuro Campus Universitario.

A proposta asegura a conexión do Campus coa cidade existente, propoñendo novos puntos de acceso e de enlace (glorieta de Continente, e estrada de Pocomaco). Conta-se, ademais, coa posibilidade engadida da instalación dun metro de superficie, utilizando a vía férrea existente no límite Norte do Campus.

Os criterios de diseño establecidos adaptarán e formalizarán os accidentes naturais existentes, utilizándolos para o enriquecemento paisaxístico. Suliñaremos, pola súa importancia, a presencia da vaguada do río Cabana, que polo seu carácter, propoñeranse como eixo vertebrador.

A disponibilidade do solo foi asimismo un factor importante do desenvolvemento do esquema ordenador. A antiga factoría Fertiberia, terreos hoxe da Universidade deberán conectarse coas actuais instalacións universitarias o que se realiza a través da citada vaguada procurando unha mínima pero necesaria edificación sobre ela.

Se ben a proposta transforma radicalmente as actividades e usos existentes, por outra parte pretende o uso racional respetuoso e integrador do medio: canteiras reutilizadas, itinerarios continuando trazas existentes, mantenemento da arboreda, etc.


O trazado viario parte da xerarquización, tanto das súas seccións como da intensidade do tráfico proxectada. Organízase a través dunha vía perimetral que circunvala a futura Universidade, establecendo a accesibilidade axeitada desde as distintas zonas da cidade. A partir de ela xorden as diferentes vías que estructuran a ordenación.

Nas zonas interiores do Campus, a sección da rúa estará máis vencellada á actividad universitaria discriminando o uso vehicular, e propoñendo zonas de aparcamento de forma que, cada centro, teña as súas necesidades cubertas.

Ó oeste do Campus, e apoiado nos restos arqueolóxicos do Castro de Elviña, planeamiento municipal prevé un gran Parque Municipal. Esto conectarase co proposto no Plan Parcial, asegurando a continuidade dos itinerarios peatonais que compatibilizarán a realidade topográfica, respectando as antigas «rodeiras» e «socalcos» de gran interese arqueolóxico.

Prevense parcelas destinadas a museos, edificios soporte da actividade investigadora e aparcamientos, vencellados ós devanditos restos arqueolóxicos.

A zona do Parque que circunda o Castro de Elviña, planearse como un Xardín Botánico, conservando as especies de interese existentes e completándoo con especies propias de bosques de clima tépedo (fallas, carballos, castiñeiro, bidueiros, fresnos, etc.).



A organización xeral proposta tamén ten como premisa fundamental a conexión entre os diferentes ámbitos, utilizándose tódolos recursos existentes co fin de conseguir a vinculación das actuais instalacións universitarias coa zona Norte, de condicións topográficas más axeitadas.

As edificacións de todo o ámbito están suxeitas a unha normativa que, ademais de establecer unhas condicións xerais, son específicas para cada parcela edificable en función das condicións particulares de cada unha delas (topografía, situación, orientación, uso, etc.).

Preservouse o val do río Cabana de implantacións excesivas ou de gran volume, en orde a conservar a imaxe paisaxística deste eixo fundamental da ordenación.

Estudiouse o impacto nos perfís ou horizontes, co fin de que a edificación non cobre un protagonismo excesivo que rompa a idea global de gran parque con edificación dispersa. A posibilidade, e obrigatoriedade nalgúns casos, de que os edificios universitarios resolván o aparcamento nos sotos, eliminará en parte os contradictorios e nada deseables efectos estéticos provocados polas grandes superficies de aparcamento ó aire libre. As existentes trataranse con axardinamento e arboreda, de tal xeito que se peneire a súa visión. Os novos localizaranse sempre nas zonas traseiras da edificacións.

Na zona máis elevada, con mellor visibilidade e conexión coa cidade, sitúanse as parcelas destinadas a edificios de carácter representativo ou de identidade universitaria (rectorado, edificios administrativos, etc.).

No centro desta zona proponse un Anfiteatro ó aire libre, aproveitando a existencia dunha antiga canteira.

Mantendo un criterio diferenciador de zonas en función de usos e actividades, propónerase un desenvolvemento residencial nos terreos adxacentes ó núcleo de El Castro, reflexándoo como proxección do seu crecemento e como un traballo cualitativo de mellora das súas condicións urbanísticas e imaxe física.

A futura zona residencial, ó servizo da universidade gozará dunha situación privilexiada dentro do Campus, rodeada de zonas verdes e parques públicos.


A normativa proposta nesta zona limitará as alturas a B+1.

Procurarase un conxunto residencial a escala humana, estudiando as posibles tipoloxías que se adecúen ás necesidades universitarias.

Preténdese co perfil urbano sexa unha continuación e un remate da imaxe do núcleo existente, adaptando a nova tipoloxía residencial ás condicións topográficas.

Para o desenvolvemento da proposta foi necesaria a preocupación de varios documentos urbanísticos (Programa de Actuación Urbanística Plan Parcial e Plan Especial de Reforma Interior do núcleo de El Castro de Elviña) e a elaboración dunha documentación cartográfica moi precisa.

A resolución dunha peza tan cercana á cidade, e dun tamaño tan considerable, fai necesario que ademais se resolván os problemas de contacto coa cidade existente. Aspectos que se trataron convenientemente e que esixirán a negociación e participación de todas as entidades cidadás.



3. Núcleo rural e zona residencial extensiva adxacente. Proposta.

4. Campus Universitario. Proposta de ordenación.



1. Situación do Campus en relación coa cidade.

2. Ámbito universitario coas edificacións existentes na actualidade: 1. E.U.A.T., 2. E.T.S.A., 3. Colexio Universitario, 4. Aula de expresión gráfica, 5. Aulario, 6. Instalación deportiva.

# A RESIDENCIA DE ESTUDIANTES «UN EMBRIÓN CLÁSICO NO ENSANCHAMENTO DA VELLA CIDADE»

Pablo Costa Buján

Arquitecto

48

A Residencia de Estudiantes constitúe, sen dúbida, un dos fitos URBANOS máis importantes de Compostela no presente século.

Analizar unha intervención deste tipo require contextualizar, áinda que sexa mínimamente, os aspectos coxunturais, o medio no que se producen así como, a súa significación histórica respecto á antiga cidade e a súa correlación respecto a actuacións similares contemporáneas.

Aínda que non imos pormenorizar nos feitos previos, ómenos, ben poderemos identificar algúns dos seus parámetros básicos que nos axuden a comprender a situación social, cultural, económica e política que vive o país nese período.

Comeza o século, coa etapa angustiosa do desastre colonial e a liquidación das guerras; «a repatriación non só de persoas senón tamén de capitais, faise en Galicia sen crise de identidade e cun empuxo económico que senta as bases do futuro desenvolvemento galego» (1).

O país ve incrementar, paulatinamente, o índice económico e comercial centrado na actividade dos seus portos, con grandes efectos nos sectores pesqueiro e conserveiro; o potenciamento da actividade agrícola e gandeira; o desenvolvemento urbano-construtivo das principais cidades, con certos progresos na súa infraestrutura cultural-docente.

Froito desta puxanza social celébrase en 1909, na cidade compostelana a paradigmática Exposición Rexional Galega de Industria, Agricultura e Artes; exteriorizándose na mesma todo canto o país valía e representaba.

A non belixerancia na primeira guerra mundial e a bonanza económica dos felices vinte vinte consolida a unha pequena burguesía que, á vez, xera novas sensibilidades e demandas sociais. É, neste contexto, cando se producen os primeiros síntomas de cambio no caduco sistema universitario ó imponerse un renovado concepto científico.

Segundo ó profesor Barreiro na súa análise da Universidade Galega entre os anos 1900 e 1936, é onde advertimos, como neses anos «se acumulan unha serie de realizacións, aspiracións e frustracións que axudaron a crear unha conciencia de crise» (2). Facendo referencia ó manifesto do catedrático Ciriaco Pérez Bustamante, publicado no xornal «El Pueblo Gallego» no ano 1924, en plena dictadura do Xeneral Primo de Rivera, detecta a grave situación docente caracterizada polo baixo nivel de carácter docente e investigador; a masificación das aulas; o avelillamento do profesorado e o anquilosamento das súas ideas. «Pérez Bustamante non se contenta con denunciar e no seu escrito senta as bases para unha nova Universidade. Era preciso ir ó sistema de Residencias Universitarias, a imitación da Residencia que un mes de setembro de 1910 Giner, por medio de Alberto Jiménez, fundara na rúa Fortuny» (3).

«A acción reformista durante o reinado de Afonso XIII, é impulsada a partir de 1926, tras finaliza-la Guerra de África e ser sustituido o Directorio militar polo Consello Civil, ó tempo que feitos coxunturais como: a preparación da Exposición Internacional de Barcelona e a Exposición Iberoamericana de Sevilla, inauguradas en 1929, abrían perspectivas optimistas e cosmopolitas» (4).


Diversas campañas de prensa en Galicia, como as auspiciadas por Felipe Fernández Armesto, encárganse rápidamente de fomentar e evidenciar a necesidade dunhas novas instalacións docentes, complementarias ás xa existentes e ás promovidas na Compostela daquel tempo polo Ministerio de Instrucción Pública tales como: a Facultade de Veterinaria na rúa do Hórcio, obra de Bermejo e Arteaga e Arturo Calvo (1903-1915); a Escola de Cegos e Xordomudos en San Caetano, obra de Ricardo Velázquez Bosco (1911-1925) e ampliación do Hospital Real coa nova Facul-



Aspecto da Exposición Rexional Galega de 1909 ó pé do Paseo da Ferradura.



O barrio de San Lourenzo a comezos do século.



Vista dos terreos na zona de actuación antes da súa colonización.

Situación xeral da zona en 1930 con relación á Cidade Antiga e ó ensanchamento, da República, de Goberno de la Fuent.



tade de Medicina, obra de F. Arbós e Tremanti e Isidro de Benito (1910-1928) (5).

Diante da expectación suscitada polas novas propostas constitúese o Patronato Universitario que, en unión de intereses coa Liga de Amigos encarga ó arquitecto municipal, Constantino Candeira Pérez, o Anteproxecto de Urbanización dos terreos adquiridos o 21 de xaneiro de 1928, baixo a presidencia do Rector Luis Blanco Rivero.



Se nos centramos nunha época na cal a cidade compostelana é relevantada e reutilizada polo propietario directo e o poder local, con operacións de recuperación e posta en valor do espacio urbano, con remates de cidade ligados ó uso público; comprobamos como todo se transforma e modifica con arquetipos pequeno burgueses nunha renovación morfolóxica de calidade, sustitutiva de formas preexistentes do pasado, dos fragmentos de cidade subxugada ó seu entorno pétreo. Dito proceso realizaase cunha gran presencia de crítica arquitectónica baseada na: incorporación dun «Corpus» teórico, afirmado en modelos clásicos; e constructivo, de lenta aplicación sobre un modelo estructural definido directamente vinculado a un tecido medieval, renacentista e barroco.

Vista a imposibilidade de desenvolve-lo programa, inicialmente imposto, no casco histórico, a elección do lugar non foi casual, ó estructurarse dentro do crecemento lóxico da cidade e nuns terreos que permitisen unha colonización coherente coas funcionalidades pretendidas. Ó estar proyectado o «**Ensanche de Poboación**» de Laforet, Cánovas e de la Gándara nos Agros de Carreira; a ubicación non podería ser outra que os terreos libres do chamado Agro de Mendo situado ó pé da explanada da Ferradura; espacio sobre o que se instalará o grosor dos Pavillóns da Exposición Rexional Galega, e entre as beiras da estrada de Pontevedra e da de San Lorenzo, ó oeste da cidade histórica; ó fondo, o chamado monte da Condesa e o de Curitaina.

*Proyecto de urbanización da zona do Ensanche.  
Residencia de estudiantes. 1935.*

*Solución definitivamente plantexada en 1935 que, agás na súa zona central non é realizada no decurso do tempo.*

*Aspecto xeral do conxunto correspondente á imaxe inicial do anteproyecto.*



O estudio preliminar preséntase o 29 de xaneiro de 1929; sendo aceptado e aprobado inicialmente polo concello o 12 de febreiro do mesmo ano, onde, baseándose no Plano de Ordenación e nunha Regulamentación mínima de Ordenanzas asífrase a: «**protexe-la zona desde un punto de vista de beleza natural, regulariza-lo terraplén existente e establecer unha clara organización compositiva**» (6).

Ó ser nomeado Candeira arquitecto da Deputación Provincial de Valladolid, dimite do seu cargo técnico na cidade compostelana a comezos de 1930; sendo relevado, no cometido, polo arquitecto Jenaro de la Fuente y Alvarez, que desenvolve o traballo e os planteamentos iniciais do seu predecessor. O proxecto das edificacións principais preséntase en outubro do mesmo ano.

Polas súas relacións e afinidades no ámbito global de intervención é concebido como un conxunto integrador e unha clara alternativa á cidade compostelá, que nese momento representaba a densificación e os espacios compactos do seu casco; como un intento de racionalización e construcción da natureza, «Cidade Verde», na procura de asociación do espacio libre coa vexetación.

Jenaro de la Fuente, a pesar de estar informado das correntes arquitectónicas que se producían daquela e que na súa madurez buscaría unha simplificación de formas, chegado mesmo a destacar, no ámbito galego, como arquitecto racionalista e deixar unha ampla obra na cidade de Vigo; seguramente, ben, por respeito á idea orixinal de Candeira, ou ben, influído por un período no cal gran parte dos arquitectos do país se movían no campo do historicismo ecléctico executando obras de distinto carácter ideolóxico; supeditase a unha visión clásica do urbanismo e arquitectura acomodada ás necesidades, gustos e confort do seu tempo.

Na memoria definitiva do proxecto sintetiza a concepción global da urbanización utilizando o seguinte texto de León Jaussely: «**Se o século XIX fixera da cidade unha montaña de pedras e ladrillos; o século XX aspira a convertela en masa de xardíns; a imaxe de unha será esencialmente oposta da outra. E velaí o que principalmente marca a evolución estética e social do urbanismo dos nosos días**» (7).

Na súa ordenación xeral subxace a malla en cuadrícula articulada cunha certa estrutura radial nas súas beiras tomando como referenciais: a igrexa de Santa Susana, o eixe desde o agro do Mendo coa porta Faxeira e a infraestrutura viaria dos seus límites ubicados no ensanche compostelá e no barrio de San Lourenzo. Malia a rixidez inicial, adáptase á topografía con enteira flexibilidade, dada a pouca pendente planimétrica do terreo e o tratamento específico das súas beiras.


Incorporando ó proxecto definitivo os modernos criterios do «zoning», establece dúas zonas claramente diferenciadas que denomina «**central e de tránsito**» (8). A primeira, verdadeiro embrión do conxunto ou franxa central, estaría constituída polas edificacións singulares de distinta funcionalidade que a través do trazado do sistema viario, engarzánse con pracenteiros xardíns, albergando numerosas fontes, estanques e instalacións deportivas ó ar libre e demás usos de ocio-distracción, recordando ó esquema inglés de «**colleges + sports**» e a unha orde de tipo clásica con certo sentido monumentalista. O seu tratamento posibilitaría unha continuidade formal, marcada por un eixe claro e converxente entre: o estadio, pavillóns residenciais, escalinata e plataformas de acceso ó parque da Ferradura, a Alameda e a antiga «Porta Fallera»; favorecendo unha verdadeira penetración da parque-carballeira de Santa Susana coa zona a urbanizar; formando así cos seus paseos, cortados por amplas escalinatas e accoledoras praciñas, combinadas con xogos de auga, unha agrupación que complementaría a silueta e beleza do parque citado; ó tempo que se proporcionaba un maior e más grato lecer á vella cidade.

A segunda zona establecese a ambos lados do núcleo central. Como consecuencia do trazado proxectado resultan unha serie de illas ou zonas de tránsito de baixa altura, densidade de vivendas e edificabilidade. Como exemplo do tipo de edificación a desenvolver na zona podemos cita-las antigas vivendas de catedráticos próximas á Facultade de Ciencias, e o barrio situado no ensanche compostelán coñecido pola «Rosaleda», obra do mesmo arquitecto nas décadas de 1930-40.

Todo parece indicar, ó menos é a nosa hipótese, que se utilizan os principios do urbanismo barroco, non en tanto á súa tipificación clásica de «lei, orde e uniformidade» que rexían nas ciudades, senón, no seu trazado, composición perspectiva, elementos ornamentais, tendencia escenográfica, etc., é dicir, naqueles puntos analizados por Pierden Llaveria tales como: a perspectiva, a liña recta e a uniformidade de programa.


Un claro exemplo do exposto, entre outros, atopámolo na similitude da proposta da Residencia de Estudiantes e nun dos máis belos xardíns da Toscana, na vila Garzoni, en Collodi, Italia. O tratamiento de enlace entre o desnivel do paseo da Ferradura e a plataforma inferior da zona central, é resolto da mesma forma ó utilizarse con varandas contrapostas dando significación á estatua de Rosalía, potencian-do as vistas e escenografía do conxunto. A coincidencia de planteamentos afins con outras actuacións barrocas é manifesto; tal é o caso dos xardíns do palacio Pitti en Florencia que partindo dun eixe sitúa detrás da edificación principal —(colexiós)— o hipódromo —(estadio)— e nunha das marxes o anfiteatro —(teatro da natureza)—. Á vez o trato dado ós xardíns e estanques é tamén significativo (9).

As grandes actuacións contemporáneas no estado, entre as que destacan as exposicións internacionais citadas e, pola similitude do programa, focalización das distintas agrupacións de edificios, a súa vinculación a eixes, etc.; a cidade universitaria madrileña de Modesto López Otero. Nestas actuacións, sobre todo as mencionadas en primeiro lugar, resultan elocuentes en canto: á súa concepción unita-



*Aspecto dos pavillóns inicialmente previstos nos que a súa composición gravita arredor de articulacións simétrizantes e nas que se recorre a formas compositivas historicistas eclécticas.*

*O Teatro da Natureza. Non construído.*



ria, ós compoñentes ideolóxicos do momento, elementos ornamentais de equipamento urbano utilizados, etc.


Non é de estranhar; o mesmo López Otero, con ocasión da conferencia pronunciada na sesión inaugural da cátedra Ricardo Magdalena en Zaragoza (1960) manifestaba que os arquitectos «vivían un ambiente densamente histórico, tiñan unha alma chea de tradición, ó que debe engadirse a súa formación académica e o peso da opinión local, tan arriagada nos nosos vellos escenarios urbanos, o que explica a súa cautela diante de calquera novedade (...) antes e entón (1928) os arquitectos construimos, xa nas ideas do historicismo ecléctico, con manifestacións locais ou rexionais (...) xa en calquera das manifestacións do modernismo» (10).

Unha vez establecidos os diferentes elementos e servicios da «Cidade Verde», fixado o crecemento ordenado dos distintos sectores e o seu solapamento no tempo, falta por defini-lo asentamento das zonas industriais. Para iso, Jenaro de la Fuente, apoiase nos criterios circulatorios —utilizados con gran profusión no planeamento da época— para xustificar aloxamentos lonxe das zonas residenciais; para iso sitúase en posición cercana ás instalacións do Hórreo, pretendendo unha utilización conxunta, ó igual que a globalidade dos servicios xerais xa existentes na cidade vella.

Asumida a concreción das obras, en tempos do rector Rodríguez Cadarso, dan comezo os traballos do primeiro pavillón en 1931.

Malia que as obras serían realizadas con axuda de fondos públicos, a importancia e ambición das mesmas, así como o grao de expropiacións ós pequenos propietarios existentes, xunto ó grave quebranto que veu se-la Guerra Civil española entre os anos 1936 e 1939, supuxo paralizar e recorta-lo programa inicial ó non poder, por motivos obvios, acometer desde as arcas do Estado as correspondentes obras, sendo en gran parte financiadas, a través do Patrónato, por donacións de particulares e diversas entidades.

En 1941 sería inaugurado o primeiro Pavillón co nome de Rodríguez Cadarso, poñéndose á vez en funcionamen-



*Aspecto pretendido do encontro da urbanización proyectada co Parque da Ferradura; a escalinata ven de sustituir á proyectada para a Exposición Rexional polo arquitecto Antonio Flórez de Urdapilleta. Adaptando os accesos radiais ós barrios de San Lourenzo e Camiño Novo e axeitando a explanada que ocupara a Exposición en 1909. A proposta sofríu diversas modificaciones na década dos corenta, especialmente a escalinata central e planos de chanzos das beiras.*



*Aspecto xeral do Campus Universitario na década dos 80.*



to o observatorio Astronómico de Ramón M.ª Aller Ulloa, posteriormente ampliado tal como o coñecemos na actualidade, rematándose seguidamente as obras dos outros dous pavillóns hoxe existentes e executándose ó mesmo tempo as obras de urbanización e escalinata en toda a década do 40, proxectándose no tempo, sen chegar a executarse, o complexo deportivo de piscina e solarium.

Transcorridos os anos, o mesmo arquitecto realizaría as obras do antigo Ximnasio (hoxe Auditorium universitario), o sanatorio de Nosa Señora da Esperanza no ano 1955 e a Facultade de Ciencias en 1960.

A arquitectura resultante continúa cos mesmos planteamientos estéticos e de formas tradicionais (no caso da Ciudad Universitaria de Madrid serían assumidos planteamientos más contemporáneos e vanguardistas), por outra parte lóxicos pois «**a imaxe externa era sobre todo unha cuestión de estética urbana, de coherencia co entorno. Establecer un novo diálogo entre as novas construccions e os monumentos e perfís urbanos é unha das metas do rexionalismo**» (11) que en ciudades das características como a de Compostela adquire no seu momento unha gran singularidade, impronta, dimensión e protagonismo na estética urbana.

#### NOTAS:

- (1) BARREIRO SOMOZA, XOSE RAMON. La Universidad galega entre 1900 y 1936. Pág. 77. Secretaría de Publicaciones de la Universidad. Santiago 1980.
- (2) BARREIRO SOMOZA..., op. cit. Pág. 84.
- (3) BARREIRO SOMOZA..., op. cit. Pág. 84.
- (4) BONET CORREA, ANTONIO. La Ciudad Universitaria de Madrid. Realidad y utopía de un proyecto para la modernización cultural de España. Pág. 5. C.O.A.M. UNIVERSIDAD COMPLUTENSE DE MADRID. Madrid, 1988.
- (5) Véxase a publicación de COSTA BUJÁN, PABLO y MORENAS AYDILLO, JULIÁN. Santiago de Compostela 1850-1950. C.O.A.G., 1989.
- (6) CANDEIRA PEREZ, CONSTANTINO. Memoria de Anteproyecto de Urbanización. Archivo Municipal de Santiago.
- (7) FUENTE ALVAREZ, JENARO DE LA. Memoria del Proyecto de Urbanización de la Residencia de Estudiantes. Archivo Municipal de Santiago.
- (8) COSTA BUJAN, PABLO. Op. cit. Na publicación citada, páxs. 58 a 62 encóntrase unha completa descripción de ámbalas dúas zonas, recollendo pormenorizadamente os planteamientos proxectuais da intervención.
- (9) OLAF ENGE, TORSTEN-FRIEDRISCH SCHROER, CARL. GARTEN-KUNST UND EUROPA 1450-1800. Véxanse ilustracións das páxs. 70 a 73. BENEDIKT TASCHEN VERLAG. BAZIN GERMAIN. PARADEISOS. Páxs. 170 a 173. Plaza & Janes. Barcelona, 1990.
- (10) LOPEZ, OTERO, MODESTO. Segundo extracto do artigo de CHIAS NAVARRO, PILAR. La Génesis Urbanística de la Ciudad Universitaria. La Ciudad Universitaria de Madrid. Pág. 174. C.O.A.M. Universidad Complutense. Madrid, 1988.
- (11) PEREZ ROJAS, JAVIER. ART DECO en España, pág. 342. Cuadernos Arte Cátedra. Madrid, 1990.



# O PLAN ESPECIAL DE RIBADAVIA: UNHA CUESTIÓN DE OPORTUNIDADE

**María A. Leboreiro Amaro**

Arquitecto e Técnico Urbanista

Directora do P.E.P. de Ribadavia

52

A redacción do Plan Especial de Protección (P.E.P.) do Conxunto Histórico de Ribadavia era unha das determinacións das Normas Subsidiarias de Ámbito Municipal aprobadas o 28 de outubro de 1986, sen embargo hai que facer nota-la hipoteca que supón as NN.SS. pola súa incidencia na orela dun Casco cunha forte personalidade e unha silueta moi definida. O conxunto fora declarado Histórico-Artístico por Decreto de 17 de outubro de 1947.

A vila de Ribadavia ó se realiza-la variante da antiga estrada de Vigo a Villacastín que orelaba o seu Casco Histórico, quedou relegada coma unha gran descoñecida á orela do río Avia, son escasos os visitantes á mesma por turismo ou lecer.

A calidade do seu conxunto histórico esquécese en todas as guías como sucede por outra banda con todas aquellas vilas de tamaño medio de Galicia que tiveron unha gran importancia na historia e na organización espacial do territorio xa na Idade Media, sirvan de exemplo en Ourense: Allariz, Castro-Caldelas, Verín e a mesma Ribadavia sé do Reino de Galicia por un tempo durante o reinado do rei don García.

Se ben o primeiro asentamento de Ribadavia aínda hoxe é obxecto de discusión, consta en cambio que xa na Idade Media contaba coas catro parroquias que a forman hoxe: Santiago, San Xoán, a Magdalena e Santa María de Oliveira, a vila estaba murada como prolongación do castelo e extramuros existían dous importantes conventos de dominicos e franciscanos. Posuía unha xudería desenvolvida como correspondía á súa categoría comercial, xa que ata o século XVIII Ribadavia será tanto o centro da comarca como un importante centro exportador dos viños do Ribeiro famosos e reclamado en toda Europa, vive a súa época de esplendor entre os séculos XIII e XVI —neste século conta con 6.836 habitantes— ata a expulsión dos xudeus e a potenciación polos ingleses da cidade de Oporto.

Tomás López na súa viaxe recolle unha vista de 1798 na que Ribadavia aparece consolidada no interior do recinto murado cun crecemento liñal exterior en torno a Santa María de Oliveira. Presenta un caserío denso que se irá colmatando tanto en superficie coma en altura. O brinco ó exterior virá propiciado pola apertura da estrada de Vigo a Villacastín no ano 1845 e o derrubo das murallas en 1849, consolidándose un crecemento liñal, primeiro dos que logo aparecerán nas distintas vias de acceso á vila.

Fotografía da autora

O Casco delimitado aparece na actualidade coma un conxunto coherente, no que se percibe un proceso de evolución lenta que non alterou nin a trama urbana nin a edificación, xa que esta foi medrando sobre si mesma a través de tipos recoñecibles e asimilables por toda a poboación. Non existen grandes monumentos agás as parroquias e conventos e o castelo mesmos, o Concello situado nun primitivo edificio do século XVI queda entre medianeiras, ó igual que o antigo edificio da Inquisición ou o pazo dos Condes, convivendo con arquitecturas de carácter popular de fachadas moi planas, curva media de tres alturas, bodega na planta baixa e vivenda nas altas. Trátase dun patrimonio conservado a nivel de imaxe no que o número de edificios supón unha porcentaxe baixa; o 9,25% dos existentes. Verbo da valoración da edificación temos los seguintes datos: o 4,75 de valor alto xa o temos comentado que non se trata dun Casco de carácter monumental, un 7,25% de valor medio, un 26,75 de valor baixo e un 52% de edificios de valor nulo que non supoñen un impacto corresponden a alteracións tipolóxicas ou obra nova de carácter neutro. Ó igual que non se modifica a súa arquitectura tamén permanece o parcelario medieval de parcelas longas e estreitas, só se manifesta a renovación nas zonas de borde na estrada nas que a vivenda colectiva sustitúe á unifamiliar.

En correspondencia co seu desenvolvemento histórico, os espacios libres son escasos, simples ensanchamentos na rede viaria cunha gran riqueza espacial, sorprendentes polos inusuaís e tremendalemente escenográficos como en San Xoán ou a Magdalena. Estas prazas consideranse todas elas en conxunto de interese alto dado que nelas é onde se acada unha maior tensión estética. Os espacios de maior dimensión correspóndense co castelo, a antiga Horta de San Xoán e a Praza Maior espacio surxido dunha operación de reforma interior no século XVIII. Sitúanse fora do recinto amurallado os grandes espacios da Alameda decimonónica e o Campo da Feira, as NN.SS. reservan unha gran zona verde na proximidade do Convento de Santo Domingo. Esta escasez de espacios libres tradúcese nunha importante densidade no C. H. A. 258,4 htes./ha. frente ós 3,6 htes./ha. do término municipal.

Por outra banda, dáse outro fenómeno que supón un importante punto de partida de cara o desenvolvemento do Plan Especial e é a concentración de poboación na vila xa que mentres o municipio no seu conxunto perde un 7,3%



da súa poboación a vila gaña un 15% concentrando o 51,2% dos habitantes do término dos que 2.300 viven no ámbito do Conxunto, atopámonos pois ante un Conxunto habitado e vivo. Outra situación favorable é a concentración de equipamentos na área: Concello, Xulgado, Biblioteca, Museo Etnográfico, Centro da Terceira Idade e pequeno comercio, así como os centros parroquiais. Co caso especial da Magdalena que esporadicamente vén sendo utilizada como sala de exposicións e concertos. Iniciouse unha etapa de concienciación do Casco e a súa historia a través da «Fiesta da Istoria», rememoración dun Auto de Fe. Existe unha actividade cultural consolidada, o Festival de Teatro do que naceu algúnsa intervención no castelo e serve como motivo de posta no uso de espacios coma o claustro de Santo Domingo. Ademais existe unha Escola Obradoiro cunha forte presencia na vida local.

Outro punto a considerar é a idade do patrimonio edificado xa que o 76% do mesmo é anterior a 1976, antigüidade a contrastar co estado da edificación que se pode considerar coma un aspecto positivo xa que só o 28,25% dos edificios poden plantear problemas e o 6,24% están en estado ruinoso aspecto enfrentado con outro negativo como son as escasas condicións de habitabilidade como consecuencia da súa densificación histórica.

A partir destes datos o P.E.P. que se atopa na aprobación ideal nace coa ambición, polas dimensións e características do Conxunto, de ser un Plan Piloto, un laboratorio de experimentación que sirva de referencia a outros casos e vilas históricas de tamaño medio de Galicia e exemplificador de futuras actuacións.

As ideas básicas que guían este Plan son tanto a conservación como a proxección do Casco a través duns principios xenéricos; en primeiro lugar a restauración de edificios monumentais que estará ligada a outra das propostas do Plan, completa-la popularidade e centralidade do Casco por introducción de novos equipamentos:

En segundo lugar a rehabilitación das vivendas para o que se propón a creación dunha Oficina de Asesoramento do Plan que actúe tanto como axuda á xestión como á dotación de propostas técnicas, todo iso vincellado á actividade da Escola Taller.

Instruméntase unha Ordenanza e unha Comisión de Seguimento do Plan como supervisora da adecuación das obras. Propónese como intervencións exemplificadoras tres intervencións de vivenda pública e a delimitación dun Sector de Estímulo á Rehabilitación no lado da muralla cara o río como proposta complementaria da recuperación das marxes do río Avia.

A terceira vía sería a recualificación urbana a través da mellora da paisaxe urbana. Propónense diversas de ordenación de tráfico, a supresión dos aparcamentos, a peatonalización restrictiva, control de espacios: Praza Maior, Castelo, traseira da igrexa de Santiago e beira da muralla por medio dunha recuperación ou recreación da color da fachada que dá o río e deseño dunha zona de mirador cara o val, previas á proposta más ambiciosa da recuperación como área de recreo e podio do Conxunto das marxes do río Avia. Estas últimas actuacións irían conectadas á intención de proxección do Casco ó exterior xa que todas se implementarían a través dun Concurso de Ideas.


Por último, como complemento das propostas de equipamento preténdese a obtención da Horta de San Xoán para o seu uso público e da zona verde xa proposta como tal en Santo Domingo, así coma a ubicación dunha residencia para a terceira idade.

A xestión do P.E.P. deberá encauzarse mediante soluciones negociadas coma o Convenio, as concesións de uso, a obtención de recursos doutros organismos e a expropiaciación no último lugar. A capacidade de xestión municipal e o entusiasmo da poboación implicada deberán se-los protagonistas do Plan e o tempo se o optimismo inicial estaba xustificado.



#### PROPOSTAS DO PLAN ESPECIAL

- ..... Delimitación do C. H. A.
- .... Sector: Estímulo á rehabilitación
- Recuperación das marxes do río Avia
- Equipamentos existentes ou propostos
- Actuacións de vivenda pública
- Edificios fora de ordenación
- Ordenación de espacios
- Espacios libres e uso público
- Espacios libres de uso privado



# BAIONA, O URBANISMO DA DEMOCRACIA

Xaime Garrido Rodríguez

Arquitecto

54

Baiona convertiuse nas últimas décadas na capital turística, non só do dilatado val Miñor (concellos de Baiona, Niñán e Gondomar) no extremo oeste do cal se asenta, senón de toda unha ampla área da zona sur de Galicia.

A pequena vila mariñeira formada arredor dunha praia a comezos da Baixa Idade Media, acadaría un gran desenvolvemento comercial nos séculos XVI e XVII; e o seu porto, defendido pola fortificada península de Monte Real, constituiríase nun dos máis importantes de Galicia, sendo considerado como o primeiro da costa galega polo licenciado Molina na súa «Descripción do Reino de Galicia».

A proximidade de Vigo (a 20 km.) e o seu enorme pulo comercial marítimo, pesqueiro e industrial nos séculos XIX e XX, colapsou o crecemento da vila de Baiona, que nos dous séculos anteriores viña arrastrando xa unha forte competencia. Perdida a primacía do comercio marítimo, relegado o seu interese de praza forte na defensa do sur marítimo galego e cos escasos recursos agrícola-gandeiros da súa montañosa bisbarra, mantívose a poboación estacionada cos bens que lle proporcionaba a pesca e en menor medida a industria da salgazón e conservera.

Desde o último tercio do século pasado, Baiona comeza a ter un incipiente turismo de verán que acode ós baños iodados de algas da praia Concheira, onde se instalara unha casa de baños ou balneario. Coa nova estrada comarcal C-550 e posteriormente coa liña de tranvías eléctricos que comunicaba esta vila con Vigo, a través de espléndi-

*Topografía de Baiona. En negro, delimitación do casco histórico con Normativa de Protección.*

das e variadas paisaxes, facilitase un continuo intercambio de persoas e produtos entre as dúas poboacións. Constrúense algúns pequenos hoteis e pensións para albergue dos veraneantes.

A pesar de todo, o crecemento de Baiona mantense estanco desde as primeiras décadas ata finais dos 60, en que se constrúe o «Parador de Turismo Conde de Gondomar» dentro da fortaleza de Monte Real, o complexo turístico (apartamentos, piscina e restaurante) «Rocamar» en Baredo e os apartamentos «Las Palomas» na propia vila, alterando notablemente o perfil urbano con seis plantas de altura.

A abundancia de peixes e mariscos, a tranquilidade da vila mariñeira con praias próximas e posibilidade de deportes náuticos, constituíron motivos máis que suficientes para atrae-lo turismo de interior. A especulación constructiva do desenvolvemento tecnocrático tamén se empezou a sentir en Baiona, co perigo que iso supoña para determinadas áreas: de edificación, medio-ambientais e paisaxísticas, que deberían protexerse dalgunha maneira.

Para regula-lo crecemento de Baiona e protexe-lo seu núcleo histórico, a Corporación municipal encargou a redacción do «Plan Xeral de Ordenación do Municipio de Baiona» ó equipo formado polos arquitectos Xosé Bar Bó, Alberto Baltar Tojo, Xaime Garrido Rodríguez e Xaime Riera Nieves, coa colaboración do enxeñeiro Alfonso Enríquez Moure. O proxecto aínda que foi presentado en 1972 non foi aprobado pola Comisión Provincial de Arquitectura e Ur-



banismo ata o 8 de outubro de 1975. Desde entón constitúe o único documento polo que se regula a planificación e construcción en Baiona. A súa adaptación á reforma da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana de 1975, ou á Lei de adaptación da do Solo a Galicia de 1985, ou á Lei de Costas de 1988, ou á «Reforma do Réxime Urbanístico e valoracións do Solo de 1990», falta por realizar.

Anque non sempre se cumpliu coa normativa establecida no P.X.O.U., serviu sen embargo para evitar desastres urbanísticos irreparables, como o intento por parte do alcalde e corporación municipal, que entre 1981 e 1982, pretendeu edificar en terreos da península de Monte Real, inmediatos ás murallas e Campo da Palma, que figuraban como zona verde de uso público.

Na etapa democrática, os problemas urbanísticos que se presentan en Baiona distribúense en dúas zonas diferenciadas, a comprendida entre a ponte da Ramallosa e a península de Santa Marta, e a que se sitúa entre esta península e o parque da Virxe da Roca, coa península fortificada de Monte Real incluída.

Na primeira zonificación sitúase a praia A Ladeira con case kilómetro e medio de lonxitude, en forma de lingua, que limita polo oeste as marismas de Sabarís ou do río Miñor. A poboación distribúese aquí aliñada a unha beira e outra da estrada comarcal C-550, nunha lonxitude de pouco máis de dous kilómetros con edificacións de unha a tres plantas, polo regular entre medianeiras. O primitivo camiño medie-

val, tamén chamado Camiño Real, que conflúe coa estrada actual na zona de Sabarís, atópase tamén edificado con antigas construccions a ámbalas dúas marxes.

A praia e o piñeiral da Ladeira, o mesmo que as inmediatas marismas, foron consideradas no P.X.O.U. como zona verde de uso público, dada a súa extraordinaria importancia para o desenvolvemento económico-turístico da bisbarra. O desexo dun particular de levar a cabo a realización dunha urbanización para a construción duns cen chalés e edificacións en altura, entre 1971 e 1972, aspiración compartida polo alcalde e corporación municipal, levou a retrasala aprobación do sinalado P.X.O.U. A propiedade en cuestión, mentres xestionaba co beneplácito municipal a urbanización da Ladeira, construíu un dique sobre a praia co propósito de protexe-los seus terreos. Coa oposición vecinal e a actuación por parte da Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra ó denega-la aprobación definitiva con data 10 de novembro de 1972 da citada urbanización, pone fin a este intento especulativo de privatizar unha praia con edificación masiva.

Durante sete anos produciuse un profundo silencio sobre o tema do piñeiral da Ladeira, ata que o 12 de marzo de 1979, o concello de Baiona concede licencia para a construcción dun camping particular de primeira categoría. O dique de grandes bloques graníticos foi aumentando considerablemente en altura e lonxitude con vertido de máis material sobre o espacio público da praia, impedindo o paso ó final da mesma.

*Marismas da desembocadura do río Miñor e praia A Ladeira con Baiona ó fondo.*

*Foto de «Paisaxes Espanoís» contra 1960, unha vista aérea de Baiona e o seu porto. A placida vila mariñeira con balneario para baños de augas iodadas, chegaba o tranvía eléctrico den de Vigo.*



*Ría de Baiona coa praia e península de Santa Marta no primeiro término e a extensa praia A Ladeira ó fondo.*



As previsións do Plan Xeral de establecer no piñeiral unha zona verde de uso público como continuidade expansiva da praia, quedaron xa cortadas nun principio ó negar-se o concello a realiza-la compra dos 40.000 m<sup>2</sup> que pertencían ó Ministerio de Facenda, cun prezo que non alcanzaba en 1970, os cinco millóns de pesetas. Con esta renuncia á compra, e o posterior permiso de construcción dun camping privado, os habitantes da zona e o turismo baionés perdeu a gran oportunidade de dispoñer dunha ampla área para o ocio e o divertimento.

56

A construción do dique de máis de douscentos metros de lonxitude sobre a praia sen que ningún o impedisise, e a licencia municipal para a instalación dun camping privado cerrado en terreos calificados como de uso público no Plan Xeral, constituíron os primeiros atentados ó medio ambiente e ó P.X.O.U. vixente nos comezos da etapa democrática.


Outra actuación urbanística na zona que estamos considerando e que levantaría grandes polémicas, foi o primeiro «proyecto de variante da C-550 de Fisterra a Tui pola costa: km. 51.800 - 54.100, tramo da Ramallosa», realizada polo M.O.P.U. O citado proxecto está datado en maio de 1982 e presenta un trazado dunha estrada que atravesa as marismas do Miñor en forma de dique construído con recheo e pedraplén. A variante citada tiña por obxecto desconxestionalo vial actual, saturado de tráfico e edificacións.

O movemento cidadán, o grupo político do PSOE na oposición, o Colexio de Arquitectos, e os medios informativos, colaboraron eficazmente en que ese proyecto non se levase a cabo. O profundo estudio realizado polo xeólogo Federico Vilas Martín, sobre o impacto medio ambiental negativo do citado trazado e as alegacións presentadas, motivaron a desestimación do proxecto por parte da Dirección Xeral de Portos e Costas do M.O.P.U.


Sucesivamente se foron estudiando outros traxectos más próximos á actual estrada, de xeito que non constitúan unha vía rápida que estorbe o acceso á praia, nin se alteren as marismas do Miñor. O parecer, xa existe un acordo entre as forzas políticas e a Xunta para o último trazado de 1989, onde mesmo se contempla un paseo marítimo e pista para circulación de bicicletas.

O Plan Xeral de Ordenación do Municipio de Baiona de 1975, permitiu ó longo da etapa democrática, a realización dos seguintes estudos e planificacións:

- 1.º Estudio de detalle de alíñacione Carabela Pinta e travesías 1.º tramo (aprobación definitiva 19 de decembro 1975).
- 2.º Normas para a edificación e protección do casco antigo (aprobación definitiva 21 xullo 1977).
- 3.º Plan parcial «O Loureiral» (aprobación definitiva 4 maio 1981).
- 4.º Plan parcial «Virxe da Roca» (aprobación definitiva 9 xullo 1983).



Baiona na actualidade. A vila histórica que se conserva relativamente ben, atopase oprimida pola nova edificación que a rodea por todos os lados.



Vista da vila de Baiona na que se distingue o seu casco antigo con edificación máxima de tres plantas e o ensanche con seis alturas. A península de Monterreal (actual parador de turismo Conde de Gondomar), abeirou entre os seus muros no século XVI a uns 3.000 moradores e coas súas fortificacións constituiuse na más importante praza militar das Rías Baixas, necesaria para defendelo seu preponderante porto.

5.º Plan parcial «As Cubichas» (aprobación definitiva 21 abril 1988).

O acontecemento más revulsivo dentro do urbanismo baionés constituiu o intento de recalificación duns terreos (15.000 m<sup>2</sup>) situados na península de Monte Real e adosados ó recinto fortificado pola beira oeste. Os terreos en cuestión, por estar considerados como zona verde de uso público, foron adquiridos a baixo precio (7.800.000 pesetas en 1980) con obxecto de especular cos mesmos, buscando a forma de consideralos edificables. Baralláronse tódalas posibilidades, desde dividilo en parcelas de 1.000 m<sup>2</sup> para construír chalés, ata a solicitude dun casino de xogos e un parque de atraccións de tipo feiral.

O alcalde e a corporación estaban tan interesados nestas «parcelas do Parador», que non dubidaron un instante en encargar ó arquitecto municipal a redacción da figura de planeamento más elemental, como medio de adaptación do Plan Xeral de Baiona á vixente Lei do Solo, é dicir, un «Proyecto de Delimitación do Solo Urbano», onde evidentemente se recalificarían as citadas parcelas como edificables. Todo transcorreu coa máxima celeridade e o 6 de xullo de 1982 foi aprobado definitivamente polo concello en sesión plenaria. O día seguinte e ás dúas da mañá comezaba a tala da arboreda alí existente. Tres días despois, a Xunta de Galicia paralizou as obras enviando á garda civil.

Xa desde comezos de 1981, os medios informativos, o Colexio de Arquitectos, os partidos políticos e o movemento veciñal, alertados polos acontecementos, opuxérónse de

tódalas formas posibles á realización de calquera obra de construcción ó pé das murallas do castelo de Monte Real.

A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia, acordou impugna-lo «Proyecto de Delimitación de Solo Urbano do Concello de Baiona» diante da sala da Audiencia Territorial da Coruña, que en novembro de 1982 dictou sentencia en contra da aprobación municipal.

Ó verse privados da posibilidade legal de edificar nesa parcela de zona verde de uso público, o alcalde e a corporación decidiron mercala para disfrute do pobo, por uns 75.000.000 de pesetas. Acusado o alcalde de prevaricación pola oposición, a Audiencia Provincial anulou o proceso, sendo únicamente inhabilitado para cargos públicos durante seis anos, por utilizar formigóns para obras municipais dunhas formigoneiras das que é copropietario.

Tamén se chegou a encarga-la redacción dunhas «Normas complementarias e subsidiarias de planeamento» a IDASA, Enxeñería do Atlántico, S. A., que foron presentadas en decembro de 1983, mais parece ser que non interesarón á corporación maioritaria porque as «parcelas do Parador» non aparecían recalificadas.

Para unha mellor protección do casco histórico de Baiona e doutras edificacións, convxuntos, e sitios de interese cultural ou medio ambiental do Concello, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, estableceu a declaración de conxunto histórico-artístico, que se publicou no Boletín Oficial do Estado o 27 de xaneiro de 1988.




*Na zona de Baredo, a urbanización Rocamar, levada a cabo a mediados da década dos sesenta, con construcciones en altura e ocupando a liña costeira, marcó o inicio do que podía constituirlo deterioro de todo o litoral baionés. A redacción e aprobación do P.G.O.U. impidiuno.*



*Desde os montes da Grova obtense una visión panorámica do val Miñor, a súa bisbarra está formada polos concellos de Baiona en primeiro término, Nigrán ó fondo e Gondomar á dereita. No centro da foto a desembocadura do río Miñor onde forma as marismas de Sabarís e a praia da Ladeira en forma de lingua.*



*En plena etapa democrática, a principios de 1979 e con obxecto de proteger e ampliar unha propiedade privada, volvérónse a verquer grandes cantidades de bloques de pedra sobre o dominio público da praia A Ladeira, construíndo deste xeito unha escollera artificial onde antes había praia. Desta forma quedou cortada a continuidade da praia ata o final da mesma. Descoñécese se o Concello e a Mariña adoptaron algunas medidas. A escollera segue no seu sitio.*



*Edificación aliñada ó longo da estrada C-550 na recta que vai da Ramaña a Sabarís. Algunhas construcións que se ven na fotografía forman parte do conxunto histórico-artístico.*



*As marismas do río Miñor na marea alta. O fondo Santa Cristina da Ramaña e urbanización de vivendas adosadas «As Cubichas» onde antes había un vizoso bosque de piñeiro.*

Coa protección do patrimonio cultural asegurada e espazo territorial suficiente na vagoada oeste da vila actual, para a demanda residencial, o concello baionés só precisa levar a cabo a revisión e adaptación do seu Plan Xeral de Ordenación, ou ben, a realización dun novo que se adapte ás novas circunstancias urbanísticas.

A gran obra pendente constitúena os viais de acceso á poboación e de traxecto a Santa María de Oia e A Guarda, que o M.O.P.U. está a elaborar coa colaboración do equipo de arquitectos formado por Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijano Romero e Manuel Portolés Sanjuán, que presentaron un profundo estudio do impacto medio-ambiental do seu trazado, que transcorre polo sur da actual estrada e lonxe dos núcleos de poboación. Este trazado non se diferencia moito do establecido no Plan Xeral de 1975.

Ó que parace que áinda non se lle encontrou solución

58

é ó vertedero municipal, situado en Cabo Silleiro, onde se verten e queiman os desperdicios á beira do mar, e á vista e olfato dos que circulan en dirección A Guarda.

A pesar de actuacións puntuais pouco afortunadas, e intentos de deterioro medio-ambiental de carácter grave, o urbanismo baionés na etapa democrática caracterízase pola demanda e construción de áreas residenciais de luxo para a temporada de verán. Lévase a cabo a construcción de apartamentos en bloques de sete plantas en primeira liña fronte ó mar, desde Santa Marta ata a Virxe da Roca, e vivendas adosadas de dúas plantas, con urbanización dos terreos nas ladeiras dos montes inmediatos á vila e na Rama-llosa.

Os dous conxuntos de vivendas sociais: «A Anunciada» e «O Burgo» foron construídos a principios das décadas 1960 e 1970 respectivamente, para familias de mariñeiros.

Vista da península de Monterreal pola súa banda Oeste, co Parador de Turismo na metade esquerda e as denominadas «parcelas do Parador» sobre as que se pretendía edificar, na metade dereita (entre a liña costeira e o recinto amurallado).




As vellas fábricas de conservas foron derrubadas e no seu lugar erguéreronse recentemente os edificios de apartamentos que se aprecian na fotografía.

Zona de ensanche de Baiona cunha primeira liña cásquea totalmente consolidada. A edificación irase extendendo cara o interior do pequeno val limitado ó Oeste polo parque forestal do monte Virxe da Roca, que se observa no fondo da fotografía.



P.X.O.U. de Baiona. 1979. Vialidade.



O centro histórico da vila de Baiona ofrece unha arquitectura de grande interese cultural, que vai dende señorais pazos do século XVIII ata as pequenas casñas de mariñeiros, pasando por pétreas construccóns do século XIX con as fachadas cubertas por espléndidas galerías de madeira.



Fóra do que se considerou como casco histórico, notables edificacíons de finais do XIX e comezo do XX van sendo abandonadas para construir en altura.


Algunxs densos bosques de piñeiros na vila de Baiona ou na zona de Sabaris foron talados para ubicar urbanizacións de vivendas adosadas. O bosque só serviu para poñer un nome.



A comezos da década de 1980, o Concello de Baiona estableceu o seu basureiro en Cabo Silleiro, a beira do mar, nunha das zonas paisaxísticas más pintorescas do litoral galego. A fumareda, o mal olor e os desperdicios chegan ás veces ás cercanas praias.



Porción do mapa topográfico nacional do Instituto Geográfico —1989— Escala 1:25.000. Co posible trazado do novo vial en dirección A Guarda e alonxado dos núcleos de poboación.





# PASEO MARÍTIMO DE BAIONA

Salvador Fraga Rivas  
 Francisco Javier García-Quijada Romero  
 Manuel Portolés Sanjuán  
 Arquitectos  
 Luis Felipe Vila Ruiz  
 Enxeñeiro

## 1. DATOS BÁSICOS

Con data agosto de 1984, realizouse Proxecto de Ordenación, definindo o tratamento de pavimentos e deseño e amoblamento urbano, sobre unha sección de 7,50 m. obtida mediante o desprazamento do muro existente.

As características do ámbito de actuación son:

Longitude: 255 m.

Superficie: 1.912 m.<sup>2</sup>

Situación preexistente: borde en muro delimitando calzada.

## 2. SITUACIÓN E CARÁCTER DO ENTORNO

Fachada ó mar do casco histórico da vila de Baiona (Pontevedra). Esta fachada é o resultado dun proceso que, a través dun mecanismo de recheo transformou unha marxe natural en ribeira, cun fondo arquitectónico de carácter popular, nunha cornisa en dique, trala que se desenvolve un telón de fondo de arquitectura que se produce dunha forma autónoma respecto ó tecido consolidado ás súas costas.

O Paseo sitúase ó fondo do espacio natural configurado lateralmente polo peirao cara o sureste e a península-tóbolo de Monterreal cara o noroeste, formando un recinto con entidade propia dentro do cal, o paseo se constitúe nun amplio miradoiro da escenografía circundante (Castelo de Monterreal e baía).

## 3. CRITERIOS BÁSICOS DO PROXECTO

—Partiuse dunha vontade expresa de convxuga-la utilización de patróns clásicos de concepción, composición, deseño, materiais, etc., coa utilización de linguaxes actualizadas en todos estes terreos.

—Reforzamento do carácter de recinto urbano a través dunha intervención deliberadamente arquitectónica, no plantemento e tratamento de cada un dos elementos.

—Salvagarda-la apertura visual reforzando simultaneamente o carácter de cornisa, tanto na súa percepción interna como externa.

—Integración a través da arquitectura dos diversos elementos que conforman o paseo (farolas, varanda, bancos, arboreda, pavimento, etc.), con criterios de economía temática.

—Conservación da imaxe visual e histórica do muro preexistente mediante o traslado da sillería que o conforma.

—Saneamento da dársena.

—Incorporación da iluminación como elemento de deseño definitorio do recinto.

## 4. MATERIAIS DOMINANTES

Granito gris apiconado de 21 cm. de espesor e adoquín rosa de 30 x 10 x 10 cm. en pavimentos.

Aceiro cincado e pintado en «Oxiron» en varandas e farolas.

Loureiros (*Laurus nobilis*) como especie arbórea.

## 5. DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA.

Estableceuse unha banda intermedia de transición entre a zona peonal e a calzada que se significou a través dun tratamento diferenciado do solo, e no cal se inscribe a liña de arboreda e a ubicación do mobiliario urbano non fixo (bancos, etc.).

A liña de borde sobre o mar integra, dentro dunha concepción unitaria, dous tipos de tratamiento: a) O banco, que ofrece unha zona de repouso en contacto co mar, aproveitando á vez o espacio más soleado; b) A varanda-miradoiro, más permeable.

Entre estas dúas zonas, contense o espacio fundamental do paseo. Esta continuidade só se matizou na zona central, onde a escala de acceso desde o mar propiciou elementos diferenciadores.

O pavimento concebiuse con lousas de pedra entreverado cunhas franxes transversais de adoquín que, garantindo a conexión coa franxa lonxitudinal, introducen un motivo que interrompe discretamente a uniformidade do paseo.

Na liña de borde co mar, buscouse a integración de elementos básicos do paseo como farolas, bancos e varandas, e nunha orde arquitectónica forte e unitaria, cun obxectivo que é reforza-lo carácter que o paseo ten como cornisa urbana sobre o mar.




O deseño baséase na definición duns ritmos que se manifesan na ordenación xeométrica de texturas de pavimento, luminarias e tipos de varanda e arboreda, interrelacionándose entre si. Por iso se tomaron decisións tales como:



—Modulación reflexada no tratamento do pavimento e da interrupción do banco de borde, así como o deseño diferenciado de varanda.

—Integración dos baseamentos das luminarias nos extremos do banco, reforzando esta unidade arquitectónica, á vez que se acusa en negativo o espacio más permeable entre farolas.


—O pareamento de farolas transforman a mera puntuación dun ritmo na definición dun espacio ordenado polo intercolumnio e a relación da súa medida coa altura. Todo iso patentízase no deseño vertical da luminaria.






DETALLE DE ENLACES DE BASEAMENTO  
DE FAROLA, BANCO E MURO DESPRAZADO



1. Farola de fundición.
2. Baranda.
3. Basamento de granito.
4. Banco de granito.
5. Adoquín de granito vermello.
6. Perpiáñ de granito de Vincios.
7. Alcorque.
8. Chanzo.
9. Elemento disuasor dos coches.
10. Banco catalano.





PASEO MARÍTIMO DE SANTA CRUZ  
(OLEIROS)

Carlos Nárdiz Ortiz  
Miguel A. Cañas Mercado  
Enxeñeiros de Camiños



# PROBLEMAS DE DEFINICIÓN DOS PASEOS MARÍTIMOS, ALGÚNS EXEMPLOS: SANTA CRUZ, MALPICA E CAMBRE

**Carlos Nárdiz Ortiz**

Enxeñeiro de Camiños, C. e P.  
Profesor de Urbanismo da E.T.S.  
de Arquitectura da Coruña

65

A escala á que se afronta a definición dun Paseo Marítimo é a de Proxecto; sen embargo, os problemas que xera esta definición van máis alá dun simple proxecto de obras.

Dar forma a un Paseo a carón do mar significa, primeiramente, defini-las súas beiras (edificacións, vías de tránsito, zonas de praias, a rocha natural) e a separación ou unión que debe existir entre as mesmas. Definida nunha etapa previa, propia do Planeamento Especial, a conexión con outros espacios libres e o grao de accesibilidade, o proxecto do Paseo debe comenzar cun Estudio Paisaxístico no que os muros da beira do Paseo, ou as árbores que se aliñan ó longo do mesmo, deben integrarse na nova fronte marítima que abre o paseo á cidade.

É unha visión desde fóra cara dentro, que debe complementarse con outra desde o Paseo cara o mar, na que o pavimento e a varanda que serve de transición, se converten en elementos determinantes da imaxe do Paseo.

Na definición da zona de contacto entre o Paseo, a auga, a area ou a rocha natural, poden presentarse problemas constructivos (muro para sostentemento das terras do Paseo ou dique, necesidade ou non de reflexa-las ondas); formais (elección axitada do material, tanto do pavimento como do mobiliario urbano e iluminación, en todo caso duradeiros, delimitación da coroación dos muros con imposta, altura e color do parapeto ou varanda, talude máis ou menos tendido do muro ou dique), e mesmo de accesibilidade: ¿entre o Paseo, a area ou a auga existe total transparencia, ou os lugares de acceso limitanse a puntos extremos a escaleiras intermedias?

Na definición lineal e transversal do propio Paseo e as súas zonas de contacto coas edificacións próximas ou co terreo natural, antes en contacto co mar, preséntanse asimismo problemas formais e constructivos. A imaxe do Paseo ordénase para o viandante que o recorre co pavimento, a arboreda, a iluminación ou o mobiliario que delimita unhas zonas de estancia doutras de paso, sen que esta delimitación signifique a separación de pavimento en distintas alturas. O **Paseo de Santa Cruz en Oleiros**, organízase en torno a distintas zonas de estancia, cun tratamento de pavimentos distintos, no que os únicos elementos de unión entre os mesmos, unha ponte sobre un arroio e unha rampa que descende e volve a subir ata o Paseo, serven de conexión entre as distintas zonas. A imaxe do Castelo de Santa Cruz e do perfil da Coruña recortándose ó fondo da baía, son tan determinantes que ningún espectador pode recorrer-lo Paseo sin mirar constantemente o mar. Esta imaxe de Paseo composta por distintas estancias, refórzase na discontinuidade lineal dos muros que serven de beira ó mesmo.

No **Paseo da praia de Malpica**, un nivel elevado busca a altura que lle permite observa-la liña do horizonte do mar desde unha posición superior á do Paseo principal, que termina á súa vez nunha praza elevada. A diferencia do anterior, é un Paseo lineal, que segue a beira da praia. A resolución de prazas que rematan os extremos do Paseo, unha en contacto coas edificacións e outra nun saínte da costa que actúa de miradoiro, fan que o Paseo teña un recorrido

claro de unión entre estes espacios extremos que serven de foco de atracción; no recorrido, bancos e árbores que dan sombra ó fondo do Paseo, converten as zonas intermedias fronte á praza en lugares atractivos para a estancia.

No **Paseo de Cambre na Ría do Burgo**, un nivel inferior delimita unha zona de ocio más en contacto co mar. O Paseo concebido nos dous niveis, reserva a zona superior arborada e con bancos, máis en contacto coas edificacións, para o recorrido lineal, mentres que desde a varanda que coroa o muro do Paseo inferior, as persoas poden pescar. Unha rampa ó final do Paseo pon en contacto o mesmo coas embarcacións que se sitúan sobre a ría.

A diferencia dos dous Paseos anteriores, reservados exclusivamente para o peatón, por unha das marxes do Paseo de Cambre poden circular vehículos de acceso ás vivendas. O Paseo superior, sen embargo, reduciu esta calzada de acceso ó mínimo para a circulación nun só sentido, apropiándose tamén neste caso o Paseo de zonas que antes estaban reservadas para os vehículos. Este carácter peatonal dos paseos marítimos, que choca ás veces coas esixencias municipais, é fundamental para a propia supervivencia e deseño dos mesmos.

A **Ría do Burgo**, ó fondo da baía da Coruña, nas marxes da cal está a actuar nestes momentos a Dirección Xeral de Portos e Costas, tanto na beira de Cambre como na do outro municipio límitrofe, Culleredo, **presenta problemas de conexión entre ambas marxes**. Se os paseos que se están proxectando e construíndo neste sentido, son espacios para andar, algún tipo de conexión terá que existir entre as dúas marxes, para dar continuidade ó Paseo. Como en tódalas embocaduras das rías galegas hai unha ponte antiga, que delimita o punto de ruptura de carga entre a navegación marítima, fluvial e o transporte terrestre, esta ponte convertése no elemento fundamental da ordenación de ámbalas dúas marxes.

A Ría do Burgo non é unha excepción. Unha ponte medieval arruínada, «**A Ponte do Burgo**», recordo dun burgo medieval que existiu neste lugar, está a sinala-la futura conexión entre ámbalas dúas beiras. A ponte de estrada que se construíu a carón, serve para o paso dos coches, non para o das persoas, que polas diminutas beirarrúas atravesan o fondo da ría con perigo. A ponte medieval restaurada e reconstruída-las arcadas que neste momento lle faltan, está destinada nun futuro ó uso peatonal.




A posibilidade de recuperar pontes antigas para este uso, dentro de actuacións de acondicionamiento de paseos marítimos ou fluviais, xustifica sobradamente a restauración desta ponte. Non hai que esquecer que a plataforma da ponte é un espacio privilexiado dentro destes paseos, ó estar sobre o fluxo sempre cambiante da auga. A ponte da ría, además, en marea alta, pode servir para o atraque temporal de embarcacións de acordo coa súa función tradicional de peirao. Desde as pontes, como desde os paseos, pódese pescar.



Vista do Paseo Marítimo de Santa Cruz  
(Oleiros).

### PASEO MARÍTIMO DE MALPICA

Carlos Nárdiz Ortiz, Enxeñeiro de Camiños  
Julia Fernández de Caley, arquitecta




Detalle e perspectiva.

PASEO MARÍTIMO DA RÍA DO BURGO  
(CAMBRE)

Carlos Nárdiz Ortiz  
Enxeñeiro de Camiños

67



A RÍA DO BURGO

En primeiro plano o Paseo Marítimo do concello de Culleredo, ó fondo, á dereita, o paseo en Cambre.



**Alexandra Gesta**

Arquitecta. Responsable do casco histórico de Guimarães (Portugal)

68

A cidade é expressão física do sistema das produções humanas; sendo o (suporte) significante duma estrutura de relações é, neste sentido, um discurso, disponível à variável capacidade de leitura e interpretação de cada olar.

A região, espaço vivido segundo linhas de força, mesmo aqui mais centrípetas do que centrífugas, faz convergir sobre a cidade as suas produções levando de volta o que a cidade «elabora».

Todos os caminhos levam a Romma...

Os caminhos que saem de Roma, isto diz-se menos vezes, levam-na a todo o lado, Roma é também esses caminhos, e as paragens a que conduzem...

...Movimento que vai do lugar à praça urbana, percorrido através de uma malha física; de caminhos, referências e metas, significantes da estrutura complexa mas contínua das relações económicas e sociais, e da sua história. A cidade, o seu contorno imediato e o meio natural que os envolve, formam um conjunto inter relacionado, parte muitas vezes «separadas» mas em rigor inseparáveis.

O território é aquela «pátria natural», trabalhada, construída para satisfação das funções primordiais do viver humano; habitar, produzir, e produzir-se.

Diferentes modos de conjugar os termos desta equação no espaço e na história determinaram formas particulares do território, formas particulares do homem que o habita.

Aqui ele constroi a sua casa ao longo do caminho que o leva à fábrica, procura equidistâncias; ficará perto do cam-

po que fabrica depois da outra produção. A distância que o separa da Igreja e da Escola, faz por um caminho; que também o liga à E.N., onde tomará a «carreira» que o levará à Cidade: o centro desta estrutura hierarquizada de relações. O território é um sistema de referências e distâncias, sempre as menores possíveis, entre a residência e o sítio do trabalho, ou entre aquela e outros lugares de uso mais raro.

Ida ao médico, ao advogado, à Câmara, ida à (sexta) feira. Distância outra, não mensurável em quilómetros, mas pelo sentido de que é investida...

À sexta feira uma cidade completa-se, a feira tem um sentido que ultrapassa o do inter-câmbio material; muito próxima do centro urbano, conserva uma função histórica de momento especial de troca; troca de produtos, troca de serviços e de informação, troca de olhos... ainda.

O dia de feira é paradigma semanal de continuidades e de inter-relações regionais, também porque, então, se revelam melhor as diferenças e as contradições, também porque, então, se revelam melhor as diferenças e as contradições, também porque então a cidade se completa, a Cidade toda, essa que se constitui de um Centro e das paragens que se lhe referem.

O Castelo na colina, o Mosteiro na cota baixa da cidade, a linha de água no vale (Ribeira de Couros).

Esta expressão reduz à expressão mais simples a morfologia deste território, em Guimarães.



## COMUNICAÇÃO APRESENTADA AO ENCONTRO INTERNACIONAL DE MUNICÍPIOS COM CENTRO HISTÓRICO. Guimarães, Novembro 1989

...Porque se «o mundo está sem dúvida fora dos eixos, só os movimentos violentos podem repôr tudo no seu lugar. Mas pode acontecer que haja, entre os instrumentos que sirvam para o efeito um pequeno, frágil, que exija ser manipulado com leveza».

(B. Brecht — A compra do cobre, citada por Roland Barthes) Op. Cit.

E determinante o facto de a propriedade do solo e dos edifícios da área do Centro Histórico se distribuir por um imenso, disperso e conjunto vário de proprietários de diversa condição.

O seu diferente perfil económico, não determina no essencial comportamentos diversos em relação à decadência progressiva dos imóveis. As situações mais comuns são classificáveis em dois padrões:

A um deles corresponde o maior número de proprietários, de baixos recursos económicos, herdeiros por trans-

missão ou compra de imóveis cujo o estado de degradação versus situação de arrendamento não permitem um investimento reconvertível a curto ou médio prazo; outro agrupa os proprietários de edifícios em situação semelhante mas cuja condição económica é diametralmente diferente, de tal modo que o volume de investimento que habitualmente movimentam e os lucros visíveis decorrentes não justificam que se gaste tempo «aquele lote na Feira no Pão» cujo rendimento é praticamente nulo. Situação corrente de retenção do uso do solo como estratégia da sua valorização.

Aquela definição cadastral dificilmente permite grandes (ainda que à escala) operações de especulação, sendo a manutenção das cércas existentes uma regra já adquirida, e a frente do lote quase sempre estreita, a profundidade embora variável quase nunca é compensatória dum grande investimento.

Acresce referir aqui um tipo de agentes, que normalmente associando a sua capacidade económica a um «interesse» e conhecimento das questões de importância da preservação do património, podem actuar neste quadro fazendo uma aquisição discreta e sistemática, aparentemente sem fins precisos, num processo cujas consequências serão visíveis apenas quando detentores duma mancha significativa na malha o que lhes poderá permitir então ditar regras de transformação da cidade.

E neste quadro que a proposta metodológica subjacente ao despacho 4/SEHU/85 podia de algum modo introduzir um desbloqueamento no processo aparentemente estagnado e tornar mais geral o conhecimento das regras de valorização deste stock construído e calmante esquecido.


Considerava este Despacho que «a reabilitação dos espaços públicos pode funcionar como indutora do investimento do capital privado nos edifícios que os confinam», contribuindo de uma forma decisiva para quebrar o ciclo vicioso a que está sujeito o processo de abandono das áreas históricas.

É verdade que a actuação do Município quando procede à reestruturação dos espaços públicos (com dinheiro públicos) acrescenta valor ao capital fixo que são os edifícios privados, podendo considerar-se que é já exemplo deste processo, o caso da Praça da Câmara. Quando o arranjo ainda não estava concluído já a atitude dos proprietários dos edifícios envolventes se alterara completamente. Tinha a Câmara Municipal de Guimarães no seu plano de actividades a aquisição de dois grandes edifícios nesta praça; entretanto um deles duplicou já o seu valor e no segundo caso o proprietário já não encara a possibilidade de o vender, (pretendendo habitar apenas uma parte e rentabilizar a outra arrendando-a para locais de lazer, galerias, atelieres, etc.).

Pode, portanto arriscar-se que de facto o arranjo e reestruturação do espaço público dinamiza o investimento privado. Não se exclui no entanto a hipótese deste movimento de investimento no Centro Histórico corresponder a um dos momentos do ciclo do capital.

Como esta hipótese não está suficientemente analisada nada é possível afirmar com segurança ficando no entanto expressa a possibilidade desta coincidência.

Podem fazer-se ao Despacho 4/SEHU/85 as mais diferentes críticas do ponto de vista político: incompleto porque sem suporte legal para a sua aplicação, irrealista porque ig-



nora a prática das entidades envolvidas no processo e consequentemente os resultados destes casamentos impostos. No entanto não pode negar-se que foi de facto um ponto de ordem na proliferação de muitos gabinetes «de Centro Histórico» visando o objectivos muitas vezes, mais recuados que o espírito do Despacho e cuja prática era concerteza mais limitada do que a estabelecida por este.

Em última instância senão fosse mais do que isso (mas é-o concerteza e tal pode afirmar-se) foi um meio colocado pelo Governo Central à disposição das autarquias para, conforme a sua vontade política e orçamento municipal, puderem iniciar a prática de uma política de actuação nos Centros Históricos.

70 Poder-se-á portanto dizer que ficou entregue à capacidade de cada autarquia a concretização de um programa de reabilitação cujo o espírito é: A promoção da recuperação dos Centros Históricos pela requalificação do espaço público mantendo as populações residentes e melhorando a qualidade de seu habitat.

Aqui seria mais correcto não dizer que se vai recuperar o Centro Histórico (quando nos referimos a toda a área manchada de intervenção e não apenas a um quarteirão) pois estas áreas embora diferenciadas morfológica e tipológica mente são parte integrante dum território e portanto sujeitas ao processo público e privado de desenvolvimento, não se acreditando portanto na sua total recuperação apenas pela criação de um gabinete específico para o seu tratamento ainda que com um suporte legal que é o Despacho.

A publicação do Despacho que cria a figura do Plano Director Municipal e a criação de equipas municipais, ou privadas, de planeamento e gestão do território para a sua concretização não tiveram nem terão como consequência que o concelho seja um território gerido e desenhado de acordo com as regras ditadas pelos planos mesmo quando estes estejam bem informados das tendências de desenvolvimento.

No entanto relativamente ao processo em curso é de capital importância, pelo menos, a clarificação de certos conceitos e das regras que até então estavam apenas nas mãos de alguns agentes e que a actuação municipal, através da sua prática, leva ao conhecimento de um maior número de intervenientes e interlocutores.

A intervenção no Centro Histórico não deve ter como objectivo último a recuperação dessas áreas mas sim uma contribuição para a reabilitação formal e funcional de toda a cidade ou contínuo urbano.

(Re)desenhar o Centro Histórico devia traduzir-se não só na sua requalificação mas também no prolongamento de determinadas qualidades formais sobre as áreas que lhe são adjacentes e às que se encontram em construção, bem como aos conjuntos históricos que marcam no território a continuidade da urbanização.

A gestão da área do Centro Histórico deve visar a sua reanimação funcional e financeira de um modo articulado conforme a proposta que é feita para intervenção no Centro Histórico de Guimarães como posteriormente se descreve. O que se pretende:

Um núcleo revitalizado, conservando a sua identidade, adaptado ao modo de vida actual.

Um núcleo referência significante e funcional da cidade e território para que esta possa continuar a ser usado pela população; a urbana e a rural sem que a última se sinta um corpo estranho num organismo vivo cujas operações plásticas (ou mais profundamente os enxertos) a rejeitasse.

Que o processo de reabilitação do centro seja indutor por extensão ou contágio e pelo seu carácter exemplar de processos semelhantes nas áreas antigas de todo o território.

Que este processo seja exemplar e actue no processo de construção das áreas novas como meio de reaprendizagem da cidade, contribuindo para superar a incapacidade actual de se encontrar a resposta para a falta de qualidade do viver público.

E necessário então:

Um diagnóstico prévio a partir dos elementos de levantamento e do conhecimento da área que vá sendo simultaneamente uma síntese e uma proposta de trabalho, coerente com os objectivos entretanto definidos.

Definir um plano/ critérios-conjunto de regras mínimas de consenso técnico/político.

A definição das vertentes de actuação:

Espaços públicos e edifícios municipais.

Apoio técnico aos particulares.

As formas e os métodos da gestão, dos interesses.

O estabelecimento das prioridades.

O enquadramento da proposta dentro dos meios financeiros mobilizáveis.

A realização destes objectivos supõe:

Que as actuações municipais se revistam de carácter exemplar nos espaços da sua competência.

Que a resposta técnica seja atempada, eficaz, e de baixo custos nos casos dos privados.



Que a gestão da área seja coordenada com a gestão das áreas adjacentes e sempre que necessário com outros sectores da área do concelho.

A ausência de Plan na sentido clássico do termo bem como a ausência de regulamentos supõe que sobre o estirador estejam:


A escala 1.2000.

Os levantamentos tipológicos dos quarteirões.

Os estudos prévios dos edifícios municipais.



Levantamento tipolóxico da Praza de Santiago.



O projecto de execução dos já licenciados.  
A pormenorização de uma obra já em curso.  
Uma alternativa que será fornecida em resposta a uma proposta de licenciamento.

O desenho do beiral de um telhado cuja execução se apressa.

A confirmação de um auto de medição da obra que corre com um empréstimo PRID e em que a Câmara Municipal de Guimarães se substitui ao proprietário.

72 A planificação das obras que decorrem em edifícios privados com a equipa de construção civil adstrita ao Gabinete do Centro Histórico.

Uma proposta de desenho cuja viabilidade económica está a ser verificada para se negociar com o promotor como alternativa a outra apresentada e que se considera desadaptada ao desenho do quarteirão.

O estudo de um novo desenho urbano exigido pela proposta de alteração do tráfego automóvel.

Um breve estudo das cores da fachada para a praça que decorre de uma consulta ao Gabinete por um locatário para quem se tornou urgente pintar a casa.

O estudo possível de um «regulamento» de alteração do R/CH em comércio e do desenho publicitário paralelamente ao projecto que se faz de uma praça.

A verificação de alguns dados sobre a história da cidade que torna necessária uma consulta a especialistas da arqueologia e sondagens no sítio da construção de um colector de esgotos.

Um ofício resposta da Universidade do Minho sobre o estudo conjunto que se pediu sobre os índices de conforto na construção.

Planeamento, Arquitectura, Construção, História da Cidade uma «inter disciplinariedade» dentro da disciplina. A aprendizagem da Arquitectura.

Havia a consciência de que a obra realizada na Casa da Rua Nova não podia, nem se pretendia, fosse regra a aplicar em todas as circunstâncias nomeadamente pela iniciativa privada.

Ao projecto da Rua Nova faltava-lhe algumas componentes, que numa encomenda privada circunscreve os limites de intervenção mais rigorosamente.

Esta experiência caracterizava-se por uma grande liberdade de actuação permitida pela Câmara Municipal de Guimarães ao autor do projecto.

Se é verdade que esta situação permite em certos níveis uma experimentação quase laboratorial, também é verda-

de que corre o risco do esbatimento dos seus limites e utilidade até se esgotarem na satisfação dum prazer solitário.

A ausência das componentes da realidade projectual, nomeadamente a discussão com o cliente, sobre o programa, os custos, as opções culturais, etc., «libertaram» o projecto da regra geral da produção corrente permitindo-lhe assumir um carácter único que urgia aproveitar para consolidar certezas ou dúvidas que poderiam depois desta experiência ser uma ponte para novas actuações.

Experimentava-se uma possibilidade metodológica, sem pretender fazer desta uma actuação obrigatória, um regulamento a cumprir.

Era até desejável que outras metodologias, com um carácter diverso fossem ensaiadas.

A reabilitação do centro histórico preside esta atitude e dela decorre uma metodologia de projecto para a cidade, um projecto permanentemente testado e construído pelo desenho.

Experiências diversas são testadas num percurso lento de quem quer corrigir incorrecções já detectadas mas quer também ir experimentando soluções desenhadas com vigor e muitas vezes discutidas a medo que só a obra retirará a dúvida ainda bem sempre latente. Inserido numa envolvente cuja qualidade efectiva e o tempo consagraram como de grande coerência funcional e formal.

O projecto nestas áreas reveste-se de uma responsabilidade «falsamente» superior às outras situações.

Construiram-se alguns mitos sobre o projectar nas áreas históricas que extremados podem ter levado a concluir sobre a especialidade do exercício projectual nestas áreas.



Poderia ser-se induzido a pensar que o metodologia de projecto ou o próprio sentido do projectar poderiam variar com o lugar da encomenda.





E para este lugar poder-se-ia pensar haver uma metodologia especial, por exemplo com uma forte componente historicista manifestando-se em produtos recorrentes, ou então pelo contrário em sínteses vazias vulgarmente, «ropturas formais».

A estas aparências opõem-se a prática e a ideia de que o modo de projectar ou o método de projecto (eventualmente os de uma escola), se mantêm em qualquer lugar de qualquer data.

Os materiais e informação a considerar e sintetizar variam conforme o sítio e a sua data mas «Venustas» será sempre a síntese elaborada ou a integração culturalmente controlada de «Utilitas» e «Firmitas».


Projecto de recuperação da Casa do Arco já concluída a obra.






Alçado posterior. Nova construção.

*Recuperação da casa da Rua Nova.  
Obra já executada.*



Ribeira de Coutos.



*Arranjo da Praça à frente do actual Pa-  
ço do Concelho.*




# A EXCEPÇÃO E A REGRA DOIS EDIFÍCIOS NO CENTRO HISTÓRICO DE GUIMARÃES

**António Gradim**

Arquitecto

74



...  
O território entende-se como lugar de instauração, é meio e material do conhecimento, dele relevamos os modos de o transformar; nele inscrevendo o nosso gesto.

...

...Constroem-se dois projectos com recurso a linguagens divergentes e assume-se em sínteses contemporâneas atitudes, aparentemente quase opostas.

Num caso a completa renovação do construção no lote, com recurso a técnicas e processos construtivos do presente, no outro a quase integral recuperação e reconstrução dum pequeno edifício recorre a técnicas de construção tradicionais mas transige quando realiza a escada e parte da empena posterior em betão armado.

Ser-se ia tentado a admitir que se trata de dois discursos pronunciados em linguagens estrangeiras cada um enunciado simultaneamente propostas contraditórias e obedecendo a regras opostas.

No primeiro caso parece querer impor-se uma atitude museológica, no sentido da exibição e da transcrição não contextual da história, ao passo que no pequeno projecto construído a apenas cem metros de distância a tradução da história é quase literal, não se faz nenhuma transcrição nem interpretação ostensiva, recuperaram-se todos os materiais (mas apenas os utilizáveis) e apenas se reinterpreta a tipologia, alterando-se a posição e composição da escada, como solução para a consolidação das estruturas decadentes das construções vizinhas, mas sem ruptura, tão discretamente quanto possível.

Esta poderia ser a regra...

De facto em relação ao primeiro a outra atitude possível seria a de manter e reafirmar a condição de suporte estrutural e morfológico que à muralha medieval foi imposta a partir do século XVI, e em rigor, a dever instituir-se, esta deve ser a regra, até porque senão poderia assistir-se à desarticulação dos quarteirões que se construiram apoiando-se na muralha e evoluíram a partir da sua demolição.




Mas, sucedendo que de ambos os lados do lote e em quase toda a extensão do quarteirão ela foi demolida no século XIX persistindo apenas na sua forma, com um fantasma e que no lote projectado pouco restava das construções que originalmente nela se tinham apoiado; poderia então explicar-se, como advertência, que o tema da composição formal deste projecto não se não reduz à representação literal de um fragmento documental alienado do contexto que o produziu, e propor a sua leitura pelo lado da interpretação da forma urbana e da sua história que aquele documento, a muralha, apenas indicia.







A composição persegue como fim a unidade entre uma preexistência e construção, como um sublinhado da história (que só raramente deve ser sublinhada), transforma a muralha, septo persistente entre dois lados da cidade, no centro de gravidade do espaço construído en torno dela relativizando a sua forma, e literalmente, encurvando-a deformando-a em movimentos de aproximação e afastamento que tendem também a relativizar a sua presença imperiosa num espaço que, por condição histórica e de um programa, é ambigamente interior.


Mas também não se assume mesmo assim como uma exceção, pelo menos a um sistema de regras, que o projecto de arquitectura no contexto dos centros antigos suporta mal se objectivamente lhe restringirem a capacidade de realizar a única regra possível, a da sua disponibilidade, para em cada caso, acolher e integrar a informação e as contradições que, felizmente, sempre condicionam a elaboração de uma solução de arquitectura, e de escolher coerentemente dentre os recursos formais e materiais disponíveis os que melhor servirem a síntese a propor, e não directamente a uma regra.

Cada um destes projectos é a seu modo uma exceção á mesma regra, como o é possível ser, por agora, a todos os projectos de arquitectura.


Plano de situación.











4º PISO



5º PISO








# PRAZA MAIOR. LUGO




Santiago Catalán Tobía  
Cristina López Eimil  
Arquitectos

Constructor: RESCONSA  
Execución: 1988

OBRADOIRO

79









CALLE QUIROGA BALLESTEROS


# PRAZA DA SOEDADE. LUGO

OBRADOIRO



José Arias Jordán  
Santiago Catalán Tobía  
Eduardo Herráez Fernández  
Arquitectos

Constructor: RESCONSA  
Execución: 1989-90


83




RUA NOVA



ENCUENTRO DE ZONA AJARDINADA CON  
PARAMIENTO VERTICAL E 1/20



ALCORQUE DE GRANITO  
4 PIEZAS E 1/20



# CRÍTICA Á MEDOTOLOXÍA DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO, UN EXEMPLO: O ENTORNO MEDIO E BAIXO DO RÍO EUME

**Carlos Vales**

Biólogo

86

Para alguén que, como é o noso caso, non é un especialista en planificación territorial, cunha formación procedente do campo das ciencias biolóxicas, resultan chamativas algunas deformacións existentes na práctica do feito planificador, procedentes sen dúbida —anque seguramente non como causa única—, da falta de formacións dos planificadores e das deficiencias na composición das equipas de traballo.

Unha primeira cuestión sorprendente é a preponderancia absoluta do plantexamento urbanístico. Ate tal punto que todo o territorio se define en función desta categoría conceptual, é dicir, o que é urbano e urbanizabel, e o que se diferencia por negación, o que non é urbano ou urbanizabel. Non é que pretendamos negar este plantexamento, que ten demostrado a súa virtualidade para permitir unha correcta planificación territorial. Pero queremos chamar a atención sobre que este criterio metodolóxico ten un carácter ideológico, non é o único posibel, nem inevitabel. Podense concebir outros plantexamentos, en base a outras categorías conceptuais, como por exemplo as potencialidades productivas do territorio, ou a calidade ecolólica do mesmo, que englobaran perfectamente o fenómeno e os procesos urbanos nas súas categorías operativas e que constituisen igualmente instrumentos perfectamente válidos de ordenación, como mínimo tan válidos como o modelo hoxe imperante.

Indo ás deformacións concretas na planificación, ás que faciamos referencia no inicio, unha ten que ver co que ao noso entender é unha concepción errónea do que é o solo. Ate tal punto que, pola maneira como se actúa, habería que falar máis dunha planificación do chan que dunha auténtica planificación do solo. Os planificadores semellan crer que o solo é o chan, cando os dous conceptos son certamente diferentes. É moi distinto o chan, soporte físico sobre o que viven os seres vivos e se realizan as construccions humanas, do solo, ente xeo-biolóxico complexo e dinámico, condicionado por e do que dependen grande parte dos procesos sustentadores da vida, a produción agrícola ou a pervivencia de ecosistemas peculiares. Desde o punto de vista da conservación dos recursos productivos dun país, que debe ser un dos obxectivos míñimos de partida en calquera planificación, resulta fundamental conservar aqueles solos de maior calidade agrícola, mais fundamentalmente se estos solos resultan ser escasos, cal é o noso caso. ¿Cais son estos solos? Resumindo moito, aqueles que son ricos en bases minerais (prácticamente inexistente en Galicia); profundos, para permitir a expansión do sistema radical das plantas; con boa estructura, o que posibilita un aproveitamento óptimo de auga e nutrientes; con escasa pendente, para permitir a mecanización e evitar a erosión, e por fin, situados nunha área climática libre de xiadas e que permita o crecemento vexetal o maior número posibel de días ao ano. A planificación territorial non ten en conta estes criterios, obxectivos, senón as situacións consolidadas —comunidades de regantes, gran extensión de cultivos,... ou urbanización incipiente, no sentido contrario... Polo que a planificación é empírica, non científica. Basease no que se ve, non no que se sabe. Resulta así que algunas das millores terras agrícolas de Galicia como son as das Mariñas, moi próximas ademais aos potenciais puntos de consumo, están sendo aceleradamente destruidas pola construcción de vivendas e por polígonos «industriais» para os que sería moi sinxelo ser atopado emplazamentos moito menos agresivos para os recursos naturais.

Menos discutivel áidan é o papel marginal e subsidiario dos valores ecológicos no proceso de planificación territorial, que pon en evidencia as deficiencias nas equipas planificadoras a que inicialmente faciamos referencia. Escollemos para exemplificalo un conxunto de concellos situados no curso medio e baixo do río Eume e para os que este actúa en certa medida como vertebrador do meio físico e xeo de unión. Os concellos que bordean o curso do río son os de Pontedeume, Cabanas, Capela, Monfero, e As Pontes de García Rodríguez. Todos teñen normas de planeamento elaboradas, anque nalgún caso, como o de Monfero, estas non estean aprobadas, pero todos os documentos permiten facer unha lectura do tratamento que as zonas de

calidade ecolólica reciben por parte dos planificadores. O río Eume ten no seu curso baixo un área de interese ecolóxico elevado por todos recoñecido desde hai moito tempo, a fraga de Caveiro. Mais esta área está moi incorrectamente tratada nos documentos que propoñen a súa conservación e protección. Descoñecemos o motivo exacto polo cal cando por primeira vez se propuxo protexer as fragas do Eume o límite da zona a protexer se marcou nas paredes do encoro do mesmo nome. E posibel que por ignorancia de que augas arriba do encoro as fragas se continúan formando manchas igoalmente grandes, espectaculares e representativas; más probabelmente, por unha concepción «museística» da conservación, que parte da convicción de que conservando unha pequena mostra de un ecosistema temos garantizada a súa pervivencia (e a fé que a mostra é pequena: aproximadamente 1.500 hectáreas). Porén, este plantexamento é erróneo, e a reiteración no mesmo establece pagando en carencia de tratamento axeitado para algúnhas das áreas ecoloxicamente más valiosas de Galicia.

Un área natural é tanto máis valiosa canto máis grande. Esto é así porque o factor de tamaño, ademais de ser ventaxoso en si mesmo, condiciona outras cualidades vitais para a viabilidade ecolólica dun área natural. Fundamentalmente, a posibilidade de existencia de povoacións viábeis das especies más sensíbeis, e a posibilidade de absorber impactos sen que estos impliquen unha tendencia regresiva no ecosistema (Crowley, 1978; Shugart & West, 1981). Unha cuestión que tende a ignorarse é que os ecosistemas son entidades dinámicas, que poden degradarse, e que degradados —xa que logo distintos— non son quen de manter as mesmas especies inicialmente presentes, típicas de ecosistemas maduros. No caso das fragas do Eume, foi esa madurez permanente do ecosistema considerado en conxunto a que perpetuou o seu interese biolóxico excepcional, coa presencia dunha diversidade de especies única, ao cal non é alleo o feito de que as fragas teñan unha extensión sen parangón en Galicia, nun tramo que comprende desde As Pontes ate a embocadura do río. Tamén, cando as povoacións son moi pequenas tenden a extinguirse, e en calquera caso sofrer un deterioro xenético que acaba facendo inviable quí problemática a súa conservación; a existencia de áreas grandes que permitan povoacións numerosas, a ser posibel de máis de 500 individuos reproductores, convírtense en elemento clave de viabilidade dunha Reserva... Outros elementos igoalmente trascendentés para considerar o conxunto das fragas do medio e baixo Eume como unha unidade teñen que ver coa súa continuidade, o que ademais de supoñer un aumento do tamaño global e favorecer as posibilidades de recolonización das áreas bioloxicamente empobrecidas, realza o valor ecolóxico de áreas menores, como bosques aillados, que se non carecerían de interese (Temple & Wilcox, 1984). Por fin, estos bosques, ao situarse nun canón fluvial erosivo que salva fortes pendentes en cortas distancias, permiten conservar unha mostra representativa de bosques entre o nivel do mar e os mil metros de altitude o que supón unha cantidade de matices ambientais excepcional e valiosísima.

A importancia destes factores, tamaño, continuidade, representatividade, presente nas fragas do Eume, está á vista na bibliografía da conservación más recente (Soule, 1986; Usher, 1986), pero non pode ser recollida por urbanistas que se adican exclusivamente a revisar unha bibliografía anticuada que se copia a si mesma.

Anque non ten a importancia do sistema de fragas do Eume, existe outro medio ecolóxico interesantísimo e valioso na zona a que estamos facendo referencia. Nos montes Forgoselo e Fontardión, afectando aos concellos da Capela e As Pontes, sitúase un uzal-queirugal sen parangón na Galicia costeira. Os seus terreos de monte aberto, dominados por distintas especies de uces e queirugas nas zonas menos húmidas, e constituindo unhas interesantísimas brañas de monte nas zonas más hidromorfas, definen un plaxioclimax con miles de anos de antigüedad, presencia de especies endémicas e grande beleza paisaxística. Este tipo de formación pode ser destruída simplemente por repovoación

forestal ou por transformación en pastos, polo que require un tratamento protecciónista específico que permita a pervivencia dos seus valores. Mientras británicos, belgas ou alemanes fan notables esforzos para conservar ecosistemas similares (Moore, 1962; Morris, 1979), aquí, debido á súa ausencia dos catálogos, unha planificación tan de detalle como a municipal é incapaz nen siquera de detectar a súa presencia.

En definitiva, observando as distintas normas municipais de planeamento, observamos o seguinte:

#### —Normas de Pontedeume.

Da autoría de FRANCO TABOADA, son na nosa opinión as peores (sempre no aspecto específico que estamos tratando). Parécennos realmente impresentables. As fragas do Eume, que aquí seguen sendo a fraga de Caveiro, só existen como «terreo de protección forestal», sen que semelle ter a más mínima importancia o tipo de especies forestais existentes. Así, a destrucción da fraga a través da introducción de eucaliptos considerase carente de relevancia, como un fenómeno sobre o que o lexislador non precisa pronunciarse.

Non entramos a pronunciarnos sobre o val de Ombre, dunha calidade paisaxística excepcional e unha idiosincrasia moi definida mercede ás súas cerdeiras que conforman unha paisaxe estacional fermosísima e para o que non se propón un tratamento específico que permita preservar as súas peculiaridades.

#### —Normas de Cabanas e As Pontes de García Rodríguez.

Tratámolas xuntas por ser da autoría do mesmo especialista, GONZÁLEZ CEBRIÁN, e por ser moi representativas das deficiencias que vimos sinalando da falta de expertos en conservación biolóxica nas equipas de traballo. Así, mentres as fragas do Eume teñen un tratamento coñadoso nas normas de Cabanas, reflexando que estes bosqués aparecen como dignos de protección na pobre bibliografía de partida, e a área a protexer se delimita con exquisito coñado, nas normas de As Pontes, onde hai fragas espléndidas no seu valor conservativo, estas aparecen sen tratamento específico, so reflexadas nun área de protección diseñada a «trazo grosso», carente de eficacia nen sequer para recoller a extensión e forma real do bosque autóctono. Non digamos xa as formacións de monte do Forgoselo e Fontardón, das que simplemente se ignora o seu valor.

#### —Normas da Capela.

Vale o mesmo dito para o caso anterior. As fragas teñen un tratamento más que discutible, xa que son valoradas en termos de protección histórica e protección paisaxística. É claro que o lexislador ignora que os valores biolóxicos das fragas do Eume son moito maiores que os histórico-artísticos e paisaxísticos, a pesar da existencia indubiable destos. Pero compre insistir en que, anque non existira o mosteiro de Caaveiro nen o espectacular canón do río, a existencia dunhos bosques como os que aquí se presentan quere dicir, sinxelamente, que estamos ante un dos tres mellors exemplos, xunto co Killarney en Irlanda e o New Forest en Inglaterra, de bosque costeiro atlántico de Europa.

Tampouco aquí semella existir o espléndido uzal-queirugal que tapiza boa parte do concello.

#### —Normas de Monfero.

Son na nosa opinión as mellores. Existe unha sensibilidá de evidente ante a calidade do territorio que se ten diante. Dificilmente se atoparán en toda Galicia concellos con un patrimonio ecolóxico tan impresionante. A non aprobación das normas fai que este patrimonio siga desprotexido.

A principal chata a poñer ten que ver coa censura xeralizabel a todos os traballos. Os autores diferencian entre a «fraga de Caveiro», que supostamente merecería un tratamento especial polos seus valores, e o resto das fragas, que na realidade son a continuación da anterior, e que non se sabe moi ben por qué, carecerían deses valores.

En definitiva, compriría a presencia de especialistas en conservación nas equipas de planificación do territorio. E, desde logo, a súa ausencia non se vai suplir coa presencia de algúen que, por ter a titulación de biólogo, sexa nada máis a coartada para xustificar a suposta solvencia do planificador.

#### BIBLIOGRAFIA

- CEINSA, 1987. Normas subsidiarias municipales de planeamiento de Capela. FRANCO TABOADA, J. A., 198 . Normas subsidiarias municipales de planeamiento de Pontedeume.
- GONZALEZ CEBRIÁN, J.; FERNANDEZ CALEYA, 1985. Normas subsidiarias municipales de planeamiento de As Pontes de García Rodríguez.
- GONZALEZ CEBRIÁN, J., 198 . Normas subsidiarias municipales de planeamiento del ayuntamiento de Monfero.
- CROWLEY, P. H., 1978. Effective size and the persistence of ecosystem. *Oecologia* 35: 185-195.
- MOORE, N. W., 1962. The heaths of Dorset and their conservation. *Journal of Ecology* 50: 369-391.
- MORRIS, P., 1979. *Natural History of the British Isles*. Country Life Books Limited. London.
- SHUGART, H. H. Jr., and D. C. WEST, 1981. Long term dynamics of forest ecosystems. *American Scientist* 69: 647-652.
- SOULE, M. E., 1986. *Conservation Biology. The Science of Scarcity and Diversity*. Sinauer Associates, Inc. Sunderland, Massachusetts.
- TEMPLE, S. A. & B. A. WILCOX, 1986. Predicting effects of habitat patchiness and fragmentation. In: J. VERNER, M. L. MORRISON, and J. RALPH (ed.), *Wildlife 2000*. University of Wisconsin Press, Wisconsin.
- USHER, M. B. (ed.) *Wildlife Conservation Evaluation*. Chapman & Hall, London.



*Os espacios abertos conforman a paisaxe más característica do queirugal. A pobreza dos solos maniféstase na dificultade de crecimiento do piñeiro da marxe da foto. A intensa explotación gandeira levou ás queirugas a un estado rastreiro e a un predominio das herbáceas.*


Principais manchas de bosque caducifolio no medio e baixo Eume.

Verde escuro: Bosque caducifolio con fracción de cabida cuberta (FCC) 75%

Verde claro: CFF 50% e 75%

Amarelo: CFF 25% e 50%

Azul: Bosque mixto de frondosas e coníferas/eucaliptos.



# ESTUDIO BÁSICO PARA A REHABILITACIÓN INTEGRADA DE PIORNEDO DE ANCARES

Promotor:  
ConSELLERÍA de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Data:  
1986-87


88

Piornedo é unha aldea de 16 familias. Encóntrase situada a 1.300 metros de altitude nunha aba occidental da Serra dos Ancares. As súas peculiaridades organizativas, coma no caso do resto dos asentamentos ancareños, están determinadas pola presenza da palloza como elemento básico do conxunto.

Piornedo na actualidade ten a súa planta —que recorda a dun acio de uvas— organizada arredor do vello camiño que comunicaba Galicia con Castela polo Porto dos Ancares. A aldea está conformada por un conglomerado de unidades celulares rodeadas por camiños. Cada unidade estivo inicialmente composta por unha palloza e un hórreo aínda que na actualidade esta imaxe está distorsionándose debido á aparición de novas edificacións, fundamentalmente vivendas de planta rectangular, volume paralelepípedico e, o que é máis grave ainda, de fábricas vistas de materiais de construcción industrializados, singularmente bloques de formigón.

Xunto á degradación física do poboado veuse de da-la descomposición social e económica da vida tradicional que fixo entrar á comarca dos Ancares —e a outras áreas da Galicia interior— nunha crise aparentemente irreversible que, logo da expulsión das capas más novas da poboación pode conducir cara ó despoboamento real poñendo daquela en perigo formas de vida adquiridas durante moitos séculos de historia.

Á vista destes feitos plantexáronse dous grandes paquetes de medidas: un adicado a mellora-las formas de vida dos que aínda viven na montaña e outro destinado á conservación de todo o seu patrimonio cultural. Dentro do primeiro paquete artelláronse as liñas de actuación conducentes á recualificación dos servicios básicos de toda comunidade humana: comunicacións rodadas, asistencia médica, telefonía, servizo médico permanente, auxilio financeiro á agricultura de montaña, etc.



Equipo Técnico:

Director:  
Pedro de Llano Cabado, arquitecto

Equipo básico:  
Fernando García Tobío, urbanista  
Xosé Lois Martínez Suárez, arquitecto  
Xosé Francisco Freire Corzo, arquitecto

Equipo de apoio:  
X. Manuel Pena Patiño, naturalista  
X. Manuel Vázquez Varela, antropólogo  
X. Manuel López Andián, xeógrafo  
Plácido Lizancos Mora, estudiante de arquitectura

Equipo auxiliar:  
Carlos Fernández García, estudiante de arquitectura  
Angelika Lorentzen Catterlinguen, estudiante de arquitectura  
Fernando Sampil Sánchez, estudiante de arquitectura  
Guillermo Carro Rodríguez, estudiante de arquitectura  
Indalecio Carreira García, estudiante de arquitectura  
Isabel M. Fernández Rodríguez, estudiante de arquitectura  
Xosé Cameselle Villanueva, estudiante de arquitectura  
Javie Alvarez Pablos, estudiante de arquitectura  
Xosé Manuel Carballal Veiga, estudiante de arquitectura  
Fernando Agrasar Quiroga, estudiante de arquitectura

Dirección de traballo pola COTOP:  
Vicente Ruiz Soldevilla


Fotografía:  
Constantino Martínez

PREMIO DA CRÍTICA 1988

En canto á conservación do legado cultural de Piornedo, como representante das arcaicas formas de vida da montaña galega, cabe considerar que non só terá que buscarse a solución para o problema da conservación do legado arquitectónico, senón que haberán de protexerse todas las manifestacións culturais en xeral, polo que terá que ser creado un organismo destinado específicamente a tal fin. Esta institución debería servir de base de coordinación a todos los traballos de investigación histórica, social e antropolóxica que tivesen lugar na Serra dos Ancares.

A creación desta institución, dentro dun plan más ambicioso de desenvolvemento racional do turismo ecológico e natural, xunto coa creación do Parque Nacional dos Ancares podería servir non só para conserva-la heranza cultural da zona senón tamén para mellorar —tras do crecemento do sector terciario que sempre leva aparellado o turismo— a calidade da vida humana.

Mais toda medida social que se pretende há contar ineluctablemente coa aquiescencia dos montañeses quen, además de se-los beneficiarios de todas las medidas que se pretenden tamén corren coa responsabilidade de mante-lo preciado leigado cultural e ecológico. Nesta orde de cousas compre interesar e comprometer ós habitantes da Serra no proceso de recuperación e conservación do seu mundo facéndoos incluso participes neste proxecto.





## CREACIÓN DE EQUIPAMENTO



Como instrumento de divulgación e estudio da cultura ancareña propónse a creación dun Centro de Estudios da Montaña e un museo «in vivo», a él vencellado.

O obxectivo do museo, lonxe dos criterios museolóxicos tradicionais centrados na conservación dos distintos elementos en locais pechados afastados do seu medio, sería o de convertelo nun lugar de comunicación activa, ofrecendo unha realidade viva.

Con este fin proponse a utilización da unidade celular, aínda hoxe en uso, propiedade de Xesús Arias López consistente nun dos máis fermosos e intactos conxuntos de palloza e hórreos que aínda se conservan en Galicia.










#### ACTUACIÓN SOBRE OS ESPACIOS PÚBLICOS

Dentro das propostas do Estudio formuláronse algunas relativas a aquelas áreas demandantes dunha posta en valor e que inicialmente serían o acceso á aldea (zona da fonte e da escola unitaria) e o centro da mesma (un espacio libre entre varias vivendas).

As intervencións consistiron básicamente no deseño por-menorizado dos pavimentos de pedra e na sustitución das luminarias existentes (as más espantosas do mercado) por outras de deseño moito más coidado.


Fanse asimesmo propostas relativas á mellora das instalacións urbanas que na actualidade non existen ou ben provocan impactos visuais e ecolóxicos no entorno (tendido de liñas eléctricas, profusión de antenas de TV, verquido da rede de fecais sen depurar, etc.). Deste xeito proponse a centralización dos equipos de captación de sinais de TV, proxéctase unha depuradora de residuais, mellórarse a rede de abastecemento de auga potable e introducese unha rede de hidrantes, indispensable nunha aldea onde o maior perigo para as súas pallozas cubertas e repletas de palla seca é o lume.



### AS PALLOZAS

As pallozas son o elemento arquitectónico que singulariza a Piornedo e, en xeral, a toda las aldeas da Serra. As súas principais características formais son a planta de tendencia elíptica e considerables dimensións ( $15 \times 10$  m.), a grande cuberta de colmo (dunha altura que pode chegar a supoñer 4/5 do alto da edificación) e os seus muros de fábrica de cachote en seco con moi poucos ocos practicables.

A semellanza entre estas edificacións e as castrexas —especialmente se comparamo-los tipos circulares de ámbalas dúas construções fainos pensar que a palloza é a mostra viva das vellas cabanas celtas.




#### OUTROS EQUIPAMENTOS: O CENTRO SOCIAL

Os veciños da aldea utilizan actualmente como lugar de encontro para as súas actividades colectivas a aula da vella escola unitaria sendo éste o único uso que acolle xa este edificio.

Propónse a demolición desta construción —de péssima calidad estética— co fin de recuperar un espacio libre na entrada da aldea que poña en valor o acceso ó concxunto.

A proposta arquitectónica do Centro Social fai referencia a elementos arquitectónicos e compositivos propios da arquitectura popular local.



# ESTUDIO BÁSICO PARA A REHABILITACIÓN INTEGRADA DO MONTE DE SANTA TEGRA

Director:



César Portela Fernández-Jardón, arquitecto


Colaboradores:

Modesto Barcia Lago, avogado  
 Begoña Bas, etnógrafa  
 Pedro López, historiador  
 Fernando Nebot, infraestructura  
 Daniel Pino, sociólogo  
 Andrés Reboredo, arquitecto  
 Antón Rigueiro, forestal

94

Data do Proxecto: 1985





*O esteiro do río Miño visto desde o cumio do monte de Santa Tegra.*

## INTRODUCCION


O Monte do Tegra é, por riba de calquera outra consideración, un fito de extraordinaria importancia para entende-la Historia e a Xeografía do noso país.

Situado xusto ao remate da andadura do Pai Miño, o cumio do Tegra, cunha significación semellante á que poida te-lo Monte Athos no Mediterráneo, é un superobxecto espacial no que a natureza e os artifícios do home revelan unha organización estructuralmente complexa, evolutiva co tempo e no espazo. É unha memoria, mais tamén é lenda e mito. Velaí que nél se desata a capacidade de emoción de todo aquel que o contempla, que rube, baixa e anda polos seus sempre empinados vieiros; de todo aquel que o usa ou que o disfruta nas múltiples maneiras en que iso é posible



*O Tegra visto desde Portugal.*





*A citania de Santa Tegra. Vista de conxunto.*

*O cumio. Estado de degradación no que se atopa.*



#### AS PROPOSTAS RECOMENDADAS.

##### 1.º Obxectivo básico perseguido.

O fío conductor de tódalas propostas recomendadas no «Estudo Piloto Previo...», o obxectivo perseguido para este senlleiro lugar, é que nun futuro próximo chegue a ser un CENTRO BÁSICO PARA O RECOÑECIMENTO DOS VALORES MEDIOAMBIENTAIS E HISTÓRICO-CULTURAIS DE GALICIA.

##### 2.º Ámeto territorial.

As propostas propriamente ditas teñen coma ámeto territorial tódolos terreos situados por enriba da estrada comarcal C-550 (\*) que, a xeito de primeiro anel viario arrodea o Monte.

Mais, coma é lóxico os efectos derivados da consecución das ditas propostas, repercutirán —coidamos que moi positivamente— no Concello de A Guardia e en toda a comarca do Baixo Miño.

##### 3.º Características xerais das propostas.

a) As propostas formúlanse coma conxunto de medidas a adoptar para o cumplimento do obxectivo básico, pero non son, de seu, proxectos desenrolados.

b) As propostas teñen diferente carácter. Hainas que teñen un carácter previo, que veñen ser coma condición necesaria para o desenvolvemento da mayoría de medidas recomendadas. Outras teñen un carácter finalista. Unhas pretenden medidas de orde xurídico que axilicen a protección eficaz dos valores do Monte; outras propoñen a realización de proxectos técnicos. E, obviamente, tamén se formulan propostas que inciden na necesidade da programación de actividades, coordinación administrativa, etc.

##### 4.º Relación detallada das Propostas.

1. Proposta de LEVANTAMENTO CARTOGRÁFICO DA ZONA DELIMITADA, realizado a escala 1:2.000 e de LEVANTAMENTOS DOS ELEMENTOS MÁS SIGNIFICATIVOS, realizados a escalas acaídas, segundo correspondan.

2. Proposta de REALIZACIÓN DUN PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO DO MONTE, tal e como se delimita no presente Estudo.

3. Proposta de CREACIÓN DUN PATRONATO DO MONTE DO TEGRA, que terá competencias en tódalas actuacións que se levan a cabo no Monte.

4. Proposta de REALIZACIÓN DE PROGRAMA DE EXCAVACIÓNS E INVESTIGACIÓNS que planifique axeitadamente este labor capital no Monte.


5. Proposta de AXEITAMENTO DA REDE VIARIA, CIRCULACIÓN E INVESTIGACIÓNS que garanta o mellor compromiso dos obxetivos concretados nas propostas.

6. Proposta de ORDENACIÓN VEXETAL E ORNAMENTAL DO MONTE, concorde cos valores de todo tipo existentes no Monte.

7. Proposta de REALIZACIÓN DE PEQUEÑAS ACTUACIONES TENDENTES A CORREXIR OU ARRANXAR ANTERIORES ACTUACIONES a fin de devotarlle o carácter que lle corresponde ao Monte.

8. Proposta de ACTUACIONES NECESARIAS EN EDIFICIOS EXISTENTES, demandados por diversas razóns.

9. Proposta de REALIZACIÓN DE NOVAS ACTUACIONES EDIFICATORIAS que acobillen axeitadamente as funcións previstas no presente Estudo.



10. Proposta de INTRODUCCIÓN DE NOVOS ELEMENTOS, que facilten o mellor uso e disfrute de tódolos valores do Monte.

#### PROPOSTA DE ACTUACIÓNS NECESARIAS EN EDIFICIOS EXISTENTES.

Dacordo co consignado en outras Propostas fanse necesarias unha serie de actuacions na edificación existente no Monte; a saber:

A) No edificio que acobilla hoxe a función de Museo.

Propónese a súa remodelación para convertilo en Albergue.

Entendendo o Museo dende unha perspectiva museística moderna e científica resulta obvia a incapacidade do continente actual e a necesidade de construir un novo edificio. Iso permitirá a reutilización do actualmente dedicado a ese fin (edificio diseñado inicialmente para restaurante sobre dunha idea orixinal de Palacios) coma pequeno albergue que permita a pernoita de grupos escolares (rapaces e profesores acompañantes) en visita prolongada ao Monte.

A remodelación do edificio sería interior; exteriormente soio afectaría á apertura dos ocos existentes e hoxendía cegados; conservando e mellorando o aspecto exterior.

B) Hotel Restaurant «Pazo» e Restaurant «Mar y Cielo».

Eiquí son precisas obras de remodelación para suprimir unha serie de pequenas pero desafortunadas ampliacións e aditamentos realizados nos últimos anos e un tratamento acertado das cubertas, remates de chimeneas, depósitos de auga, antenas de T.V., baixantes de recollidas de augas, etc., que hoxe non teñen resolto.


Tamén é necesario trata-lo entorno inmediato. No caso do Hotel esta actuación debería dar unha solución correcta á Terraza-Xardín que o flanquea. No caso da cafetería «Mar y Cielo», tendería ao adecentemento do seu entorno, tal e como se indica na Proposta n.º 6, sobre da ornamentación do Monte.

Nos dous casos aconséllase a conservación dos usos actuais de Hotel-Restaurant e Restaurant-Bar, respectivamente.

C) Edificio do antergo Centro Médico de A Guarda, situado ao pé do Monte.

Cabería a súa remodelación interior para ser destinado a Sede do Patronato do Monte, Almacén de Materiais para a Investigación do Monte, Centro de Investigación e, no seu caso, para Museo Monográfico da Comarca.

A remodelación deberá ser respetuosa coa apariencia exterior por ser un exemplo singular dunha arquitectura sen estilo definido, pero que, pola súa orixe, se deu en chamar «arquitectura india».




#### LENDÁ

1. Estrada
2. Explanada
3. Palco
4. Escalera de subida ao Pico do Facho
5. Pico do Facho
6. Mirador ao Atlántico
7. Escalinata
8. Antena repetidora TV
9. Plataforma
10. Cobertizo
11. Sendeiro
12. Escalinata
13. Plataforma
14. Viacrucis
15. Casa forestal
16. Explanada
17. Restos arqueolóxicos da citania
18. Camiño a fonte

1. Estrada de acceso
2. Explanada-aparcamento
3. Mirador
4. Hotel-Restaurante do Monte
5. Postos exposición e tenda souvenirs
6. Explanada-terraza axardinada do Hotel do Monte
7. Escalera ao Pico San Francisco
8. Pico San Francisco
9. Marco-vértice xeodéxico
10. Antena Radio Costeira
11. Sendero de baixada do Pico San Francisco
12. Restos arqueolóxicos da casa celta
13. Restos arqueolóxicos da muralla
14. Restaurante
15. Baixada a estrada
16. Baixada do adro da ermida
17. Acceso ao adro
- » Adro
- » Cruceiro
18. Ermida
19. Casa do cura
20. Alpendre cuberto
21. Cobertizo-almacén
22. Cobertizo
23. Salida camiño fonte
24. Monólito de pedra
25. Escalinata
- » Explanada
26. Calvario de pedra
27. Capela-velatorio
28. Viacrucis
29. Escalinata á estrada
30. Plataforma amurada
31. Estrada

Monte Tebra.  
Detalle do cumio.



# PLAN ESPECIAL PARA A ILLA DE SAN SIMÓN

Directores:

César Portela Fernández-Jardón

Xosé Bar Boo

Arquitectos

Colaboradores:


Amparo Casares Gallego

Federico Garrido Villa

Xaime Rodríguez Abilleira

Arquitectos

Data do Proxecto: 1986



Illas de San Simón e San Antón. Vista de conxunto.



Ó fondo da espléndida ría de Vigo, unha vez pasado o estreito de Rande e próximas á area meridional, xorde o conxunto formado polas illas de San Simón e San Antonio, asentado sobre unha plataforma rochosa única que parece semellar unha península cando, con marea baixa, chega case ata elas unha longa língua de fina area, que, partindo da próxima praia de Cesantes, parece querer ancora-las illas ó continente.

As horas de calma atmosférica fan que as illas aparezan coma un gran navio varado; cando a oleaxe aumenta, transmite toda a súa forza dinámica ó conxunto, que comeza a «navegar» polo incomparable marco xeográfico da ría de Vigo impulsado polo seu velame vexetal sostido por numerosos mástiles.

O conxunto constitúe un verdadeiro paradigma da relación dialéctica terra-mar, en onde o home, coa súa acción, introduce un novo factor dialéctico, o habitat, chegando a conformar así un singular exemplo de convivencia e complementación entre natureza e artificio.

Neste apretado espacio, cada etapa histórica foi deixando a súa impronta constructiva, desde o primitivo asentamento romano, pasando pola ocupación templaria e das diversas ordes relixiosas ata chegar á súa transformación en lazareto e o seu más recente uso coma prisión e residencia veraniega.

Cun pouco de atención podemos detectar nese abigarrado mundo as pegadas de todas esas épocas, superponéndose como si de estratos xeolóxicos se tratase, constituindo deste xeito a súa propia historia material e espiritual.

Na actualidade, tras unha última etapa de total abandono, o estado de ambalas illas é de lamentable e progresiva degradación, a maioría das súas construccions atópanse en estado ruinoso ou ameazan acadar tal estado en breve espazo de tempo, o que fai necesaria unha urxente e decidida intervención, tanto no conxunto como nos seus elementos en base non só á conservación dos valores de todo tipo existentes e a recuperación de valores perdidos, senón tamén para que, a través da introducción das novas funcións requeridas no programa, se incorporen ó conxunto novos valores, compatibles cos preexistentes, que contribúan a recrear, con novas e potenciadas características, ese supererobxecto especial constituído polas illas de San Simón e San Antonio.

A Illa de San Simón parece se-la chamada «Burbida» polos romanos. Así o afirman algúns historiadores e cronistas.

Crese que no século V se fundou nela un mosteiro Benedictino, sucesivamente asulagado nas incursións de árabes e normandos.

Os cabaleiros Templarios ocupan a illa de 1118 ata a extinción da súa orde en 1312.

No século XIII a illa aparece como escenario para o desenvolvemento da acción da Cantiga 438 do xuglar Mendiño, e a través dela coñecemo-la existencia dunha ermida templaria baixo a advocación de San Simón Apóstolo.

Sábese que a principios do século XVI litigaron seriamente pola xurisdición da Illa o Señorío de Soutomaior e o Arcebispado de Santiago, sen que se coñeza o resultado de tal preito.

Cara 1517 fundouse o primeiro convento do que se teñen datos certos na illa, chamada daquela de San Simón de Redondela; este foi fundado polo venerable padre Frai Xoán Pascual, da Orde Franciscana, inspirador da Reforma Pascualina, que con outros 15 monxes dirixíuse a Galicia e pobrou o cenobio templario que ainda subsistía na illa.

En 1583 a reforma dos pascualinos extinguíuse e os seus membros foron incorporados á orde franciscana de onde proviñan; sen embargo, a provincia de Santiago procurou conserva-lo convento.

Sedíame eu na ermida de San Simón  
e cercáronmi as ondas, que grandes son;  
¡eu atendendo o meu amigo,  
eu atendendo o meu amigo!

Estando na ermida ante o altar,  
e cercáronmi as ondas grandes do mar;  
¡eu atendendo o meu amigo,,  
eu atendendo o meu amigo,

E cercáronmi as ondas, que grandes son;  
non hei barqueiro nen remadro,  
¡eu atendendo o meu amigo,,  
eu atendendo o meu amigo,

Meendinho (século XIII)

E cercáronmi as ondas do alto mar;  
non hei barqueiro nen sei remar;  
¡eu atendendo o meu amigo,  
eu atendendo o meu amigo,

Non hei barqueiro ne remador;  
morreréi tremosa no mar maior;  
¡eu atendendo o meu amigo.,  
eu atendendo o meu amigo,

Non hei barqueiro nen sei remar;  
morreréi tremosa no alto mar,  
¡eu atendendo o meu amigo,,  
eu atendendo o meu amigo,

Na incursión realizada por Francis Drake en 1588 sobre as costas de Galicia, destruiuse totalmente o convento; permaneceu en estado de lamentable ruina ata 1596.

Foi neste ano cando se produciu unha segunda epidemia de peste en Galicia; Frai Gaspar Vaca, daquela abade do poderoso convento beneditino de San Xoán de Poio, temendo o rigor do contaxio, e sabendo que a illa se atopaba desértica, foise para ela con outros monxes do seu mosteiro, e alí erguiu unha nova ermita e retábulo, así como cenobio para si e os seus monxes. Alí permaneceron ata 1601, no que regresaron ó seu convento de orixe.

Ó ano seguinte, 1602, aínda coa inicial oposición do abade de Poio, a Orde franciscana voltou a habitar pacíficamente a illa.

A derradeira invasión que padeceu o convento foi a de 1702 a cargo da Armada inglesa; iso supuxo o abandono definitivo do convento, producido cara 1719, cando os franciscanos se trasladaron ó lugar de Agrelo.

O 6 de xuño de 1838 emitense unha Real Orde pola que se facuta ás xuntas de Comercio e Sanidade de Vigo para que, de común acordo, se propuxesen as medidas que xulgases más oportunas e eficaces a fin de que se construise un «Lazareto» na illa de San Simón; encómendouse o trazado dos planos a don Alexo Andrade Úañez, e tomaría ó seu cargo a contrata don Norberto Velázquez Moreno o 4 de febreiro de 1839.

Nesta data descúbrese a orografía das illas como «áspera e esgrevia en cásquea toda a súa apariencia exterior, e abundan as canteiras de pedra sillar formando diferentes cortes entre os que tamén se descobre algún terreo vexetal; a illa de San Simón forma no seu cume unha verdadeira chaira de terreo plano e moi fértil».

No conxunto das obras comprendían: na illa de San Simón un peirao ó Oeste, ó Norte do Hospital de Convalecencia; no centro unha casa de administración e apartamentos e no lado Este un cuarteliño.

Unha serie de almacéns e tinglados completaba o conxunto edificado.

Na illa de San Antonio construiríase un peirao, un tinglado en almacén de ventileo, un hospital suxo e un cemiterio, sendo circundada toda a illa por unha parede de mampostería de 10 pés.

Unindo as dúas illas realiza unha fermosa ponte de pedra, con tres arcos de 26 pés de luz e un ancho total de 10 pés.

1. Peirao Este - Illa San Simón
2. Dársena principal
3. Porche cuberto acceso principal
4. Recepción-Administración
5. Vivenda garda
6. Paseo de entrada
7. Xardíns baixos e fonte
8. Concentracións ar libre
9. Porche cuberto
10. Rampa de subida de embarcacións
11. Porche almacenamento de embarcacións
12. Escola de vela
13. Recinto taller-almacén
14. Viveiro de prantas
15. Xardíns do cañavél
16. Paseo inferior
17. Paseo intermedio
18. Alameda superior ou dos «duros»
19. Pavillón mirador boca da ría
20. Fonte
21. Terraza-mirador do sur
22. Paseo de bosque de eucaliptos
23. Centro de Estudios Mariños
24. Auditórios-Seminarios
25. Escola de Acuicultura e Marisqueo
26. Acceso directo auditorio
27. Entrada gruta
28. Mirador poniente
29. Praia de poniente
30. Peirao oeste Illa San Simón
31. Centro de Producción de Moluscos
32. Grupo escultórico conmemorativo do lazareto
33. Capela-Santuário San Simón
34. Paseo-alameda central ou do santuario
35. Cafeteria-bar-comedor
36. Xardíns outos o das palmeiras e fonte
37. Terrazas do bar comedor
38. Hotel Residencia «Stella Maris»
39. Terraza-xardín residencia
40. Paseo emparrado
41. Acuarium
42. Xardín acuarium
43. Viveiros-Exposición ar libre
44. Paseo das camelias brancas
45. Paseo dos plátanos
46. Paseo das camelias roxas
47. Almacén
48. Escalera acceso praia
49. Praia cultivos mariños
50. Ponte entre illas
51. Museo do Mar
52. Rúa cuberta
53. Biblioteca
54. Emparrado
55. Peirao oeste Illa San Antonio
56. Cemiterio con grupo escultórico
57. Pavillón mirador fondo da illa
58. Peirao norte Illa San Antonio
59. Fonte
60. Grupo escultórico conmemorativo penal
61. Peirao este Illa San Antonio
62. Dársena Illa San Antonio

Contra 1842 conclúense as obras máis apremiantes do «Lazareto», o que foi aberto mediante unha Real Orde no 1 de xuño do mesmo ano.

En 1853, unha vez satisfeitas ó empresario-constructor o capital e réditos devengados, o Lazareto de San Simón pasa á xurisdicción estatal; é tamén a partir deste ano cando comeza a polémica sanitaria sobre a devandita institución, moi contestada por non a considerar convenientemente situada e dotada para o fin proposto; chegouse a culpar ó Lazareto da epidemia de colera, morbo-asiático que asolou Galicia no outono de 1853.

Case tódolos concellos da provincia a instancias do de Pontevedra, piden a supresión do Lazareto, propónendose a súa sustitución por outro situado na illa de Tambo.

Sen embargo, este permanece en funcionamento; en 1881 saen a subasta as obras de conducción de auga á illa, a que se inaugura tres anos máis tarde.

Pasando por alto as numerosas vicisitudes sociais e legais que sufrió a institución do Lazareto, chegamos a 1936. O comezo da guerra civil, foi convertido o conxunto en colonia penitenciaria.

A illa de San Antonio destinouse a guarnición militar e a de San Simón ós reclusos; ata 1940 utilizouse como cárcere, chegando a ter 2.500 reclusos.

Tras de ser pechada como prisión comezou a ser usada como residencia veranega de Educación e Descanso, instalándose nela un colexio de Frechas Navais e un Albergue Nacional.


En 1950 prodúcese o naufraxio onde perden a vida 43 membros da Guarda de Franco, que utilizaban a illa como residencia veranega.


En 1960 alberga a Escola Profesional de Aprendices de Pesca.

En 1977, por unha resolución da comisión permanente do Consello de Estado, recóiñceselle a Redondela a soberanía sobre esta illa; a sentencia foi confirmada en 1981 polo Tribunal Supremo.


Neste último ano pensouse crear na illa a Escola Internacional de Vela, idea rexitada polo alcalde de Redondela. Como alternativa, o concello propietario decidiu ofrece-la illa a Universidade de Santiago para destina-la a sé da Facultade de Ciencias do Mar.

Na actualidade o conxunto formado polas illas de San Simón e San Antonio é parte integrante do Patrimonio do Estado.






PLANTA BAJA




PLANTA PRIMERA


1 Plataforma Acceso	9 Aseos Hombres
2 Pase Cubierto	10 Aseos Mujeres
3 Cortavientos	11 Aula
4 Vestíbulo I.E.M.	12 Vestíbulo Superior I.E.M.
5 Vestíbulo I.E.M.	13 Vestíbulo Superior I.E.M.
6 Escalera	14 Pase Aulas
7 Pase Aulas	15 Despacho
8 Despacho	16 Aseos Hombres
	17 Aseos Mujeres
	18 Aulas
	19 Galería Principal
	20 Galería Posterior
	21 Salón Actos
	22 Acceso Exterior Salón Actos
	23 Escaleras Acceso Bajo Cubierto




ALZADO OESTE




ALZADO SUR





ALZADO NORTE



ALZADO ESTE



PLANTA



SECCION TRANSVERSAL

## INSTITUTO ESTUDIOS MARIÑOS ESCOLA DE ACUICULTURA E MARISQUEO

O proxecto define as obras de construción dun edificio de nova planta na Illa de San Simón, ubicado en parte no solar que na actualidade ocupa un edificio en estado ruinoso que se derruba, e en parte sobre terreo rochoso que aconsella unha acomodación do edificio ó soporte pétreo.

O edificio, de tipoloxía de nave única alongada en dous niveis, con muros de carga e cerre de pedra dispón de accesos, aulas e servicios para o Instituto e a Escola que permiten un funcionamento absolutamente independente de ambas institucións, sen que a idea de volume único se resinta en absoluto.


Na parte central dispõe en planta baixa un pasadizo corredor que separa os usos, mentres na planta alta, con acceso independente desde o exterior por unha pasarela ubícase un salón de actos común a tódalas actividades desenvolvidas na Illa e que así o requiran.

Unha galería-corredor serve de diáfano elemento de unión a tódolos elementos do conxunto, que se ubica sobre unha plataforma-terraza, enlousada, elevada sobre do terreo.

## PAVILLÓN-MIRADOR BOCA DE RÍA

O proxecto define as obras de construción dun pavillón-mirador situado no centro da rotonda que marca o final da alameda o Paseo dos Buxos, que, ó se-lo punto meridional máis alto da illa, permite unha visión panorámica tanto da boca do Esteiro de Rande como a máis lonxincua entrada da Ría de Vigo.


Este pavillón-mirador, de planta octogonal, estructura metálica e cerre de vidro, comportarase como unha singular referencia interior da illa, aparecendo ó fondo do túnel de buxos, e desde o mar semellará unha lanterna na popa dun barco ancorado constituído polas illas.



PLANTA BAJA

- 1 Acceso Calle Cubierta
- 2 Cortavientos
- 3 Zaguán
- 4 Zona Estar Rehundida
- 5 Acceso Interior Exposiciones
- 6 Sala Exposiciones
- 7 Acceso Exterior Exposiciones
- 8 Aseos Hombres
- 9 Aseos Mujeres
- 10 Conserjería
- 11 Almacenes
- 12 Sala Estar Personal
- 13 Administración
- 14 Despacho Secretaría
- 15 Despacho Dirección
- 16 Talleres-Almacén
- 17 Acceso Exterior Almacén
- 18 Pasarela
- 19 Vacío
- 20 Acceso Biblioteca
- 21 Zona Lectura
- 22 Archivo Cerrado
- 23 Despachos
- 24 Investigación-Vídeo-Fono
- 25 Salas Lectura-Usos Múltiples
- 26 Acceso Exposiciones
- 27 Exposición Sala 1
- 28 Exposición Sala 2
- 29 Exposición Sala 3

9 5 10




PLANTA PRIMERA

OBRADOIRO

101



ALZADO SECCION-INTERIOR



ALZADO ESTE-OESTE



SECCION TRANSVERSAL



ALZADO NORTE


## MUSEO DO MAR E BIBLIOTECA

O proxecto define as obras de construción de dous edificios de nova planta, unidos entre sí por unha rúa ou paisaxe cuberta, e que sustitúen ó actual lazareto da illa de San Antonio, que se atopa en estado ruinoso.


A idea dominante da composición urbanística e espacial do conxunto é a creación de tres volumes de idénticas dimensións, sendo os laterais tratados como corpos cerrados e macizos, e o corpo central aberto, diáfano e etéreo, liberando o resto da illa de toda edificación.

Estes edificios, destinados a albergar un Museo do Mar e unha Biblioteca especializada en temas mariños e na Historia das Illas de San Simón e San Antonio e da Ría de Vigo en xeral, ofrecen unha tipoloxía de nave única alongada con planta libre agás nos extremos, o que permite unha gran liberdade funcional no seu interior. Espacios a doble altura unen os dous niveis do conxunto.


Os aspectos constructivos máis determinantes son a fábrica de pedra nas fachadas de ambos edificios, e o cerre de vidro na rúa interior que os relaciona entre sí e co resto da illa.




PLANTA



ALZADO OESTE



ALZADO SUR




ALZADO NORTE

## PAVILLÓN-MIRADOR FONDO DE RÍA

O proxecto define as obras de construción dun pavillón-mirador situado na parte máis septentrional da illa de San Antonio, o que permitirá fita-la panorámica que ofrece o fondo do Esteiro de Rande e a foz do río Verdugo ó abeiro das inclemencias do tempo.


O pavillón-mirador, de planta cuadrada, estructura metálica e cerre de cidro, ubícase no centro dun férmoso podium de pedra existente na actualidade e que, ó adentrarse no mar, semella a proa dun barco constituido pola illa.

O pavillón constitúese como lanterna na proa deste barco fieteiro, deixando ó eu arredor unha terraza-deambulatorio para a estancia exterior do usuario.



SECCION TRANSVERSAL


Vista parcial da illa de San Simón.



Ermida de San Simón.



Ponte de unión entre as illas de San Simón e San Antón.



## ¿QUÉ OCURRE EN BETANZOS?

Javier Vizcaíno Monti  
Fernando Casqueiro Barreiro  
Arquitectos

104

A arquitectura construída e os proxectos que a fan posíble non son más que cristalizacións dun proceso creativo continuo que é o pensamento e o quefacer arquitectónico.

A obra non é más que a concreción nun lugar e nun tempo preciso, do devandito proceso de pensamento que busca desde xeito a súa propia definición.

Á hora de expoñer e enxuizar unha actuación cómpre, polo tanto, facer memoria dos elementos que a fixerom posible e aínda inevitable. Esta memoria é en si mesma un modo reflexivo de interese xeral.

As 40 vivendas de Promoción Pública que comentamos non son más ca unha actuación parcial da chamada 2.ª fase dunha actuación de construcción de 200 vivendas no Polígono da Condesa en Betanzos, da que a 1.ª fase de 98 vivendas xa fora construída seguindo as pautas dun trazado xeral con categoría de plan parcial que organizaba o terreo disponible en forma de chamado Polígono.

O terreo é unha zona marxinal do casco urbano de Betanzos delimitado pola Avda. de Fraga Iribarne que non é más ca unha estrada; a estrada a Mesón do Bento xusto ó lado da ponte das Cascas sobre o río Mendo, e a variante da estrada N-VI a través duns terreos de aproximación hoxe en edificación.

En definitiva o lugar a forza de illado, estaba rodeado a modo de castelo medieval e semellaba ser vocacionalmente un enclave cerrado sobre si mesmo.

Entendemos que unha actuación (calquera actuación) debería loitar contra esas condicións non reforzándoas senón eliminando, na medida posible, tan desfavorables características urbanas.

Deste modo sería necesario permeabiliza-los bordes, crear unha trama urbana recoñecible que ordenando o interior fora quen de se relacionar co entorno. Reforza-lo carácter urbano dos elementos preexistentes tales como aliñacións, vértices, bordes e edificacións a conservar, creando fachadas e perspectivas de escala urbana.

E por último, potenciar unha orde escalar de tránsito que aproxime o xeral ó individuo por medio de valoracións intermedias que levan desde a totalidade ata o detalle de cada un dos elementos que rematan conformándoa.

Nada máis lonxe disto que un polígono. A súa propia denominación xa apunta a unha figura cerrada e plana.

No momento de dar solución ás 40 vivendas (menos da metade da 2.ª fase que á súa vez era a metade da actuación da que xa se realizara o 50% e que incluía unha idea de ordenación xeral) non se obviaron ningún dos supostos anteriores, aínda que as condicións de partida eran más desfavorables e a incidencia final moito menos trascendente.


O existente a escala urbana fai honra ó nome de polígono e confórmase nun anel cerrado con vía de circunvalación despegada do viario existente por unhas estreitas faiñas de terreo e co que entra en contacto en dous puntos. Unha vez cerrado o entorno créase unha orde interna referida sempre a si mesmo, con leis precisas de trazado aínda que estas sexan difícilmente recoñecibles.

Elúdese en todo momento a conformación de elementos urbanos recoñecibles. Esquinias, fachadas, prazas, rúas, soportais, etc., desdebúxanse axustándose de xeito inexorable a unha lei de trazado previamente establecida e respetada con rigor encomiable.

Desde o punto de vista tipolóxico os bloques de vivendas por pisos en dúas alturas e baixo diáfrago sobre peares, cos portais e unha mínima dotación comercial exentos parece más ben aconseillable en situacións urbanas de alta densidade de poboación onde a liberación do solo é un valor altamente apreciado.

Unha ollada ás formas de asentamento autóctonas, a toma en consideración da densidade da zona e a situación da parcela xa descrita, indica maior entronque co vernáculo o tipo de vivenda individual en unha, dúas ou tres plantas, con fronte aliñada as rúas e planta baixa en contacto coa vía urbana, construindo o espacio e delimitando o público do privado, con diversos usos; acceso comercial, ou de garaxe (ou aínda cuadra), xa que non é residencial.





### Aliñacións Rasantes.

Congruente co principio de non definición específica dos elementos urbanos fragménntanse a composición axustando unha rasante distinta para cada bloque e áinda dentro deste, as ventás, xardíns e miradores avanzan e retroceden facendo difícil singulariza-los elementos de composición no conxunto. A coherencia con que esta actitude se mantén nas 98 primeiras vivendas dota a ese conxunto dun ambiente definido e recoñecible.

Pero ten como contraprestación ó noso xuizo, a desaparición dun valor anterior que a esta escala, 200 vivendas nun lugar relativamente pequeno coma Betanzos, debese ter primado: A relación ca preexistente e co que puidese construir despois con todo iso un tecido vivo, interrelacionable.

Propoñeráse un fragmento de vila, non unha vila, que atenda e constrúa rúas, canles, vistas, perspectivas urbanas, aliñacións, prazas, soportais, etc.

### Testuras, materiais, oficios.

A arquitectura pública xerada co diñeiro de todos a través dalgunha administración ten un valor exemplificador.

A ausencia dunha intención especulativa permite e aínda obriga á arquitectura de todos a abrir camiños que a construcción (case nunca chega a ser máis ca iso) en mans privadas non atende por medo ó novo e porque se faga o que se faga está vendido.

A recuperación de oficios arquitectónicos é outra das funcións inexorables para a obra pública dun pobo. Non coma arqueoloxía ou materia de museos etnolóxicos senón como nova sabia que revitalice e faga competitiva e puxante ante o futuro as tradicións culturais.

Reducir ó mínimo os costes de mantenemento dos edificios debe ser materia capital para calquera administración, posto que edificar dun xeito barato de forma inmediata, condonando a edificación a un inacabable proceso de reparación e mantenemento é canto menos unha falacia, ás veces unha estafa, e sempre un erro.

O paso do tempo debe, polo tanto, ennobreces-los edificios, fundidos co entorno, facelos parte da imaxe e a memoria colectiva, pero esta función non se cumple senón foi prevista.

### PRIMEIRA PROPOSTA

En virtude da reflexión anterior, recibido o encargo faise unha primeira proposta que, obviando as aliñacións e trazados anteriores, recolle os estandartes do Plan Parcial en canto as alturas, uso, volume construído, etc.

A proposta de carácter extensivo ás 100 vivendas que quedan por edificar, é acollida favorablemente, tanto polos servicios provinciais da COTOP, como polo Concello de Betanzos. De feito chégase a elexir cales das 100 vivendas serán as 40 construídas nesta fase.

#### Características da proposta.

Reordénanse as aliñacións interiores, para aloxa-las 100 vivendas que faltan por executar no barrio.

Nunha trama NS-EO, como a 1.<sup>a</sup> fase, implántanse ringleiras de vivendas unifamiliares.

Refórzanse as rúas existentes:

—Aliñación sensiblemente paralela á estrada Betanzos-Mesón do Bento.

—Ante o exíguo do fronte á Avda. Fraga Iribarne fragménntase a edificación en vivendas estreitas, do tipo vivenda do pincho, cun hastial a dúas augas a fachada por vivenda.

Refórzase a esquina da fronte das Cascas cunha torriña de 3 plantas.

A entrada ó barrio chegando desde Santiago refórzase cunha fileira en circunferencia que suxire a idea de porta, remate.

Internamente 2 eixos NS e EO.

O NS transcorre entre as dúas prazas creadas. O EO parte da estrada ó Mesón do Bento e vai ata un edificio dotalional que serve de charnela entre o xa edificado e o proyectado.

Unha nova rúa NS en sentido de máxima pendente do terreo permeabiliza áinda máis o tecido á circulación rodada.

Os tipos de vivenda serán relaboracións das autóctonas.

Unifamiliares dando fronte a dúas rúas, aliñadas formando fachadas continuas e definindo os espacios públicos. Cuberta a 2 augas.

Materiais. Muros portantes de granito rosa Porriño. Carpintería de aluminio lacado con vidro climalit, cuberta a dúas augas de pizarra, tella ou quizais uralita de cor.

Interiores de pintura clara picada, terrazo nos chans e alicatados en locais húmedos.

## SEGUNDA PROPOSTA.

Tra-la mencionada aceptación previa, prodúcese a taxante negativa do Concello de Betanzos a variar ningún dos aspectos do plan aprobado no seu día. A comunicación dos servicios técnicos é taxante. Non se poden move-las alíñacionis.

Neste momento entra a formar parte do equipo redactor o noso compañeiro Luis Francisco Freire.

Só podemos xa elexir onde construi-las 40 vivendas e encontrar unha tipoloxía que reforce as nosas intencións de principio.

Óptase por completa-la praza interior peatonal do barrio.

O problema respecto ó tipo que adoptaríamos plantéase ó teren un fondo de edificación de 17 m. e o desexo de facer vivendas individuais. Seguimos en Betanzos, proxéctase unha rúa interior de 3 m. o que nos permite facer vivendas de 5,5 m. de fachada, 7 de fondo e 2 plantas cun sobrado baixo a cuberta a 2 augas que ó cubriren 17 m. de fondo gaña unha altura suficiente para ser usada.

En planta baixa, comerciais cara a praza tra-los sotoportais, garaxes, accesos, etc.

Constrúense as esquinas, os chaflans, as entradas.


Arquitectura cunha forte carga figurativa. Didáctica, clara ata a evidencia.

Granito rosa Porriño, en cerramentos, cuberta de uralita negra e na rúa vidro armado, barato, sen mantenemento de limpeza.


Carpintería de aluminio lacado azul e vidro climalit.

Ó interior pinturas, terrazos baratos con un bo aparello e un xogo de tonos que o dignifica, calefacción central con caldeira individual por gas centralizado para o barrio. Confort e economía.

106




VIVENDA 3A  
PLANTA 1A




VIVENDA 4B  
PLANTA 1A


VIVENDA 3A  
PLANTA 2A





VIVENDA 4B  
PLANTA 2A




VIVENDA 3A  
PLANTA 2A






VIVENDA 3A  
PLANTA BAIXO  
CUBERTA







110



## CONCURSO PARA COMPLETA-LO BARRIO

Mediada a obra, a propiedade convoca un concurso de ideas para completa-lo barrio.

Ante a imposibilidade de con só 60 vivendas e coas limitacións da trama urbana existente, retoma-la nosa primeira proposta optamos por deixar apartada esa discusión para unha mellor ocasión e completar e adopta-la trama do proxecto orixinal de 200 vivendas para o barrio integrándoas nunha cidade fermosa que xa existe: Betanzos.




Estúdianse as tres posibilidades que se presentan áínda que optamos por presentar só unha, a (A).

As bases farán referencia ó valor do urbano como fundamental, e únicamente poñerá como condición a preservación do caserío existente nas proximidades da ponte das Cascas.

A alíñacion coa estrada ó Mesón do Bento, o vértice superior próximo ó acceso desde a N-VI sinalado cun edificio singular tamén de vivendas, e a xeración dun espacio interior que puidese ser chamado praza foron os eixos da investigación.

Os demais elementos serían os mesmos das 40 vivendas que estabamos construíndo.

Non puido ser.







# TERCEIRA FASE. POLIGONO DE AS CASCAS. BETANZOS

1.º Premio en Concurso de Ideas.


Xesús Cordeiro Rodríguez  
Antonio Dávila Alonso  
César Jiménez López  
Luis Mejide Rico  
Arquitectos

En ejecución.





Alternativa 3.º Premio





# GRUPO DE 176 VIVENDAS, LOCAIS COMERCIAIS E URBANIZACIÓN NO POLÍGONO DE VITE. SANTIAGO

Arquitecto: Manuel Gallego Jorreto

Proyecto: 1972-73

Execución: 1977-78

115

Corresponde este grupo de 176 vivendas a un proxecto encargado polo I.N.V. en 1972, de 312 vivendas, comerciais e urbanización no Polígono de Vite, Santiago de Compostela, que por diversas circunstancias non se pudo realizar na súa totalidade. O proxecto sufriu retrasos administrativos na súa execución e na súa ocupación. Ó pouco tempo da súa posta en servizo e despois de pequenas obras de acomodo dos usuarios, realizase un proxecto para o seu axuste á normativa vixente en materia de illamento, éste exercitase con urxencia. Moi posteriormente realizáronse obras de modificación dos espacios destinados a uso comercial. A pesar desta accidentada historia dos cambios e do seu mal uso provocado en gran medida pola súa composición social. O resultado aínda recorda a intención do proxecto: unha proposta clara de organización espacial.

## CONDICIONANTES

1. DO PROPIO ENCARGO. Sinalaba a obligatoriedade de axustarse á normativa T-102, T-86 y T-68 de Vivendas de Protección Oficial, indicando número de vivendas e porcentaxe de cada tipo.

2. DO PLAN PARCIAL. En xeral a Normativa do Plan, inducía á tipoloxía bloque aberto. Asimesmo, polo carácter monumental de Santiago, esixía galerías en fachadas e cubertas con tella.

3. PROPIOS DA PARCELA. Parcada perimetral do Polígono de forma estreita e forte pendente cun vial e uns aparcamentos situados no centro da mesma, condicionando en gran medida a súa utilización.

4. ECONÓMICOS. Evidentemente o carácter económico deste tipo de vivendas non só afecta á elección do sistema constructivo, senón tamén á ordenación e isto con independencia dos irreais módulos económicos oficiais.

## PROPOSTA

### 1. ORDENACION XERAL.

#### CRITERIOS:

a) Téntase enlazar na medida posible, o grupo de vivendas co núcleo veciño existente, diluindo no posible o carácter de fronteira do borde perimetral do Polígono.

b) Facer explícito o carácter unitario da execución.

c) Matizar e valora-lo espacio público en diferentes graduaciones de privacidade, organizándoo a través dun eixo —rúa baixo o edificio.

d) Desbota-la tipoloxía de bloque aberto ensaiando unha más acorde cos criterios anteriores.

Estes criterios van acompañados de aspectos más directamente relacionados coa sensibilidade da realidade na que están inmersos. Téntase dar resposta sensible a certos valores que creio descubrir no hábitat-rural próximo.

—Escala reducida.

—Matizadas e ambigüedad, en contraposicións co tan rudamente establecido e definido polo viario de urbanización.

—Insistencia nese peculiar carácter itinerante de certos espacios públicos galegos, onde aparecen as distintas valoracións matizadas secuencialmente.

### 2. VIVENDAS.

A través da organización da agrupación preténdese chegar ata a propia vivenda cunha ordenación coherente coa estrutura xeral elexida: cruxías simple, ponte e nexo de dous espacios.

Nelas ademais tívose en conta:

A) O desexo de eludir a tradicional distribución en zona de estar-comedor-cociña e zona de dormitorios cun dimensionado das diferentes pezas en superficies cásque equivalentes. Valórase a cociña e funcións que nela se desenvolven e replantease o concepto de galería (obligado por ordenanzas) nun sistema estructural reticular de formigón (sen os muros de carga tradicionais).

Lígase ésta o elemento de distribución e dependencia anexa, para que poida utilizarse a todo rendemento o seu carácter de regulador térmico, ó mesmo tempo que se establece a posibilidade de desconectala do resto da vivienda, illándoa.


B) Tívose moi en conta que o módulo económico do que se dispunha non ía permitir unha execución digna se non se cuidara conceptualmente a organización da construcción. Buscáronse sistemas normalizados, economía de estrutura de fachadas e mínimos gastos de mantenimento destas. Por iso desenvolveuse o Proxecto co sistema estructural prefabricado Structurapid e elementos de fachada prefabricados, ambos de execución na provincia, competitivos económico e xa experimentados.



Isto, levou a unha minuciosa normalización do Proxecto, tanto en vivendas como na forma de se agrupar. Ángulos constantes para traslacións en plano horizontal e alturas constantes (1,5 m. de rampas), para as traslacións verticais.

A normativa fixada (T-86, etc.), obrigou a levar ós ángulos as variacións de superficie dun tipo a outro de vivenda e non ós elementos comúns como parecía más lóxico.


O longo período de tempo que mediou entre a redacción do Proxecto e a súa execución cásque cinco anos, e a coincidencia coa crise económica, obrigou a reconsidera-lo sistema constructivo, que pasou a ser tradicional, debido ó peche das casas suministradoras de estrutura e elementos de fachada.

Plano de situación








ESCALA GRÁFICA  
0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 m  
ALZADO OESTE. PARCELA C-1



ESCALA GRÁFICA  
0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 m  
AXONOMÉTRICA  
PARCELA C-1





# ACTUACION UNITARIA. VIVENDAS E EQUIPAMENTO EN MONTECELO

OBRA DO PROYECTO

Arquitecto: Manuel Gallego Jorret

Proyecto: 1983-87

Lugar: San Pantaleón das Viñas. Paderne

## ENCADRE XERAL DO PROBLEMA PLANTEADO NA PROPOSTA

O problema da necesidade de vivenda no medio rural é un problema real e xeralizable a gran parte de Galicia onde estes municipios corresponden a áreas social e económica dinámicas (xeralmente municipios de costa ou de influencia de grandes ciudades).

Son múltiples as causas que xeneran este problema e é moi complexa a relación dos diversos factores que as condicionan.

De xeito esquemático poderíamolas agrupar en tres:

### 1. Mercado de solo:

A dificultade de atopar un mercado de solo rural homoxéneo, e o elevado custo deste tipo de solo, totalmente desproporcionado se o comparamos con outras áreas rurais.

### 2. Ordenación:

A carencia de propostas de ordenación, propositivas e que non se limiten a un mero conservacionismo do existente ou a continua-las súas leis e procesos de formación. A dificultade de axuste social e de xestión.

### 3. A estrutura rural existente:

O extraordinario minifundismo que vén dificultando a aplicación das normativas usuais no solo rural ou non urbanizables; así como o atopar parcelas que posibiliten outras actuacións. A difícil e costosa dotación de servicios.

E deste xeito xorde unha nova forma de asentamento ante a dificultade de atopar lugar posible para a vivenda no núcleo ou asentamento tradicional.

É frecuente que o problema se resolva procurando o lugar axeitado de forma individual co que os asentamentos van xurdindo espaciados, sen ningunha lóxica de relación, orixinando unha nova dispersión, un diseminado desordenado, xeralmente ó lado das vias de circulación ou onde xorde a posibilidade de compra. Outras veces emigrase ás áreas suburbanas das ciudades.

O problema ten múltiples connotacións que poñen en evidencia novas tensións sen resolver.

Na proposta trátase de posibilitalo desexo existente de se incorporar á vecindade do lugar de onde se é, de onde son os pais ou a familia.

De facilitar que se poida fixa-la poboación no seu lugar de orixen se o deseza.

Ó tempo que se dota de servicios comunitarios un hábitat rural, causa moi difícil ou imposible cando se desordena cun diseminado orixinado por pautas individuais

## PROPOSTA

Trátase da construcción de 15 vivendas unifamiliares, espacios de esparcimiento, equipamiento social (salón de actos, club, cafetería e biblioteca) urbanización e servicios para unha asociación de veciños, do lugar de Montecelo. Parroquia de San Pantaleón das Viñas. Paderne.

A experiencia acomete o intento nada frecuente de resolución de problemas reais do mundo rural: a creación de vivendas, a conseguinte urbanización e a dotación de servicios e equipamento, planteándoo non como algo exterior, senón polos propios interesados e para resolve-los os seus pro-

blemas. E é algo posible gracias a existencia dunha asociación de veciños, capaz, emprendedora e con experiencia xa no desenvolvemento de accións comunitarias importantes na parroquia.

O proxecto guíase a través de dúas ideas. A creación dun conxunto urbanizado de vivendas unifamiliares, de carácter abierto, sen diluirse no vexetal senón afirmándose como un conxunto construído.

E por outra banda, acepta-las propostas e pautas locais, rationalizando-as e ordenándo-as. É dicir, tentar arbitrar unha organización a través da realidade das pautas culturais existentes.

A experiencia supón, coa orde proposta, unha resposta colectiva e solidaria. Polo tanto, a operación constructiva, non só pretende minimizar uns costos no reparto dun terreo para obter unhas parcelas más asequibles, senón que pretende ordenalo espacio, creando espacio público e servicios, valorando e respectando o entorno e a natureza.

Dando importancia a aqueles elementos comúns que son de gran relevancia na imaxe global, tal coma peches, muros, pavimentos, distancias e alturas das construcciones, é dicir, as pautas comúns, as de convivencia que supoñen unha resposta aceptada colectivamente.

Este será o contido do proxecto. Por tanto máis que unha urbanización é un conxunto edificado, trama ou retícula de referencia comúns, sobre elas edificouse as vivendas e os espacios comúns. Non se supedita ó parcelario nin o viario existente.

Proxéctase unha trama —a ordenación xeral— que fixa as pautas comúns:

Espacios públicos, privados, equipamento, accesos. Trama que supedita a das parcelas e vivendas, coa súa retícula de apoio a outras funcións menores, alpendres, parras, etc.

Plantéase aceptando os tipos de vivendas existentes hoxe e aceptados polo tanto polos usuarios —vivenda unifamiliar illada, así como o modo de utilizarlo espacio, usando elementos da cultura tradicional— e da resposta tecnolóxica actual, tentando rationaliza-lo seu uso e arrequece-lo seu significado.

As vivendas illadas polas súas proximidades proxectáñse incorporando as distancias ós peches, o pecho transformase nun separador espacial. Sobre eles poderanse poñer parreiras, alpendres, pendellos, etc. Todo isto constitúe unha trama que ordena a vivenda e os seus espacios anexos que se supedita á trama xeral ordenadora.





O espacio da vivenda tamén é susceptible de cambios. Outra vez é o contenedor e as súas posibilidades as que se proxectan.


A experiencia completase coa autoconstrucción dos elementos comúns ou de parte deles. Xa existe a experiencia por parte da Asociación de Veciños.

A experiencia de gran interese para o autor móvese na difícil fronteira do control da obra inacabada que somete a reflexión o papel do arquitecto como ordenador e constructor de estructuras en diferentes escalas. En onde a dificultade maior está na confusión e na suplantación dos papeis nas decisións. De feito a obra xa presenta modificacións importantes no terreo do arquitecto.



OBRADOIRO





121





# EDIFÍCIO DO BANCO «BORGES & IRMÃO»

## BRAGA, 1979/85


José Gigante

Colaboração: M. Fernando Santos

Fotografia: José Gigante

PREMIO NACIONAL DE ARQUITECTURA 85

123



No centro da cidade Braga, um conjunto construído por acumulações sucessivas mas já bem sedimentado na memória da cidade.

Nele ocupando uma posição importante o edifício pré-existente é já inseparável dessa memória.

Um projecto para um volume de sete pisos previamente fixado, na substituição de duas unidades existentes —a primeira intervenção de choque, capaz de sugerir a destruição gradual de todo o conjunto.

A atitude tomada será, neste contexto, inevitavelmente crítica.

Numa procura desesperada de encontrar raízes se encontra o fundamento vital da imagem.

A fachada antiga, isolada como superfície visualmente assimilada, é o elemento mediador.

Pertencendo à imagem do lugar, é agora apropriada como parte integrante da composição.

Expressa como membrana declaradamente falsa, determina as principais tensões que moldam o pano de vidro justaposto, sugerindo a métrica que o disciplina.

A cumplicidade entre as duas fachadas é assim escolhida para tema e evidenciada na própria escolha dos materiais.

O pano de vidro de modulação regular e sem elementos de destaque permite realçar a superfície pré-existente, mantendo-a bem presa no movimento dos planos.

Um pormenor tipo, adaptado circunstancialmente às várias situações segundo regras constantes, é no fundo o refúto onde se condensa a concepção de uma superfície cuja transparência é denúncia deliberada da estrutura de betão armado que a suporta.

A consistência do detalhe não se esgota nele próprio — está essencialmente na garantia de coerência do todo.

Isolada mas íntegra, a fachada antiga conserva todos os elementos de detalhe que lhe dão forma, tanto no exterior como no interior.

Três materiais dominantes percorrem o espaço interior da agência bancária e da caixa de escadas que conduz aos andares: o mármore, o estuque e o latão.









A relação entre eles baseia-se em princípios de composição e detalhe generalizados ao conjunto e circunstancialmente adaptados às situações que resolvem.

Um quarto material, a luz, é o elemento complementar.

Nos desencontros da cidade se desenha o compromisso.


Na cumplicidade entre as duas fachadas.





**LEGENDA**

- TERRO DECARADO A JATO DE ÁREA (BRAN) E METALIZADO A 80 MICRÔMETROS.
- COMPRESSÃO.
- EXTRUÍDO MÁSTIC TIPO "TALMENT ORO" (ARAL).
- VIDRO DE 6 MM BAF.



«Babilonia e Nínive eran de ladrillo. Todo Atenas era de douradas columnas de mármore. Roma reposaba en anchos arcos de mampostería. En Constantinopla os minaretes brillan como enormes cirios arredor do Corno de Ouro... Aceite, vidro, formigón, serán os materiais dos rañaceos. Amoreados na estreita illa, edificios de mil ventás xurdirán resplandecentes, pirámide sobre pirámide, brancas nubes porriba da tormenta...»

*John Dos Passos*

«E imposible defini-lo ambiente de New York. Despois de vivir en Roma, París ou Berlín durante un ano, considero que podería definir estas cidades... pero non intentarei facer unha definición de New York... ten unha enorme forza que vén da soildade, do éxito... E unha cidade onde se proxecta un mundo novo cada día, onde as cousas se transforman cunha facilidade increíble... New York corresponde á enerxía do fin dun milenio onde todo se fai e se desfai. Repticións académicas de fórmulas antigas. Faise e desfaise. Nesta cidade danse cita a historia co seu fito e a anti-historia...»

(Fragmento dunha entrevista realizada por Pilar Corredoira a Jorge Castillo)

## A FORZA DA SEDUCCIÓN

**Pedro de Llano**

Anoitece nos peiraos da South Ferry cando o transbordador solta amarras para dirixirse cara ó enorme farallón de aceiro e cristal do Lower Manhattan.

Un gran disco vermello vai desaparecendo, cara a New Jersey, tras dos novos e brillantes alminares onde, unha tras outra, van prendéndose millóns e millóns de pequenas luces.



Jorge Castillo  
Paintings in New York  
Financial District 1988  
177,7 x 152,4 cm.

O espectáculo desde o revolto e aceitoso punto onde se xuntan as augas do Hudson e o East River resulta sobrecolleedor. O horizonte de Manhattan é, sen dúbida, unha das más fermosas paisaxes urbanas que ollos humanos teñan contemplado.

En medio do estrondoso zunido da súa imparable actividad, a imaxe da cidade, dos seus volumes e luces, do seu tan mentado «skyline», comunica unha forza, unha vitalidade que ningún poderá esquecer mentres viva.

Despois dun breve paso por Manhattan —cando chega a hora do regreso— e á vista da illa, teimo, unha vez máis, nunha pregunta que a piques está de converterse nunha obxectiva: ¿onde está a beleza de New York?

Recordo que a súa literatura aparece chea de referencias a súa fealdade e releo no meu carné de notas algúnsas frases anotadas antes da miña viaxe: «Vin a New York —di Paul Ausler— porque é o sitio más desplorable que poída existir, o más abyecto. O desastre está en todas parte, a desorde é absoluta. Non hai máis que abri-los ollos para velo. Xente destrozada, cousas destrozadas, ideas destrozadas. A cidade enteira é unha morea de lixo...». «Xamais na vida —afirma Martín Ames— poderán limpar, nestes tortos desfiladeiros, tódolos eructos de camión e tódolos peidos de coches que burbullan cara a arriba formando nubes de aceite, ácido e refixerante de motor...». New York —di James Baldwin— debe se-la cidade más fea e sucia do mundo. Debe se-la que ten edificios más espantosos e xente más perversa...». ¿É certo todo isto?, quizais sexa certo... pero, e a pesar de todo, New York é unha cidade cunha incomparable belleza.

Di a tradición académica que, un día, nos ensinaron ós aprendices de calquera das ramas das Belas Artes que a fermosura dun obxecto, dun corpo ou dunha paisaxe está na relación harmoniosa percibida no conxunto das súas partes, na boa disposición das partes entre si. Ningún, por moita que fose a súa boa vontade, podería afirmar que a relación entre a cidade de New York e a natureza sexa harmónica, como tampouco ningún podería sostener que a relación entre as distintas partes da cidade e a súa totalidade sexa un exemplo de consonancia... pero, aínda así, esa enorme mole que rapidamente se vai achegando a mi, segue a ser unha cidade dun indescritible encanto...

#### ¿ONDE ESTÁ A BELEZA DE NEW YORK?

Describi-la beleza dun cadro, dunha ópera, dunha novela ou dun poema... pode resultar relativamente fácil para aqueles que dominan o seu vocabulario. Describi-las impresións recollidas dunha cidade é —tal como estou comparando cando fago unha valoración das miñas impresións no meu encontro con New York— e algo infinitamente más complexo. As cidades son un patrimonio cultural común a todo aquel que, permanente ou ocasionalmente, as vive. Cada un de nós as percibe desde as súas propias vivencias, mantendo delas recordos parciais dunha diversidade de impresións: olfativas, coma o olor do azar en Sevilla, ou o recendo do mar en Donosti...; auditivas, coma o chirrío dos tranvías do Roció ou o son das campás de Notre Dame...; visuais, coma as imaxes de espacios coa personalidade dos canais do antigo Amsterdam ou a potente silueta dun Mont Saint Michel... Ái, quizais, está o segredo máxico de New York. A impresión que retemos do seu mundo non é más ca unha suma de sensacións, de emocións, que conforma un resultado final único que pouco ten que ver con cada unha delas illada do seu contexto. Só así é factible explicar que unha cidade sucia, conxestionada, contaminada, caótica... poída chegar a seducirnos.

Mais... difícilmente poderíamos afirmar que cada unha das impresións teña a mesma importancia á hora de fixalas peculiaridades dominantes da imaxe dunha cidade. As cidades definianas, esencialmente, as súas xentes e o seu xeito de vivir uns espacios urbanos cunhas peculiaridades irreptibles. Uns espacios que, en último termo, definen, a través da súa arquitectura, unha peculiar relación entre o home e o medio, converténdose no aspecto predominante da nosa percepción.

¿Poderíase dicir que é o mesmo unha cidade fermeza ca unha cidade cunhas fermosas edificacións? A través dos medios de comunicación a nosa sociedade ten chegado ó convencemento de que en New York está o corazón da nosa arquitectura contemporánea, ¿estarán aí, talvez, o segredo da beleza de New York?, ¿será o seu, o caso dunha espantosa cidade cunha brillante arquitectura...? Podo asegurar que este non é o caso... tampouco está o feitizo de New York na presencia dunha maravillosa arquitectura, aínda que nas súas singulares edificacións estea unha boa parte do mesmo.

¿Onde está logo, a beleza de New York? O seu rastreo na lectura dos trazos característicos más dominantes e profundos das cidades, das súas actividades e da súa arquitectura, coido que pode resultar unha tarefa excitante para calquera que o procure.

Facer unha lectura de Manhattan, ese descomunal bosque de formigón e vidro froito dun longo e caótico proceso arquitectónico, que con tódalas súas contradiccións, chegou a configurarse nun fito fundamental da historia da nosa cultura contemporánea é, sen dúbida, unha experiencia única.

127

#### CIDADE DE CIDADES

O universo desta alongada e estreita illa artificial de vinte e catro quilómetros de lonxitude, lonxe de conformar un conxunto homoxéneo que definiría unha cidade, más ou menos uniforme, afírmase como a suma de distintas áreas urbanas, cunha morfoloxía física e socialmente similar, que pola súa diversidade poderían facernos pensar en moitas cidades distintas e distantes.

Moitas cidades nas que observamos un xeito de vida e unhas actividades homoxéneas; uns espacios, unha paisaxe urbana e unhas tipoloxías arquitectónicas análogas que dan á área unha fisionomía e unha personalidade perfectamente definida:

O lexendario Village da contracultura. O Manhattan de Twain, Poe, Steinbeck, Kooning, Rothko, Keorouac ou Gimsonberg. Unha pequena cidade provinciana, de serpentinas e apacibles rúas, inxenuamente enchoupada nunha entrañable arquitectura que, aínda hoxe, pode facer posible que os seus habitantes parezan alleos ó enorme monstro que os rodea.

O Financial District. O Wall Street dos triunfadores, coas súas estreitas, estreítissimas, e escuras rúas convertidas en kafkianos desfiladeiros onde, cada día, centos de miles de pulcros e estresados yuppies loitarán, ata máis alá das súas propias forzas, por continuar escalando a empinada e dura parede que leva ó «éxito».

O vello e estartelado «guetto» do Lower East Side, cos seus vetustos e vermellos «tenements» —que, xeración tras xeración, foron dango abrigo a novas e diversas ondas de inmigrantes irlandeses, alemáns, italianos, xudeus...— nos que aínda podemos encontrar un sinfín de «grafitis» tralos que, quizais, puido, un día, esta-la man dun Basquiat ou dun Keith Haring.

